


A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Núm. 19 [2016] • ISSN 1139-921X



A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 19 (2016)

2016

Fundación Cultural da Estrada
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

miscelanea.aestrada.com

Director

Juan Andrés Fernández Castro

Coordinador editorial

Juan L. Blanco Valdés

Comité de Redacción

Juan L. Blanco Valdés | José Manuel Castaño García | María Xesusa Fernández Bascuas | Manuel Mosquera Agrelo.

Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Francisco Díaz-Fierros Viqueira | Víctor F. Freixanes | Xosé Neira Vilas (†) | Xosé Manuel Núñez Seixas | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres Luna | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2016

Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Aptdo. 78

36680 A Estrada

www.museo.aestrada.com

www.miscelanea.aestrada.com

Tradución de abstracts

Alexia Estraviz Loureiro

alexiaestraviz@gmail.com

Ilustración de cuberta

Sepulcro de dona Tereixa Vázquez e
a súa filla Tereixa de Junqueras.

Capela de S. Antonio, Pazo de Oca,
A Estrada (Pontevedra).

Debuxo de Javier García Gómez

Deseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas Román

Impresión

Gráficas Sementeira, S.A.

Chan de Maroñas, 2

15217 Obre - Noia

Dep. Legal: PO 188-2016

Índice

- 9 | Xosé Neira Vilas, a gran memoria de Galicia
José Miguel Alonso-Giráldez
- 19 | Pregón de Lamela (2016) e lembranza de Manuel Reimóndez Portela no seu centenario
Alfonso Varela Durán
- 23 | Manuel Reimóndez Portela, unha homenaxe á Estrada
Silvia Alende Castro
- 55 | A primeira comunicación viaria (1928) da parroquia estradense de Sabucedo
Manuel Cabada Castro
- 71 | A igrexa nova de San Xiao de Guimarei (A Estrada, Pontevedra) e o mestre de obras Andrés Fontaíña
Juan Andrés Fernández Castro
- 79 | Ampliación do catálogo de reloxos de sol no concello da Estrada
Luis Manuel Ferro Pego
- 89 | Fundación del patronato de Nuestra Señora de la Presentación de la iglesia de San Estevo de Oca (A Estrada, Pontevedra)
María Isabel Leyes Borrajo
- 107 | Concelleiros estradenses II. Etapa franquista e predemocracia (1939-1979)
Gisèle Maisa Rodrigo
- 159 | Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes (c. 1635-1699), e a súa descendencia
José M. Bértolo Ballesteros

- 205 | A capela da Algaria: devoción barroca e mecanismo de xestión económica dun patrimonio rural
Damián Porto Rico
- 241 | Evolución da talla media dos estradenses entre 1920 e 1990
Chus Fernández Bascuas
- 255 | Publicidade na prensa local nos inicios do século XX. Os diarios *El estradense* e *El emigrado*
Carlota Brea Fernández
- 261 | Os sepulcros de Esteban Junqueras e da súa esposa Tereixa Vázquez na capela do Pazo de Oca
Javier García Gómez

In memoriam




Foto: Anxo Cabada

Xosé Neira Vilas
(1928-2014)



Xosé Neira Vilas, a gran memoria de Galicia*

José Miguel Alonso-Giráldez
giral@udc.es

Resumo. Xosé Neira Vilas é todo un símbolo da importancia da escrita memoria-lística en Galicia. A súa literatura, vital e prolífica, é un exemplo perfecto dos nosos vencellos coas raíces rurais e coa cultura popular.

Abstract. Xosé Neira Vilas is a real symbol of the importance of memoirs writing in Galicia. His vital and prolific literature is a perfect example of our ties with rural roots and traditional culture.

A Pepe Neira Vilas, en lembranza da súa amizade e da súa paixón pola lingua

Por suposto, coñecín a literatura de Xosé Neira Vilas desde sempre. Non lembro o día en que lin algo escrito por el por primeira vez. El sempre estivo aí, dunha ou doutra maneira, nunha distancia que se facía moi curta a través do teléfono, do correo electrónico, ou do correo ordinario. Neira Vilas era dos que aínda cría na escritura a man, a caligrafía que na páxina en branco se movía como unha sucesión de ondas, como a masa dun océano, posuidora de memorias dispares, próximas e afastadas, pero aínda co arrecendo dos días de infancia. En Neira Vilas cumpríase o dito de que a infancia é a verdadeira patria. Aínda que despois tivo outras patrias de adopción, e en todas elas deixou unha pegada fascinante que perdurará moito tempo. Neira Vilas cría no papel, na letra fermosamente danzarina, coñecía

* Unha versión máis breve deste texto foi publicada en *El Correo Gallego* o 18 de outubro de 2015.

a maxia daquilo que se podía tocar por humilde que fora, porque a literatura estaba nel intimamente unida á experiencia, ao goce de estar vivo, ao pasar dos días, á mansedumbre de quen espera sempre, sen retroceder, sen perder a enerxía. Non lle abandonou o desexo de facer cousas até o instante final. E o fillo de labregos completou o círculo dunha vida que lle levou alén do mundo, e fíxoo no mesmo lugar no que nacera, no útero vexetal de Gres, no lugar da quietude dos primeiros días, tamén da necesidade do tempos difíciles, o lugar dos soños. Véxome agora na tarde do seu enterro: a igrexa abaixo, a casa preto, contemplando o adeus. E un silencio amable, e un aplauso. Tivera unha desas longas conversas de teléfono con el (unhas cousas levábanlle a outras, a súa paixón pola lingua, pola comunicación, polo coñecemento, era inquebrantábel), apenas uns días antes. Algún dos seus entusiastas correos electrónicos mesmo quedou sen contestar, e quizais a miña resposta serodía voará co vento cara ao infinito. O día despois da súa morte (que sucedeu un 27 de novembro), escribín nos xornais algo semellante a isto:

Juan Cruz di que só existe o recordo. E se o recordo desaparece, desaparece o mundo. (...) Pensei en todo isto mentres me falaban da morte de Xosé Neira Vilas na súa vila natal de Gres. Sentínme mal, porque nas últimas semanas mantivera moitos contactos con el sobre os seus libros recentes: a súa voz alegre, a súa risa, aínda soa nos meus oídos a través da liña telefónica. (...) Neira Vilas foi o señor dos recordos deste país. Foi quen de restituír o espírito da terra desde a gran memoria, sen solemnidades. Erguéndose desde a terra traballada coas mans. Non hai traballo máis digno que o dun labrego. Tampouco máis que o dun campesiño das palabras. E el érao. Nunca deixou de selo. El limpou os edificios da vella memoria, como André Malraux os edificios nobres de París, fixo presente a voz tantas veces perdida da emigración, trouxo as palabras puras, arrincadas a golpe de aixada da terra. E todo para construír o futuro, porque a lingua é memoria. “Por que toda esa obra, Pepe?”, dicíalle. “Para lembrar”, respostaba. Porque se desaparecen os recordos, desaparece o mundo.

Case un ano despois do pasamento de Xosé Neira Vilas, cando isto escribo, leo con avidez algúns dos libros fundamentais da súa obra monumental. A escrita de Neira Vilas, é, sen dúbida, un monumento memorialístico e literario incomparable, que nos constrúe como país. É tamén un excelente material didáctico, algo que lle preocupaba sempre. El, que aprendeu a profesión de *escribidor* en Buenos Aires, aínda que escribise desde neno, el que tentaba coñe-

celo todo, abarcar todo o coñecemento posible, transplantado como quen di, dun só golpe, da aldea e a lama a unha cidade inmensa de ultramar, sabía moi ben a importancia de aprender e explicar todas as cousas do mundo, desde as ferramentas da labranza ás técnicas para escribir un conto. Neira Vilas é un gran transmisor de coñecemento e de emocións. Na súa literatura cabe todo o país, cabe todo un século, cabe todo un planeta. É local e global, aldeán e universal, como aquel Patrick Kavanagh. Volver sobre *Aqueles días de Moncho* supón, está claro, volver tamén a Balbino, e á historia primixenia que lle colocou no mundo literario, xa en Buenos Aires. Pero Neira Vilas é moito máis que iso. Os recordos de *Días de Cuba*, ou os dese libro magnífico que tanto lle gustaba a Neira Vilas, *Os anos da Arxentina (1949-1961)*, cos textos recuperados por Nora Longhini, o libro que agora teño nas miñas mans, reflicten unha extraordinaria peculiaridade da escrita do autor de Gres, algo que el acadara cunha mestría admirable: falar do máis pequeno, do máis íntimo, do máis doméstico, coa mesma facilidade e a mesma relevancia que o fai de todos os intelectuais, artistas e escritores, cos que construíu a súa vida, e a de Anisia, en Arxentina, ou en Cuba. Todo atopa o seu aco modo, todo encaixa sen artificios, quizais porque Neira Vilas escribe coa sinxeleza do mestre, coa verdade de quen conta e reconta o vivido, coa verdade de quen deixa falar á memoria. O seu gran labor cultural e literario é indivisible, a pesar de pertencer a varios escenarios, paisaxes e épocas. Todo é un longo río, un continuum perfecto, trazado cunha paixón que non cedeu un chisco até o último día.

De toda esa obra monumental que explica a Galicia toda de máis de cen anos, que reconstrúe o seu tecido cultural e sentimental, aquí e en América, estou orgulloso da miña tradución ao inglés, xunto ao profesor australiano Roy Boland, dun dos seus contos: *Entroido*, para a *Anthology of Galician Literature*, editada por Jonathan Dunne (Galaxia, Xerais, Xunta de Galicia). Xa saben: “Era domingo de entroido. Pola noite, vestínme coa roupa de garda e baixei. Andiven por Talcahuano até chegar a Corrientes...”. É unha pequena e modestísima achega, pero grazas a ela sinto que algo puideron contribuír a espallar o seu maxisterio literario no mundo, como outros moitos

fixeron, el, que soubo combinar como ninguén o local e o universal, porque sabía moi ben que ambas as dúas cousas eran o mesmo.

NOTA BENE

Co motivo da reedición de *Aqueles anos do Moncho*, escribín un texto que, con lixeiras variantes, reproduzo agora. Un texto no que se analiza a importancia de Neira Vilas como gran construtor da memoria de Galicia e no que se recollen tamén frases dalgunhas conversacións que mantiven con el, particularmente unha conversa telefónica que ben puido ser a súa última entrevista. O texto está escrito en presente, antes da morte do escritor, e por mor de manter viva a súa presenza entre nós, preferín non reescribilo agora como se fose unha cousa do pasado.



É difícil, por non dicir imposible, atopar un símbolo vivo da memoria de Galicia comparable á figura do escritor Xosé Neira Vilas. A súa asombrosa produción literaria recolle todo tipo de experiencias de Galicia e de América, da súa infancia e dos seus anos maduros, da ficción e da realidade máis estrita e insobornable. Neira Vilas escribiu practicamente sobre todo o que se pode escribir. Sobre asuntos moi unidos á súa propia e apaixonante biografía, e, como recalca unha e outra vez, mentres falo con el, “sempre en lingua galega: non quixen escribir nunca noutra lingua”. É un dos seus grandes orgullos como escritor.

A memoria é un asunto principal en Galicia. É a memoria a que nos constrúe inexorablemente, porque somos un país que non se desprende de recordos e vivencias, aínda que sexan traumáticos, como lle ocorre, por exemplo a Irlanda. Hai un profundo vencello con ese mapa e con esa paisaxe que habemos de ler, como dicía o poeta John Montague en Irlanda (*The Rough Field*) “coma se fose un manuscrito”. A memoria é quizais parte da saudade, da morriña, da nostalgia, que tanto nos caracteriza. A necesidade de ter presente a paisaxe da infancia, a vida doméstica, a natureza en estado puro das aldeas de entón, é unha constante. E a fermosa sensación de que

todo era auténtico. Esa necesidade disparouse coa a emigración: na diáspora, Galicia fabula sobre a súa condición de país, a súa identidade inviolable, a súa construción nacional. Tivo que reconstruír o edificio da memoria desde o exterior, en gran medida, xa fose polo exilio político ou pola emigración provocada polas necesidades económicas. De novo, o reflexo de Irlanda, tan querida polos membros da Xeración Nós, que lle dedicaron tantas páxinas emocionadas, parece inevitable.

No faltan en Galicia polígrafos que escribiron abundantemente sobre a súa experiencia vital, que nos fixeron viaxar a través da súa propia memoria a momentos diferentes da historia. Como sucede con John McGahern en Irlanda, a vida de moitos escritores serviu para elaborar unha completa narrativa como país. A verdade é que somos profundamente autobiográficos. Temos grandes contadores de episodios do noso pasado, construtores da árbore da memoria desde unha mirada doméstica e persoal. E aínda hoxe moitas editoriais publican libros memoriosos, libros que nos devolven, a través do texto e das imaxes, todo o que un día fomos, todo o que nos fixo dano e todo o que alentou os nosos soños.

Xosé Neira Vilas segue moi activo na súa asombrosa tarefa memorialística. A biblioteca que leva o seu nome, en Editorial Galaxia, é unha viaxe á nosa propia historia, ao corazón do século XX rural, onde están as súas raíces, e, por suposto, á experiencia dunha emigración en Arxentina e Cuba na que se reconstrúen episodios fundamentais da evolución da nosa cultura no exterior. E da propia vida cotiá da emigración en dous países emblemáticos. *Días de Cuba*, ou *Os anos da Arxentina (Textos recuperados por Nora Longhini)*, ambos tamén en Galaxia, son dous exemplos magníficos desa recuperación da memoria deste país en América, unha narrativa da que non podemos prescindir para construír a nosa identidade, pois, que dúbida cabe, somos en gran medida o que fomos máis aló das nosas fronteiras, alén mar.

Neira Vilas non só reivindica a lingua galega como un elemento imprescindible para a construción cultural, senón que reivindica cada un dos pasos que os nosos intelectuais deron, alá onde se atopaban, as súas emocionantes contribucións ás veces en circunstan-

cias difíciles: e por iso narrou a súa peripecia en libros incontables, o gran gozo de facer cultura no grande e no pequeno, ou o gran gozo de lembrar o que outros fixeron. Hoxe, nas ribeiras feraces e sacras do río Ulla, no seu Gres natal, ao que regresou, Neira Vilas non parece un home canso, e moito menos, afastado da realidade. Ao contrario, a súa produción literaria e cultural continúa a ser tan dinámica como o foi nos últimos anos. En poucas datas, un libro de corte experimental aparecerá en Galaxia (*Romaría de Historias*, 2015). E algunhas das súas obras, que viron a luz hai décadas, están a ser recuperadas, como sucedeu con esta visión da guerra civil nunha aldea de Galicia, *Aqueles anos do Moncho*, que acaba de aparecer hai apenas unhas semanas. “É un libro que cumpre agora corenta anos porque foi escrito en A Habana en 1975. Publicouse primeiro en Akal, na colección Arealonga. Trouxen o manuscrito e entregueillo en Gres a Xesús Alonso Montero. Despois tivo moito éxito en Cuba, cunha edición en castelán, naturalmente, de 60.000 exemplares no ano 1982”, explica Neira Vilas (como di, tamén, no limiar). *Aqueles anos do Moncho*, que foi Premio da Crítica española en 1978, recolle unha mirada doméstica sobre a terrible pegada da guerra civil. “É unha mirada indirecta, está claro”, di Neira Vilas, “porque como é coñecido en Galicia non houbo combates. Pero aínda así houbo moitas cousas, demasiadas, que lembraban a guerra”. Para o escritor de Gres, a autenticidade da narración memorialística está sobre todo na recuperación da vida rural e a cultura popular. “Eu volvíñ á vida rural e á cultura popular. É o que quixen facer. A memoria está moi unida ao recordo da linguaxe, ao que aprendiches nos primeiros anos. Eu son un falante natural en galego, mamei o galego desde o berce... E tardei moito en aprender castelán, diría que tiven contacto co castelán a partir dos sete anos, xa na escola”, explica Neira Vilas. E sen dúbida, nótase. A calidade lingüística agroma das mesmas raíces, nunha zona, como el di, especialmente rica desde o punto de vista léxico e sintáctico.

Seguramente, a reconstrución do noso relato identitario, a través dos tecidos da memoria, non pode facerse se non se respecta a autenticidade da linguaxe que, para o autor, agroma absolutamente do pobo. *Aqueles anos do Moncho* é un exemplo magnífico desta lin-

guaxe, moi rica, pero tamén moi característica dos personaxes que habitan a novela. O labor de recuperación memorialística alcanza así o valor da autenticidade. Neira Vilas cre que só pode facerse desde a experiencia vital, aínda que reconece que autores moito máis novos que el tamén lograron reconstrucións literarias da Guerra civil en Galicia, por exemplo, de gran valor. El reivindica a experiencia, a naturalidade da linguaxe, a vivencia directa que o seu ano de nacemento, 1928, lle permite. A comunión da linguaxe e a memoria, pois a memoria se constrúe con palabras (ou con imaxes que se narran con palabras) alcanza aquí unha importancia decisiva. “Moncho non é Balbino, porque vai máis atrás. Balbino é un personaxe da posguerra que, eu creo, representa moi ben o seu tempo. Ademais Moncho non fala en primeira persoa. Tratábase de reflectir os ecos da Guerra civil, porque son os ecos o que nós tivemos alí. Hai moitos elementos autobiográficos, como os hai en *Cartas a Lello*. A sustancia desta novela é xustamente o pequeno. As pequenas cousas son as que nos constrúen, é o que me gusta contar. É a nosa vida cotiá. Eu son de aldea. Para min, era necesario describir como era a xente de aldea, como era naquel momento. E iso é a memoria, finalmente. Creo que non hai unha novelística rural galega propiamente dita que o conte”, sinala Neira Vilas.

O que percibimos en *Aqueles anos do Moncho* é, efectivamente, o eco da guerra: as noticias dos que morren no fronte, algún do propio lugar, o medo ás delacións, ás extorsións e ás vinganzas. A desconfianza, o terror veciñal. Pero todo iso está envolvido na sinxeleza e naturalidade dunha vida rural edificada sobre a familiaridade, sobre a paisaxe, sobre a terra. A política non se impuña do todo sobre a vida. Os veciños tentan continuar coas celebracións, defenden o galego por encima de todo, aínda que hai un instante no que a mestra anuncia que xa non se poderá seguir utilizando na escola. A morte ábrese paso nalgúns lugares, a pobreza non agosta de todo a alegría natural de estar vivos. E mesmo percibimos aquí a chegada dos guerrilleiros, escondidos no monte, un dos relatos rurais da Guerra civil máis coñecidos, o relato do *maquis*. Todo pasa polo texto de Xosé Neira Vilas, pero, finalmente, é a mirada dun neno de nove anos, que non pode entendelo todo, o que conta.

Todo pretende reflectir a realidade de entón, é unha recuperación daqueles días. Pero algún personaxe, como Pilara, está rodeado dun certo halo de realismo máxico. “Indiscutiblemente”, admite Neira Vilas. Poderíamos dicir que Galicia é un lugar perfecto para pór en marcha os mecanismos do realismo máxico, mesmo en reconstrucións memorialísticas, xa que todo o que lembramos non é exactamente como foi, senón que o tempo, e a nosa propia mente, vaino modelando. “Creo que me influíu moito a literatura latinoamericana”, admite Neira Vilas. “Estiven moi preto deles. Coñecía a algúns moi ben. Fun amigo persoal de Carpentier, tratei algo a García Márquez... Así que algo de impregnación daquel barroquismo lingüístico e literario sempre queda. Carpentier adoitaba dicir que en en Latinoamérica había que ser algo barroco. En Europa unha árbore é unha árbore. Pero en América é algo máis”, explica. A pesar da fidelidade dos recordos, como dicimos, a reconstrución das memorias, ou das autobiografías, non se axusta sempre enteiramente á realidade, non só porque hai elementos de ficción, senón porque a nosa percepción non sempre é exacta. “Bueno, é unha novela. Claro que hai ficción. Pero o de atopar unha arma escondida entre o millo, como aquí ocorre, ou descubrir unha escopeta agochada, non é nada da ficción. É absolutamente real, claro está”, subliña.

No seu extraordinario traballo como memorialista, Neira Vilas admite que as lembranzas da emigración alcanzan un grao de importancia semellante aos seus recordos de infancia. “Fixen moitos traballos que non tiñan que ver coa ficción. Estiven, como sabes, 43 anos en América. Nese tempo escribín uns dezoito libros sobre o papel dos galegos na emigración, como *Castelao en Cuba*, por pór un exemplo. Logo está toda a ficción, evidentemente. Todo en galego. Creo que tiña un galego máis rico cando volvíñ que cando marchei”, engade cun sorriso. Así que hai unha parte de memoria de aquí, a que viaxa á infancia, á Guerra civil, á posguerra, á aldea, aos labregos..., e outra parte sobre toda a monumental memoria da emigración, tanto literaria como documental, a través da investigación de personaxes galegos en América. E a través de varios libros autobiográficos, como os que mencionabamos antes ao redor das súas múltiples experiencias e traballos en Arxentina e en Cuba (*Días de*

Cuba, etc). É dicir, un traballo case interminable que resulta fundamental para entender a historia da Galicia dos últimos cen anos.

A reconstrucción da memoria de Galicia conta con numerosas achegas académicas. Desde a Universidade leváronse a cabo traballos etnográficos de gran valía. No entanto, a visión do escritor, a reinterpretación da cultura popular, é un eixo básico á hora de completar a información sobre o noso pasado. “As aldeas, o mundo rural, parécenme moi importantes para entender como somos”, di Neira Vilas. Para el, como demostrou ao longo dunha obra moi prolífica, o rural foi unha fonte extraordinaria de coñecemento, sobre todo pola súa autenticidade. “Lembras, escribes... Pero mira, un sempre volve á raíz... Á orixe. Non hai moitos escritores criados na aldea coma min, non ten mérito especial..., pero é así. Por iso dicía que non hai moita novela realmente rural.... ¿García Barros quizáis? Bueno, pois si, García Barros. Pero a maioría vén de universitarios, xente das cidades, con outra formación. E ás veces cunha sintaxe moi española... Eu crieime en galego, non teño mérito por usar esta linguaxe... É a miña. A cultura popular da aldea é moi forte. Que non se esqueza”, conclúe.



Pregón de Lamela (2016) e lembranza de Manuel Reimóndez Portela no seu centenario

Alfonso Varela Durán

Resumo. A romaría de San Marcos, celebrada na silledense parroquia de Lamela (Pontevedra), serve de excusa ao autor para entoar unha loanza non só a aquelas terras privilexiadas senón tamén á hospitalidade das súas xentes amables e laboriosas. No mesmo texto lémbrese, no centenario do seu nacemento, a inesquecible figura do doutor don Manuel Reimóndez Portela, que tantas veces percorreu aquela parroquia estudando cruceiros e levando saúde aos enfermos.

Abstract. Festivities of St Mark, celebrated in Lamela, parish of Silleda (Pontevedra region), are an excuse for the writer to sing a praise, not only to those exceptional lands but also to the hospitality of their people, kind and hardworking. In the birth centenary, this text also remembers the unforgettable figure of Mr Manuel Raimóndez Portela, who so often went all over the parish to study the crossings and to cure sick people.

Resulta moi ledo para min ser hoxe o pregoeiro desta Romaría Gastronómica, enxebre e relixiosa, que os veciños de Lamela organizan na honra de San Marcos Evanxelista. Agradezo ao meu bo amigo Miguel Villar –home cordial e amable onde os haxa– a oportunidade que me brinda de falarlles neste lugar acolledor e ameno, rodeado de xente amiga.

Lamela, terra fértil e fermosa entrou dende hai uns poucos anos na modernidade cun rural ben estruturado, cun perfil de pequena vila, como o proba o seu excelente trazado urbano, con novos e modernos edificios, con bares e restaurantes ben acondicionados e unha florecente industria, como a de maquinaria agrícola dos Hermanos Villar, das mellores de Galicia, ou a industria de González, onde se fabrican remolques para toda clase de vehículos. Igualmente, é altamente considerable a industria de turismo rural, como é o caso da Casa de Cacheiro ou a Casa Grande de Toubes, que mostran a beleza granítica dos seus nobres edificios e a fermosura dos seus exteriores.

No plano etnográfico cómpre salientar lugares como Barravite, de onde saen as famosas carrozas de entroido e o seu tradicional



A estrada N-525 ao seu paso por Lamela (Silleda, Pontevedra).

espectáculo de xenerais, tan ben estudados polo mestre Olimpio Arca Caldas.

Todo este mundo de progreso e de vocación urbana non lle impide a Lamela conservar o espírito e a esencia do mundo rural, a fraternal solidariedade das súas xentes, sempre en contacto coa natureza privilexiada deste val. Lamela móstrase como exemplo senlleiro da agarimosa complicidade entre o urbano e o rural.

A festa que celebramos hoxe, tal e como relataba o ano pasado o pregoeiro Ramiro Varela Cives, retoma unha antiga tradición do día de San Marcos. Comezaban os actos na capela da Piedade de Cervaña coa saída do estandarte ata a igrexa de Lamela, donde se recollía a Virxe das Dores para saír en procesión ao encontro de San Marcos desta capela, continuando xuntos ata chegar aquí, donde no alto deste coto facíanse as bendicións dos campos. Despois da misa celebrábase a baixada do santo e despois os devotos pasaban por debaixo dicindo unhas xaculatorias.

O núcleo de progreso de Lamela ten moito que ver, como opina Luchy, a muller de Miguel, coa súa ubicación a carón da estrada N-525, que une a poboación zamorana de Benavente con Santiago

de Compostela, pois por ela chega un gran caudal de información social, cultural e tamén económico.

Por Lamela pasaba a Vía da Prata, ruta de comercio e peregrinación sen que, por certo, o seu nome non proceda da palabra “prata”, senón que o que sucedeu é que era unha vía romana que ía desde Mérida ata Astorga, coñecida polos árabes como “abalata” ou “camiño empedrado” que, despois da súa transformación fonética, pasou a denominarse “da prata”.

Conta Lamela cunha notable arquitectura e así podemos contemplar a igrexa de San Miguel, de planta rectangular, fachada con porta lintelada e unha artística espadana central, ademais da moderna capela de San Marcos; a fonte da Peroxa, unha antiga pía bautismal e un cruceiro, penso que de estilo barroco, que representa o pecado orixinal. No varal, ao lado esquerdo, está Adán e no dereito a serpe rodeando o corpo de Eva.

Nas súas proximidades, atopamos o Castelo de Cira, do século XII, dos tempos de Xelmírez, que está moi deteriorado, conservándose só unha parte da torre da homenaxe. Ao parecer nel estivo preso Xelmírez por pouco tempo por orde de dona Urraca, filla de Alfonso VI e gobernadora de Galicia.

Outro lugar sobranceiro das proximidades é o Mosteiro de Carboeiro, fundado no século X por don Gonzalo e dona Teresa en estilo mozárabe. No século XII transfórmase en románico segundo o decir do gran historiador López Ferreiro, sendo o mellor románico de Galicia.

Lamela está inmersa na cultura e na historia do Val da Ulla, sendo o río Ulla o gran mensaxeiro do Val do Deza e da Trasdeza, donde unha vez que xunta as augas do río Asneiro e o Toxa atravesa o estreito de San Xoán da Coba para discorrer por estreitas ribeiras con fermosos relanzos de augas limpas e cristalinas, brincadeiras e rumorosas. E ao seu carón érguense os grandes pazos e casas solaregas dos concellos da Estrada e Vedra. Vólvese o río estreito e bravo ao seu paso por Carcacía e desemboca na ría de Arousa, preto das torres de Oeste de Catoira.

Ao citar o val do Ulla, vén á miña memoria o nome do inesquecible Manuel Reimóndez Portela, un home moi vinculado a estas

terras como médico humano e humanista, que abrazou ao mesmo tempo o mundo da cultura e o coñecemento da nosa identidade a través da investigación no eido da arqueoloxía, antropoloxía, etnografía e epigrafía.

Podería estar falando moito tempo de Manuel Reimóndez Portela, meu dilecto e entranable amigo, e da súa conciencia duplicada de médico e investigador da nosa cultura. A súa memoria e a súa obra están a bo recaudo da man do seu fillo Luis e da súa dona Enriqueta. Ambos os dous están moi comprometidos coa historia e a cultura estradense.

Para saber de Manuel Reimóndez Portela hai dous libros fundamentais, un que *Fillos e Amigos da Estrada* publicou, dirixido polo mestre Olimpio Arca e outro de Juan Andrés Fernández –un home que estuda e canaliza a nosa cultura con exquisito rigor– titulado *Manuel Reimóndez Portela na lembranza*. Rosalía Morlán tamén lle adicou a Manuel Reimóndez Portela un amplo, profundo e agarimoso poemario.



Manuel Reimóndez Portela, unha homenaxe á Estrada

Silvia Alende Castro
silvia.alende@gmail.com

Resumo. Cando se cumpre o primeiro centenario do seu nacemento (26 de marzo de 1916), o perfil máis humano, cultural, social, intelectual ou político de Manuel Reimóndez Portela torna á actualidade local. Unha actualidade que, porén, nunca deixou de ter a pegada de don Manuel. Chega volver ás crónicas dos seus días publicadas en *Faro de Vigo* para descubrir como numerosas iniciativas que definen á Estrada de hoxe levan o seu nome. A firma dun veciño que, entre 1983 e 1987, foi tamén o alcalde do pobo.

Abstract. The profile more political, intellectual, social, cultural or human of Ramon Reimóndez Portela is back to the present in the first centenary of his birth (26th March 1916). A present, though, has never lost the influence of Mr Manuel. Just his articles published in *Faro de Vigo* show us how many initiatives, which describe A Estrada city council nowadays, have his name. The signature of an inhabitant who was also mayor of the town between 1983 and 1987.

La vida con él era tremendamente fácil. Le gustaba hablar mucho y sabía escuchar muy bien. Su casa atraía a mucha gente, porque se encontraba muy a gusto.

O fogar referido nestas verbas do estradense Luís Reimóndez publicadas en *Faro de Vigo* no 2012 era tamén o seu propio. A vivenda de San Miguel de Castro que seu pai, Manuel Reimóndez Portela, convertería en referente comarcal dunha menciña moi de seu, sanadora de corpo e de alma. Espazos nos que, en equilibrio, para el residía o segredo da saúde, tal e como o expón o director do museo local que hoxe o recorda, Juan Andrés Fernández, nunha páxina do decano nacional de marzo de 2016.

Médico pero non doutor, pois pese a acadar o doutoramento *cum laude* no 1960 nunca fixo ostentación deste título, as propostas profesionais chegaronlle de cidades como Ourense ou Santiago de Compostela. Don Manuel quixo quedar na súa terra. Nunha parroquia que acollería unha clínica de referencia co primeiro equipo de raios X e laboratorio da comarca e na que, cada noite, estacionaba o

transporte sanitario pioneiro de toda a zona. Era este o seu vehículo particular, logo dun primeiro e un segundo cabalo e dunha motocicleta, como se pode comprobar no seu traballo *Un médico na aldea*. Con el, dende que o mercou en 1947, cando non se podía chegar a moitas casas, percorrería ducias de camiños locais –corredoiras, como as chamaba– polos que sempre mostrou interese. Como exemplo, quedou a ampliación dun antigo camiño de carro de acceso á igrexa de San Miguel e no que se producían esvaróns, dado o seu mal estado, cada vez que os acontecementos obrigaban a facer uso del. Como referencia, legou –entre outras obras– *A Estrada rural*, ese compendio fundamental para as terras de Tabeirós nacido de anotacións realizadas durante anos.

“Aglutinaba as vontades e tiña unha grandísima capacidade de traballo”, polo que era quen de acadar a colaboración veciñal tanto para unha tarefa de investigación como para o impulso a proxectos públicos. Así o recorda Luís Reimóndez, que garda na súa memoria como pasaba consulta dende *A Estrada* a parroquias de Lalín ou Vila de Cruces; era un tempo tremendamente ben aproveitado por seu pai.

Unha pedra que para a maioría era tan só iso, unha pedra, para don Manuel agachaba preguntas en busca de respostas. Era a sensibilidade de quen sabía reparar en todo o que vía. No que vía e no que escoitaba, pois no seu fogar recibíase do mesmo xeito a un veciño que ao Premio Nobel Camilo José Cela, con quen chegou a ter Reimóndez un trato frecuente: “mi dilecto amigo [...] hombre de bien”, sinalaba o escritor de Iria Flavia pouco despois do pasamento do estradense (Fernández, 1996).

Cando se cumpre o primeiro centenario do seu nacemento (26 de marzo de 1916), o seu perfil máis humano, cultural, social, intelectual ou político torna á actualidade local. Unha actualidade que, porén, nunca deixou de ter a pegada de don Manuel. Xorde esta reflexión en moitas conversas dos estradenses que o coñeceron persoalmente ou dos que o fan a través de todos aos que el honrou coa súa amizade. Con todo, non é preciso recorrer ao sentimento nin á emoción, posto que chega volver ás crónicas dos seus días para descubrir como numerosas iniciativas que definen á Estrada de hoxe

levan o seu nome. A firma dun veciño que, entre 1983 e 1987, foi tamén o alcalde do pobo. “Some-tía a xuízo cada decisión familiar, era un demócrata tamén na casa que chegou á alcaldía con vocación de servizo e entrou dicindo que o seu desexo era ser o alcalde de todos”, recorda o seu fillo.

Home polifacético, gustaba da pintura –especialmente da acuarela e o debuxo a lapis–, pero tamén da fotografía –no seu laboratorio revelaba tamén algunhas instantáneas– ou do deporte, eido no que o feito de ser o médico do pobo o levou tamén a arbitrar no terreo de xogo en máis dunha ocasión. E é que este home, referente de moitos veciños, acostumaba a deitarse canso das obrigas do día a día pero tamén coa “satisfacción do deber cumprido”, lembra Luís Reimóndez, seu fillo.

Para quen ten a mirada acostumada á prensa actual, cos recursos gráficos e estilísticos chegados da man da evolución tecnolóxica, reparar nas preto de 200 pezas xornalísticas vinculadas ao coñecido como *médico dos pobres* e publicadas polo citado rotativo vigués no tempo no que Reimóndez ocupou o sillón de mando supón todo un exercicio de curiosidade e descubrimento. Un agasallo das hemerotecas, gardiáns dun pasado que neste caso se desvela presente.

Unha lexislatura de actualidade

Así ocorre cando se comproba como entre o 23 de maio de 1983 (toma de posesión) e o 30 de xullo de 1987 (último día de Reimóndez Portela como alcalde) –datas facilitadas pola estradense Chus Fernández Bascuas no seu amplo estudo dos alcaldes estradenses– se



Manuel Reimóndez, no despacho do Concello.
FONTE: arquivo familiar.



Un dos primeiros actos de inauguración do mandato, no Foxo. Mariano Rajoy, daquela presidente da Deputación de Pontevedra, é o terceiro pola esquerda. FONTE: arquivo familiar.

fundaron, impulsaron ou puxeron en marcha proxectos que hoxe figuran, diariamente, nos titulares da información local. É o caso do polígono industrial de Toedo, de servizos dotacionais como o centro de saúde e a residencia da terceira idade, do conservatorio de música ou do Salón do Moble, precursor da actual Feira do Moble. Todos eles forman parte da actualidade informativa local deste século XXI e custa imaxinar esa Estrada para a que eses medio cento de meses dos 80 parecen marcar un antes e un despois.

De novo, son as testemuñas xornalísticas do momento quen así o testifican. Facendo uso dos recordos máis directos do momento, os do seu fillo Luís Reimóndez, pode afirmarse que ao peche do seu mandato don Manuel se mostrou satisfeito polo traballo feito, pese a que non fora “nin un terzo do desexado”. El mesmo o recoñece así no limiar da publicación *Resumen de Cuatro Años de Gestión*, editado polo Concello da Estrada no 1987 e dirixido a todos os estradenses:

Cando o lea comprobará que non se fixeron tantas cousas como fora de desexar nin tan poucas como algúns pensan e predicán, desexamos creer que con boa



Inauguración na Praza da Farola en xuño de 1985. FONTE: arquivo familiar

intención [...] o que non está aquí non se fixo, e non foi por esquecemento nin por deixar de dedicarlle atención podemos asegurarlle que dounos menos traballo o que está feito. Somentes quen ten a máxima responsabilidade sabe canto do non poder dicir sempre sí, sober todo cando algúns non entenden que quen pode conceder non o pode todo, ten moitas limitacións e vese forzado a ter que dicir non, privándose do pracer que sempre supón dar.

Abride as portas á esperanza, tedes razón para elo, un pobo dino, honrado e traballador non lle pode ter medo ao porvir (Faro de Vigo, 26 de xuño de 1983). Esta era a invitación que don Manuel Reimóndez facía a tódolos estradenses con motivo das festas patronais do 83. E neste futuro, vía o rexedor o tránsito dunha Estrada *na adolescencia*

a unha *Gran Estrada*. Para acadala, reparou con entusiasmo en prestacións agora cotiáns pero que boa parte dos avós de hoxe recordan chegar ás súas casas. É o caso do servizo telefónico:

En presencia del gobernador civil, señor Fuentes Martínez, se efectuó ayer la inauguración del importante servicio de ampliaciones telefónicas en esta comarca con una inversión que rebasa los 206 millones de pesetas Sobre las doce de la mañana, y para proceder a tan trascendental acto, llegó a nuestra población la primera autoridad provincial, siendo recibida por el alcalde Reimóndez Portela.

recolle o corresponsal Leis Camba para *Faro de Vigo* en outubro de 1983.

Obras de electrificación en Berres ou Cora, a aprobación do saneamento do barrio de A Torre, a estrea do alumeadado de Loimil, a adquisición dun ordenador para o consistorio, a instalación duns ansiados semáforos na travesía da N-640, a inauguración da Praza da Farola ou a construción da que sería a ubicación para o Salón do Moble foron outros avances en materia de servizos públicos.

Inaugurada polo daquela conselleiro de Industria, Díaz del Río, a celebración da primeira cita sectorial co moble mostra novamente a inqueda e decidida personalidade de don Manuel. Era o primeiro día do mes de setembro de 1985 cando o médico de San Miguel –convencido de que *A Estrada será en definitiva la suma del conjunto de vuestros esfuerzos*–, realizaba a seguinte invitación aos seus veciños:

¡Estradenses! Sea cual sea tu condición o sentimientos pregúntate. ¿Qué hago yo a favor de A Estrada? Si “pasas” de todo deshazte de esa pasividad ayudando activamente. Si tu postura es decididamente crítica, síguela, poniéndola al servicio de la obra común. Necesitamos vencer la apatía para siempre y propagar lo nuestro constantemente en beneficio de todos.

Neste mesmo ano, a pluma de Leis Camba para *Faro* deixa entrever como, ante as dificultades, Reimóndez facía desta invitación un xeito de entender o seu cargo. A “feria semanal de los miércoles que Santiago trata de arrebatarnos” –resume o corresponsal do decano en xaneiro– motivou unha continua mobilización do mandatario local: xestións co presidente da Xunta de Galicia Fernández Albor, cos responsables da administración compostelana, mesas redondas



Inauguración da segunda edición da cita sectorial do moble, o 5 de setembro de 1986. Na imaxe, Manuel Reimóndez, Xerardo Fernández Albor, Antonio Garrido e Xosé Luis Barreiro Rivas, entre outros. FONTE: arquivo familiar.

ou encontros cos sectores afectados foron algúns dos pasos dados para evitar este agravio ao municipio.

Home de gran riqueza intelectual –a emigración de seu pai deu-lle a oportunidade de formarse academicamente, iniciando en Cuba uns estudos que proseguiría na Universidade de Santiago–, non descoitou tampouco os eidos formativos, deportivos e culturais dos estradenses. Así, ademais de intervir como conferenciante en diversas actividades –é o caso da Semana Cultural celebrada en Ancorados en marzo do 85, da Festa do Libro no Aniversario Cervantes ou do V Coloquio Internacional de Gliptografía, entre moitos outros certames–, a corporación que el encabezaba impulsou o Conservatorio de Música Municipal, iniciando os trámites de matrícula para o primeiro dos seus cursos, o 85-86. Estreado en decembro, comezaría este centro a facer soar unha melodía que chega aos días de hoxe como un consumado logro do alcalde “por el empeño que puso en su



Homenaxe a Víctor Lomba e aos xogadores polo 50 aniversario do Club Deportivo Estradense. Marzo de 1987. FONTE: arquivo familiar.

consecución”, recolle Leis Camba. Nos seus días como mandatario, asistiu tamén á inauguración do Primeiro Curso de Iniciación á Lingua Galega para pais de alumnos no colexio de O Foxo.

Non escatimou tampouco esforzos na promoción turística do pobo, unha necesidade que recoñecía na súa primeira entrevista como alcalde en *Faro de Vigo* e da que se ocuparía persoalmente á fronte do Centro de Iniciativas e Turismo (CIT). A súa actividade sería-lle recoñecida no 87 ao ser elixido “Caballero del Salnés” polo seu intenso labor neste senso. *La Estrada tiene unos paisajes maravillosos y un río como el Ulla que marca unas raíces profundas en la tradición gallega. En cuanto al arte, tenemos distribuidos por las distintas parroquias 103 cruceiros y el Pazo de Oca, considerado como uno de los mejores de Galicia y sin duda el más admirado*, manifestaba Reimóndez Portela o 25 de xuño de 1983.

Servizos públicos

Quen precise de servizos médicos urxentes e acuda hoxe ao centro de saúde estradense comprobará que estas instalacións están dotadas na súa planta baixa de acceso directo de ambulancia ou ascensor. Algo que semella moi lóxico e corrente pero que non sempre foi así. Non ata novembro de 1985, no que se estreou o departamento de Urxencias e a reforma do ambulatorio. Só uns días despois da inauguración da residencia da terceira idade, un 22 de outubro no que “nuestra población vivió una jornada histórica en el contexto social”, en palabras do corresponsal local de *Faro de Vigo*.

Un momento histórico pero non o único, pois a bandeira municipal que hoxe ondea bebe tamén dunha iniciativa que “en su día había sido propuesta por el alcalde Reimóndez Portela”, apunta Leis. Así, “a partir de ahora, el único símbolo representativo local, que era el escudo de A Estrada, se verá enmarcado por los colores que componen el nuevo blasón ahora legalmente instituído”. O 19 de maio do 1985 a bandeira estradense foi izada por vez primeira na fachada do consistorio. E foi, esta, a “bandeira do consenso”, relata Luís Reimóndez. Nunha ocasión tan senlleira para o municipio, volvía don Manuel a mostrar a súa personalidade ao poñerse en contacto –por medio dunha carta– cunha vintena de intelectuais para facerlles chegar un boceto e solicitar todas as aportacións que se considerasen axeitadas, confirma Luís Reimóndez.

Un tempo despois, comezaría a rondar na mente de don Manuel a idea de dar forma a un cántico que representase a todo o pobo. Nacería así o Himno da Estrada, cuxa letra foi encargada ao poeta Salvador García Bodaño –logo de que Reimóndez lle fixeche chegar unha relación dos aspectos identificativos do municipio–, recaendo en Eulogio López Masid o apartado musical da peza:

Terra noble, fidalga e ben labrada,
dende Montes a ollar fecundos ríos.
Mociña florecida en amoríos
que de cincuenta estrelas es gardada.

De pazos e de pontes adornada,
de castros e de rexos penedíos,

de soutos e camposas, aduvíos
da palabra que é lei dita na Estrada.

Sosegan na túa paz os bos viaxeiros
e medran os teus fillos na irmandade
e na fiel memoria os devanceiros.

Con ramos de benvida e lealdade
sairemos todos xuntos ós carreiros
cun cantar de esperanza e liberdade:

O himno novo das terras da bonanza
a resoar polos vales e os outeiros
ata onde o corazón a Patria alcanza

A estrea do himno tivo lugar no ano 1987, tendo escoitado Manuel Reimóndez a súa interpretación. Queda no recordo ademais que, unha tarde e xa nun momento delicado de saúde, asistiu “aos ensaios da Masa Coral Pazo de Oca poucas datas antes de falecer en 1994, dado que o levei eu mesmo. Foi este coro a primeira agrupación que incluíu o himno no seu repertorio. Posteriormente a Masa Coral Estradense gravou un CD xunto coa banda de música municipal”, recorda Luís Reimóndez.

Cabe reseñar, tamén no tocante ao eido cultural, que xa a piques de acabar o ano 85 –concretamente o 15 de decembro– na parroquia de Lamas tivo lugar unha homenaxe a Manuel D. Varela Buxán que *tivemos a sorte de ideala e promovela* –relata Reimóndez Portela en *A Estrada Rural*. Tan só uns meses máis tarde do primeiro izamento da bandeira municipal, A Estrada recuperaba a súa tradicional Masa Coral nun ano no que o municipio celebrou o centenario do nacemento de Castelao. Exposicións, mesas redondas ou conferencias foron só os precedentes dunha serie de xestións e trámites que –co impulso da Asociación Fillos e Amigos da Estrada, fundada entón recentemente e presidida por Alfonso Varela– culminaron en dous grandes acontecementos.

O primeiro deles, o traslado dos restos da muller de Castelao, a estradense Virxinia Pereira, dende o cemiterio de La Almudena en Madrid a un mausoleo costeadado en Figueroa polo Concello, contando coa colaboración da Asociación de Amas de Casa e Hijos de A Estrada, tal e como figura na publicación *Resumen de Cuatro*

Años de Gestión de 1987. O segundo, a recepción no Museo do Pobo Estradense de varios obxectos pertencentes ao enxoval do matrimonio. Doados pola viúva de Pereira e a súa familia, estes bens foron trasladados “de maneira desinteresada desde Buenos Aires a Santiago de Compostela”, indica Leis Camba en novembro do 86, pola compañía Iberia. Un feito agradecido por Reimóndez Portela polo gran valor sentimental destas pertenzas. Nun pleno extraordinario celebrado o 19 de outubro do 86, Reimóñez presidía o nomeamento de Castelao como Fillo Adoptivo da Estrada.

No relativo ao traslado dos restos de Virxinia Pereira e o seu fillo, Reimóndez Portela encabezaría unha delegación municipal –xunto con Manuel Valladares Souto, José Arca Pichel e Manuel Bernárdez Sanluís– encargada de dita labor.

“Os restos mortais viñeron dende La Almudena a A Estrada dentro dun sinxelo cadaleito de madeira que collía a duras penas na maleta do Peugeot 505 (obviamente para aforrarlle ao concello os gastos do coche fúnebre). Chegaron a San Miguel de Castro á tardiña polo que pasaron a noite no garaxe da miña casa. Ao día seguinte xuntáronse cos restos do fillo de Castelao (falecido con 14 anos) que chegaran de Vigo”, sinala Luís Reimóndez voltando a vista atrás case tres décadas.



Descuberta en Lamas do monolito dedicado a Varela Buxán (15-12-1985). Manuel Reimóndez e Antonio Garrido (esquerda); Varela Buxán (centro); Manuel Sanmartín e Arca Pichel (dereita). FONTE: arquivo familiar.



Pleno extraordinario (19-10-1986) polo nomeamento de Castelao como Fillo Adoptivo da Estrada. FONTE: arquivo familiar.

Este foi, pois, un tempo de intensa actividade administrativa pero tamén no ámbito particular para o médico de Castro. Recibía unha cálida homenaxe popular, no mes de xuño con motivo da súa xubilación, promovida por quen foran os seus doentes en Orazo, Loimil, Agar, Berres, Riobó, Oca, Arnois e San Miguel de Castro. Un acto nacido dun profundo desexo de recoñecemento “a sus desvelos y entrega en tan humanista labor, prestada con auténtica vocación profesional ejemplarmente ejercida a lo largo de muchos años”, indicaba Leis Camba no momento:

De caluroso y entusiasta hemos de calificar este multitudinario homenaje que evidenció el cariño y la estima de estos centenares de beneficiarios reunidos en torno del que fue esperanza del paciente, y que sin duda lo seguirá siendo porque difícilmente Reimóndez Portela dejará de estar al servicio de quienes, con su abnegación característica, lo estuvo siempre.

Con esta mesma dedicación, presentábase entón a súa obra *Cruceiros e cruces do Nordeste da provincia de Pontevedra*, un libro “fermosísimo” cuxos contidos Manuel Docampo Pego describía en *Faro*



Capela ardente de Virxinia Pereira e Alfonso Xesús (viúva e fillo de Castelao) en A Estrada (19-10-1986). FONTE: arquivo familiar.

de Vigo o 7 de marzo do 1986 como “un canto de humanidade, de agarimo e de loubanza”. Nace, afirmaba, este canto dunha figura “que non solo coñece a cura ás enfermidades do corpo, senón tamén achégase á ialma do paciente e sabe atopar consolo para súa doencia. Quizaves por isto, cando o seu espírito vocacional da medicina o deixa en repouso, alónxase para facer lar dos pazos ou das casas solariegas, para facer paisaxe turístico do municipio da Estrada ca súa Guía, para facer historia de Galicia nos Estatutos dos 16, para facer camiñar A Estrada para adiante como alcalde ou para facerse pedra ergueita nos cruces de camiños”.

Pecha Reimóndez o seu mandato no 1987 con avances decisivos para o municipio: remátase a urbanización do último tramo do centro da Estrada nas rúas Waldo Insua e Padrón, inaugúrase o matadoiro municipal, novas parroquias coma Tabeirós incorpóranse ao sistema de concentración parcelaria e xestiónase a construción da estación de autobuses.



Recepción aos colectivos de amas de casa e Fillos da Estrada e a alumnos e profesores dun colexio francés. Fonte: arquivo familiar.





Inauguración do matadoiro municipal en maio de 1987. FONTE: arquivo familiar.

Pero, especialmente, Reimóndez Portela sería o anfitrión, comezado o ano, da inauguración do Polígono de Toedo cunha superficie de 110.000 m². Asistía así á culminación dunha obra para o *progreso e desarrollo da comarca* que, unha vez máis, permite coñecer o carácter de quen deixaría o seu cargo uns meses despois. Aos veciños da parroquia, que manifestaron sentirse ignorados na inauguración deste parque empresarial, Reimóndez dedicoulles as seguintes verbas publicadas polo decano nacional o 29 de xaneiro de 1987:

e na ordinaria que correspondería ao 27 damos conta dunha *Diligencia para hacer constar que no se convocó la sesión ordinaria del día de hoy, por traslado de las oficinas municipales a otros locales fuera de la Casa Consistorial para llevar a cabo las obras de la misma, al edificio señalado con los números 20, 22 y 24 de la calle Serafín Pazo.*

Celébranse tres sesións extraordinarias o mes de marzo; en abril unha ordinaria; en maio non hai e en xuño unha extraordinaria e unha ordinaria (día 23). No mes de xullo temos tres sesións ordinarias e en agosto unha de cada. En setembro só una extraordinaria e as preceptivas do 27 de outubro e de decembro, ordinarias.

1970

Ata o mes de outubro, que se estudan as vacantes de concelleiros, o ano transcorre coas sesións plenarias seguintes: en xaneiro unha extraordinaria; en febreiro dúas extraordinarias e unha ordinaria; no mes de abril dúas extraordinarias e unha ordinaria; en maio dúas extraordinarias e en xuño tamén ademais da do 27 (ordinaria). En xullo, dúas extraordinarias e en agosto unha ademais da ordinaria do 27; ese mesmo día celébrase unha extraordinaria e o sete de setembro outra; na do mes de outubro, no punto 2º

Se leyó el art. 74 de la Ley de Régimen Local de donde se deduce que el número de Concejales de que debe componerse este municipio es de quince, distribuidos por terceras partes entre los Grupos de Representación familiar, Organismos Sindicales y Entidades Culturales, Económicas y Profesionales. Este Ayuntamiento se compone de la forma siguiente:

GRUPO 1, REPRESENTACIÓN FAMILIAR.

D. Ramón Campos Durán, elegido en el año 1963.

D. Alfonso Magán Iglesias, elegido en el año 1963.

D. Manuel Andrade Chacón, D. Ramón Martín Fernández y D. Rogelio Nogueira García, elegidos todos ellos en el año de 1966.

GRUPO 2: REPRESENTACIÓN SINDICAL.

D. Aurelio Bermejo Porto, elegido en el año 1963.

D. Manuel Touceda Rodríguez, elegido en el año 1963.

D. Daniel Fernández Castro, D. Alejandro Puente Rico y D. José Brea Couceiro, elegidos en el año 1966.

GRUPO 3: REPRESENTACIÓN DE ENTIDADES ECONÓMICAS, CULTURALES Y PROFESIONALES.

D. Antonio Gumersindo Iglesias Vázquez, elegido en el año 1963.

D. Ernesto López Constenla, elegido en el año 1966.

D. José Louro Balayo, elegido en el año 1966.

D. Rubén Sanmartín Rodríguez, elegido en el año 1966.

D. Rogelio Vicente López, elegido en el año 1966.

El concejal de este último Grupo, D. Rubén Sanmartín Rodríguez fue elegido en 1966 para el mandato de tres años en sustitución de D. Álvaro Rodríguez Sanmartín que perdió el cargo por cambio de residencia, correspondiendo por tanto declarar la vacante por término de mandato de D. Rubén Sanmartín Rodríguez.

Y no existiendo en la actualidad vacantes de Concejales, de acuerdo con lo expuesto y en cumplimiento de lo ordenado por el art. 40 del Reglamento de Organización Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Corporaciones Locales, procede se acuerde declarar renovables los puestos de Concejales (...)

elidos no ano 1963 e o de Rubén Sanmartín Rodríguez.

O 27 de outubro temos unha sesión ordinaria; en novembro unha extraordinaria e no mes de decembro outra ademais da ordinaria do 26.

1971

Na segunda sesión extraordinaria do mes de xaneiro (día 15), no punto 13º encontramos:

Traslado de las oficinas y despachos a las Dependencias del Ayuntamiento. Por el Sr. Alcalde se da cuenta al Pleno de que las obras realizadas en el Palacio de la Casa Consistorial están prácticamente terminadas y por lo tanto puede procederse al traslado de las Oficinas y Despachos a dicho edificio. En vista de ello el Pleno acuerda por unanimidad facultar a la Alcaldía para que bajo su dirección se trasladen las Oficinas a dicho lugar, tomando para ello las medidas que sean necesarias. Igualmente se acuerda fijar los lugares en que irán instaladas las distintas dependencias [...].

Podemos ver que as obras na casa consistorial estaban rematadas e vanse recuperar as antigas dependencias. Nese mesmo día haberá unha sesión plenaria especial.

No mes de febreiro celébranse nos primeiros días tres sesións extraordinarias; na do 7 dase

Lectura de los nombres y apellidos de los Concejales electos así como de la Sentencia de la Audiencia Territorial de La Coruña, Sala de lo Contencioso-administrativo anulando la proclamación de Concejales por el Grupo de Cabezas de familia y los que traigan causa de él. [...] A continuación se da lectura a la Corporación de la Sentencia de la Sala de lo Contencioso-administrativo

número 19 de 1971, en cuyo fallo se estima el recurso interpuesto contra el acuerdo de la Junta Municipal del Censo Electoral de 21 de noviembre de 1970, por el que se proclaman concejales electos por el Grupo de Cabezas de Familia a D. Ramón Campos Durán y D. José Fernández-Novoa Rodríguez, anulando dicho acuerdo así como todos los que traigan causa de él.

En cumplimiento de dicha Sentencia no toman posesión los Concejales que habían sido proclamados por la Junta Municipal del Censo Electoral por los Tercios de Representación familiar y de Entidades Económicas, Culturales y Profesionales [...].

Se declara constituido definitivamente el Ayuntamiento, a reserva de las Elecciones parciales que pueda convocar el Ministerio de la Gobernación, en la forma siguiente

REPRESENTACIÓN FAMILIAR.

Manuel Andrade Chacón

Ramón Martín Fernández

Rogelio Nogueira García

REPRESENTACIÓN SINDICAL.

Daniel Fernández Castro

Alejandro Puente Rico

José Brea Couceiro

Manuel Touceda Rodríguez

Jesús Durán Martínez

REPRESENTACIÓN ENTIDADES.

Ernesto López Constenla

José Louro Balayo

Rogelio Vicente López.

Nunha sesión extraordinaria do 25 de febreiro comunícase o nomeamento de novo Alcalde, en sustitución do anterior, Mario Blanco Fuentes.

Cese del actual Alcalde y toma de posesión para igual cargo de Don José Fernández-Novoa Rodríguez [...]

Seguidamente el Excmo. Sr. Gobernador Civil toma juramento al Alcalde entrante, D. José Fernández-Novoa Rodríguez quien lo presta arrodillado ante el Crucifijo y con la mano sobre los Evangelios, según la fórmula actualmente vigente y en los términos siguientes: Juro servir a España con absoluta lealtad al Jefe del Estado, estricta fidelidad a los principios básicos del Movimiento Nacional y demás Leyes fundamentales del Reino, poniendo el máximo celo y voluntad en el cumplimiento de las obligaciones del cargo de Alcalde para el que he sido nombrado. Contestándole la Autoridad

expresada: Si así lo hacéis, Dios y España os lo premien y si no os lo demanden.

Seguidamente el Excmo. Sr. Gobernador Civil le entrega el Bastón de Mando al Alcalde entrante, así como le impone la medalla que simboliza el cargo, dándole posesión del mismo.

O día 27 de febreiro, xa con novo alcalde a corporación ten tres sesións plenarias: a ordinaria (20 h), unha extraordinaria (21 h) e unha segunda extraordinaria (21h 30').

No mes de marzo hai dúas extraordinarias antes da ordinaria do día 27; ese mesmo día celébrase tamén outra extraordinaria.

No mes de abril hai tres extraordinarias, na do día 7, no punto 2º

Se da lectura, por mí Secretario, a los nombres y apellidos de los Concejales electos en virtud de convocatoria de Elecciones Municipales complementarias realizadas por orden de 5 de marzo de 1971, y que según las Credenciales presentadas en la Secretaría de este Ayuntamiento resultan ser los siguientes:

GRUPO DE REPRESENTACIÓN FAMILIAR.

D. Francisco González González

D. Jesús Martínez Caramés

GRUPO DE ENTIDADES ECONÓMICAS, CULTURALES Y PROFESIONALES.

D. Manuel Carbón Rodríguez

D. Ramón-Isaac Rodríguez López

O Concello Pleno queda formado da seguinte maneira:

ALCALDE, José Fernández-Novoa Rodríguez

GRUPO DE REPRESENTACIÓN FAMILIAR:

Manuel Andrade Chacón, 1º tenente de alcalde

Ramón Martín Fernández

Rogelio Nogueira García, 4º tenente de alcalde

Francisco González González

Jesús Martínez Caramés, 6º tenente de alcalde

GRUPO DE REPRESENTACIÓN SINDICAL.

Daniel Fernández Castro

Alejandro Puente Rico, 5º tenente de alcalde

José Brea Couceiro, 2º tenente de alcalde

Manuel Touceda Rodríguez

Jesús E. Durán Martínez

GRUPO DE ENTIDADES:

Ernesto López Constenla

José Louro Balayo
 Rogelio Vicente López, 3º tenente de alcalde
 Manuel Carbón Rodríguez
 Ramón-Isaac Rodríguez López

A continuación hai outra sesión extraordinaria. No mes de abril (día 24) hai unha sesión ordinaria que vai ser bastante discutida posteriormente, pois na sesión extraordinaria do día 8 do mes de maio faise un

Examen de las condiciones legales que concurrieron en la celebración de la sesión ordinaria del Ayuntamiento Pleno del 24 de abril de 1971, y su anulación, si procede por no haber sido convocado el Concejal D. Manuel Carbón Rodríguez.

Despois hai outra extraordinaria cun punto único:

Acuerdo, si procede, de personarse en el recurso contencioso administrativo promovido sobre la validez de elección del Concejal D. Francisco González González.

En maio só hai unha sesión extraordinaria. O día 23 do mes de xuño, na sesión ordinaria, no punto 2º dase conta dun

Escrito de la Junta Municipal del Censo Electoral: [...] se tomó por unanimidad el siguiente acuerdo: que procede dar cumplimiento a la expresada sentencia, y en su consecuencia declarar la anulación de Concejales, exclusivamente por lo que respecta al nombramiento y proclamación de D. Francisco González González, por carecer el mismo de las condiciones de capacidad necesarias para el desempeño del cargo para el que fue proclamado, con las consecuencias que ello supone.

Ata fin do ano hai once sesións extraordinarias e só dúas ordinarias. Actúa de secretario José Antonio Armesto Rodríguez. É interventor Albino Otero Iglesias.

1972

En xaneiro (día 19) hai dúas sesións extraordinarias e unha ordinaria (día 29). No mes de febreiro, na sesión extraordinaria do día catro, no punto 6º, cámbianse as datas das sesións ordinarias:

Cambio de día de las sesiones del Pleno y Permanente. El Pleno acuerda por unanimidad que las sesiones ordinarias del Pleno se celebren en lo sucesivo

el penúltimo viernes de cada mes a las 19'30 horas y las de la Permanente los viernes de cada semana a las 19 horas.

En febreiro só hai dúas extraordinarias, na do día 17 de marzo (extraordinaria) fórmase a Comisión permanente da seguinte maneira:

Manuel Andrade Chacón (1º tenente)
 José Brea Couceiro (2º tenente)
 Alejandro Puente Rico (3er tenente)
 Jesús Martínez Caramés (4º tenente)
 Ramón Isaac Rodríguez López (5º tenente)
 Ramón Martín Fernández (6º tenente)

No mes de marzo celébrase unha sesión extraordinaria e o día 24 outra ordinaria En abril a sesión ordinaria e o día 21 e 27 hai dúas extraordinarias. En maio só unha extraordinaria; en xuño dúas, así como en xullo, onde tamén se celebra unha ordinaria. No mes de agosto temos unha sesión extraordinaria (día 25); a ordinaria dese mes é do día 22, pero celébrase outra extraordinaria o día 22.

No mes de setembro hai unha extraordinaria; no mes de outubro dúas extraordinarias e unha ordinaria e rematamos o ano cunha extraordinaria en novembro e unha ordinaria o 22 de decembro.

Nalgunhas ocasións actúa como secretario accidental o oficial maior do Concello Antonio Reino Martínez e como interventor accidental Alfonso Vázquez Maceira por ausencia dos titulares.

1973

ALCALDE, José Fernández-Novoa Rodríguez

Manuel Andrade Chacón	Rogelio Nogueira García
José Brea Couceiro	Daniel Fernández Castro
Alejandro Puente Rico	José Louro Balado
Jesús Martínez Caramés	Jesús Durán Martínez
Ramón Isaac Rodríguez López	Ernesto López Constenla
Ramón Martín Fernández	Manuel Touceda Rodríguez
Rogelio Vicente López	Manuel Carbón Rodríguez

Ao longo do ano houbo oito sesións ordinarias, moitas delas en segunda e incluso terceira convocatoria e 22 sesións extraordinarias, moitas delas o mesmo día. Na sesión extraordinaria do 21 de outubro danos a coñecer unha

Determinación de vacantes y puestos renovables de Concejales: [...] D. Francisco González González (representaciónfamiliar).

Asimismo se dio cuenta que los puestos de Concejales a renovar en las próximas Elecciones municipales según los apartados a) y b) del artículo 2º del Decreto-convocatoria del Ministerio de la Gobernación de fecha 17 de Agosto último (B.O. del Estado del día 17 de Septiembre) son los siguientes:

- D. Manuel Andrade Chacón
- D. Ramón Martín Fernández
- D. Rogelio Nogueira García
- D. Daniel Fernández Castro
- D. Alejandro Puente Rico
- D. José Brea Couceiro
- D. Ernesto López Constenla
- D. José Louro Balado
- D. Rogelio Vicente López

Resultando, por tanto, que el número de Concejales a elegir en total, por cada grupo, son los siguientes:

Tercio de Representación familiar: cuatro.

Tercio de Representación Sindical: tres.

Tercio de Entidades Económicas, Culturales y Profesionales: tres.

Actúa como secretario, José Antonio Armesto Rodríguez e interventor Albino Otero Iglesias.

1974

Ao longo do ano houbo 6 sesións ordinarias (en agosto e setembro non se convocaron sesións ordinarias) e 12 extraordinarias, moitas no mesmo día, a continuación as unhas das outras.

No mes de febreiro, despois das eleccións por terzos que se realizaran, na sesión extraordinaria do día 3 xa temos nova corporación. Atopamos no punto 2º a

Lectura de los nombres y apellidos de los Concejales electos para cada uno de los Grupos Representativos de las Instituciones, Familiar, Sindical y Corporativa.

3º Juramento y toma de posesión de sus cargos de los Concejales electos y Constitución Provisional del Ayuntamiento.

4º Examen de las condiciones legales de los Concejales proclamados y en su caso, constitución definitiva de la Corporación.

5º Dar cuenta del Decreto de la Alcaldía Presidencia nombrando Tenientes de Alcalde y constitución de la Comisión Permanente.

6º Señalamiento de los días y horas de celebración de las sesiones ordinarias tanto del Ayuntamiento Pleno como de la Comisión Permanente.

7º Designación de las Comisiones Informativas y Delegaciones de Servicios.

Acto seguido el Sr. Alcalde-Presidente declara constituida definitivamente la Corporación de la manera siguiente:

GRUPO DE REPRESENTACIÓN FAMILIAR.

Continúa: D. Jesús Martínez Caramés

Elegidos: D. Alfonso Fernández Castro

D. Manuel Gestoso Durán

D. Jenaro Codesido Lorenzo (este Concejales entra por el período de tres años)

D. Alejandro Puente Rico

GRUPO DE REPRESENTACIÓN SINDICAL.

Continúa: D. Manuel Touceda Rodríguez

D. Jesús E. Durán Martínez

Elegidos: D. Manuel Andrade Chacón

D. Manuel Barros Sobrino

D. Ramiro Abelleiro Rey

GRUPO DE ENTIDADES.

Continúa: D. Manuel Carbón Rodríguez

D. Ramón-Isaac Rodríguez López

Elegidos: D. Manuel Bermúdez Naveira

D. José-Luis Fernández Pazos

D. Manuel R. Pazo Romero

A Corporación tiña outra vez os seus quince concelleiros, non eran moitos pero disputas había entre eles e algunhas chegaron ata o pleno como se fai constar nas actas, por exemplo na sesión ordinaria do 20 de decembro, no seu punto 13^o podemos ler

Escrito de varios Concejales solicitando explicaciones del también Concejales D. Jesús Durán Martínez. [...]. Al Sr. Alcalde-Presidente de este Ayuntamiento de La Estrada. Los que suscriben Concejales del Ayuntamiento de La Estrada, a V.E. se dirigen por medio del presente escrito con el ruego de que se lleve el mismo al Pleno para solicitar del Concejales D. Jesús Durán Martínez explicaciones sobre las manifestaciones que a continuación se expresarán, que consideramos tendentes a la obstrucción y desprestigio de la Corporación:

1^a Manifestación hecha por él de que estuvimos poniendo a parir a D. Eulogio Fernández Villaverde.

2^a Oponerse al expediente de división de Crédito para la adquisición de terrenos del Mercado Comarcal de Ganados, en apoyo a la Caja de Ahorros Provincial exponiendo el expediente al consiguiente retraso y no retirando su posición a pesar de haberlo pedido para bien del pueblo por un compañero, dándose el caso que la Caja de Ahorros ha permanecido indiferente a esta situación.

3^a Posición mantenida por el Sr. Durán Martínez en la reunión de la Asociación de Padres de Alumnos celebrada en el Colegio Nacional de Enseñanza General Básica con motivo de pagar a un maestro de cuarto curso y cuando dicha asociación pretendía costearlo por su cuenta, el Sr. Durán Martínez levantando el brazo declaró para hacerse notar que pedía que se le oyera, dando con ello [...]

Acto seguido se hace constar en acta a petición de los Sres. Concejales Pazo Romero, Barros Sobrino y Abelleiro Rey, que no aceptan las explicaciones del Sr. Durán Martínez por cuanto no les convencen, si bien se acuerda por una-

nimidad dar por terminado este asunto haciendo una petición al Sr. Durán Martínez en el sentido de que procure no dar lugar a estas situaciones”.
 Secretario, José Antonio Armesto Rodríguez e Interventor, Albino Otero Iglesias.

1975

ALCALDE. Jesús José Fernández-Novoa Rodríguez

Nas eleccións por terzos foron elixidos os seguintes concelleiros:

REPRESENTACIÓN FAMILIAR.

Alfonso Fernández Castro
 Manuel Gestoso Durán
 Alejandro Puente Rico
 Jenaro Codesido Lorenzo

REPRESENTACIÓN SINDICAL.

Manuel Andrade Chacón
 Manuel Barros Sobrino
 Ramiro Obelleiro Rey

REPRESENTACIÓN DE ENTIDADES ECONÓMICAS, CULTURAIS E PROFESIONAIS.

Manuel Bermúdez Naveira
 José Luis Fernández Pazo
 Manuel R. Pazo Romero

Ademais continúan os seguintes concelleiros:

Jesús Martínez Caramés.
 Manuel Touceda Rodríguez
 Jesús E. Durán Martínez.
 Manuel Carbón Rodríguez
 Ramón Isaac Rodríguez López.

A sesión extraordinaria do 28 de novembro tráenos un novo alcalde:

Bajo la Presidencia de D. Manuel Paz Sánchez, como representante del Excmo. Sr. Gobernador Civil de la Provincia y con asistencia del Sr. Alcalde saliente D. José Fernández-Novoa Rodríguez y del entrante D. Jesús Durán Martínez...”
 No punto 2º dase conta do “Cese del Actual Alcalde D. José Fernández-Novoa Rodríguez y toma de posesión de D. Jesús Durán Martínez para igual cargo [...] Seguidamente D. Manuel Paz Sánchez toma juramento al Alcalde entrante D. Jesús Durán Martínez, que lo presta arrodillado ante el Crucifijo y con la mano sobre los Evangelios con la siguiente fórmula: Juro servir a España con absoluta lealtad... Concedida por la Presidencia la palabra al Sr. Fernández-Novoa Rodríguez, éste manifiesta que recibe el cese como voluntad superior y sin sorpresa, que se consideraba más un gestor que un político y que había llegado a la Alcaldía con la mirada puesta en el Progreso de su pueblo...”

Os avatares da corporación municipal da Estrada ata o ano 2011 encóntranse recollidos no volume XVII (2014) desta revista. Foron anos difíciles para todos polas dificultades políticas sociais e económicas, polo que debemos agradecer o seu esforzo a todas aquelas persoas que tiveron que levar adiante o concello nun período que xa forma parte da nosa historia.

Fontes e bibliografía

- Arquivo do Concello da Estrada. Libros de actas das sesións plenarias municipais.
- FERNÁNDEZ BASCUAS, María Jesusa; “Alcaldes estradenses”, en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* Vol. VII, 2004, pp. 365-389.
- MAÍSSA RODRIGO, Gisèle; Concelleiros estradenses, en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* Vol. XVII, 2014, pp. 69-96.
- MIRAMONTES CARBALLADA, A.; Análise da xeografía electoral do Concello da Estrada (Pontevedra), en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* Vol. IX, 2006, pp. 73-89.
- MARTÍNEZ MARÍN, Antonio; *La Representatividad Municipal Española: Historia Legislativa y Régimen Vigente*. Universidad de Murcia. Secretariado de Publicaciones. 1989.



Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes (c. 1635-1699), e a súa descendencia

José M. Bértolo Ballesteros
joberba4@hotmail.com

Resumo. Este artigo versa sobre o famoso arquitecto don Pedro Arén, procedente de Cerdedo. Descríbese tanto a súa obra, presente especialmente en Ourense, Lugo e Santiago, como a súa vida familiar e a súa descendencia. Netos e bisnetos seus levaban con orgullo os apelidos «Arén Losada» que correspondían aos seus fillos, os cales casaron con familias distinguidas da bisbarra de A Estrada e Terra de Montes.

Abstract. This article is about the famous architect Pedro Arén, born in Cerdedo. It is described both his work, present especially in Ourense, Lugo and Santiago, as well as his family life and progeny. His grandchildren and great-grandchildren proudly carried the surnames "Arén Losada" inherited from his children, who were married to distinguished families from the regions of A Estrada and Terra de Montes.

Maestro de arquitectura ou simplemente o *Maestro* é como se denomina nos libros parroquiais de Cerdedo (Pontevedra) a don *Pedro de Arén*, que no século XVII gozaba dun gran recoñecemento como arquitecto e que actualmente é considerado como un dos grandes arquitectos da Terra de Montes.

O mestre de obras don Pedro de Arén naceu sobre 1635¹, seguramente na parroquia de Cerdedo, onde vivía seu pai.

Os seus avós Juan Gregorio de Arén² e María da Cerdeira eran veciños do lugar de Arén, moi preto da vila de Cerdedo, onde tiveron tres fillos:

1. Pedro de Arén, casado con Clara Fernández, tivo por fillo a Pedro de Arén "o mozo", que se ausentou e non se volveu a ter novas sobre el.

1 Non se conservan as partidas de bautismo de Cerdedo desta década. Nalgunhas publicacións aparece a data de 1631, debido a un error tipográfico na publicación de RODRÍGUEZ FRAÍZ, A. *Canteiros e artistas de Terra de Montes e Riberas do Lérez*, ed. Deputación de Pontevedra e concellos de Cerdedo e Forcarei, 1982.

2 Protocolos de Juan Darriva (ou Da Riva), 11/4/1692 e 22/9/1692 (AHPPO). E RAG 3429/50.



Aldea de Arén.

Cando morreu Pedro, en 1669 litigaron³ pola súa herdanza os seus irmáns Alonso e Antonio contra unha filla espuria de Pedro, María Arén, que casada con Pedro Roubín era nai de varios fillos no lugar de Arén (Blas, 3/2/1655, Dominga 15/10/1663, Pedro, María,...). María alegaba que Clara Fernández con permiso do seu marido lle fixera doazón de diversas propiedades en Arén.

María faleceu en Cerdedo o 18 de novembro de 1686 e Pedro Roubín o 21 de maio de 1711 tras ter outorgado testamento.

2. Alonso de Arén, pai de Ana Arén quen tivo por fillas a Bárbara Ferroa e a Margarita de Arén que viviu solteira en Folgoso.
3. Antonio de Arén, a quen Rodríguez Fraíz chama “manxapán”, foi vicerreitor de Cerdedo pero tivo dous fillos⁴ a quen fixo doazón de seus bens, se ben como era eclesiástico, unha sobriña súa reclamou⁵ eses bens.

3 RAG 3429/50

4 Protocolos de Juan Darriva, 26/6/1703 (AHPPo)

5 Estaba mal visto que os curas tivesen fillos, aínda que era una cousa moi corrente. Por iso a Igrexa, que tiña moito poder temporal, non permitía que os eclesiásticos deixaran como herdeiros a seus fillos. O habitual era darlles aos fillos e fillas bens en xeito de doazón ou dote (como don Francisco Ogando Ribera, 1640-1700, cura de Cerdedo), ou ben deixar beneficiarios a seus netos e como usufrutuarios aos fillos (como Bartolomé Cadavid, 1635-1720, natural de Chamadoira e cura en Salcedo).



Capela de san Miguel. Arén

En 1640 contratou a Gregorio Arca para facer unha casa en Arén a carón doutra que xa tiña e na que logo vivirá o seu fillo Pedro.

Antonio fundou a capela de san Miguel no lugar de Arén⁶, na que destaca unha imaxe pétrea do arcanxo san Miguel, pesando as almas e co díaño a seus pés.

Foi sepultado o 13 de novembro de 1678 sen ter feito testamento, pero deixou catro misas perpetuas, hipotecadas sobre os seus bens, a dicir na capela de san Miguel.

Fillos de don Antonio de Arén foron:

- a. Pedro de Arén, (*obxecto desta investigación*)
- b. Andrés de Arén, mestre canteiro, que confirmou aos seus fillos Pedro, Madalena e Phelipe en abril de 1683 na catedral de Ourense.

PEDRO DE ARÉN comezou a súa andaina aprendendo o oficio a carón de mestres de arquitectura⁷, igual que outros aprenderon con Pedro de Arén, como Miguel de Covelo, que durante un ano traballou con Pedro de Arén, cando este casou en Ourense.

6 RODRIGUEZ FRAIZ, A., O.c.

7 Iso era o habitual. Segundo un contrato ante Antonio da Riba, o seu veciño e famoso arquitecto Pedro de Monteagudo había de ensinar o oficio de canteiro a Matías Ferrón, veciño de Pedre, traballando a seu carón durante dous anos sen que Matías cobrase nada nese tempo (AHPO).

Con 23 anos Pedro colaborou con Domingo García levantando unha casa á beira da catedral de Ourense. E tres anos máis tarde, en 1661, traballou na remodelación da fachada da Quintana baixo as ordes de Peña de Toro, arquitecto máis refinado. En Compostela tamén coñeceu ao famoso arquitecto Domingo de Andrade, algo máis novo ca el. A súa amizade valeulle para introducirse nos ambientes composteláns, así como para sobresaír tecnicamente como arquitecto. Mostra desta amizade vémosla no relato de bens trala morte de Pedro de Arén, pois dise que había na súa casa

Un caldero de cobre de porte de diez y siete cuartillos que dijo la dicha viuda ser suyo por haberselo dado el Maestro Domingo de Andrade.

En 1666 traballou en Salamanca para fabricar unha parte do claustro do convento xerónimo de Santa María da Vitoria (non se conserva actualmente), continuando o estilo do que xa estaba feito. E preto de alí, en Alba de Tormes, realizou en 1668 unha escaleira interior no convento de San Leonardo (tamén desaparecida).

En 1669 está xa en Galicia, sendo o ano 1671 un ano importante na súa andaina como arquitecto ao conseguir que se lle adxudique a reconstrución da ermida de Nosa Señora de Reza (Ourense). Entre os fiadores está o seu irmán Andrés e o carpinteiro Juan de Monteagudo.⁸ En Reza edificou a capela maior, a sancristía cuberta por unha bóveda de canón corrida e a fachada principal, que recorda a de Santo Domingo en Ourense realizada polo seu mestre Domingo García.

Pero as obras que lle deron máis fama a Pedro foron as realizadas na catedral de Ourense, o camarín do Santo Cristo e a torre dos sinos. En 1674 decidiuse ampliar a capela do Santo Cristo levantada por Juan de Herrera, pero como a rúa adxacente era estreita, resolverse desviar o eixe de simetría respecto ao corpo primitivo. Dito camarín está coroado por unha bóveda gallonada sobre pendentes e sobre dela unha lanterna circular con acroteras de bolas e cuberta por un cupuliño. Actualmente a obra de Pedro apenas se pode ver desde o interior, pois tras a súa construción foi contratado Domingo

8 Juan de Monteagudo, un ano máis novo que Pedro, traballou na eira que Pedro mercou para ampliar a vivenda familiar ourensá, que pertencía por herdanza á súa muller Manuela Losada. Juan foi testemuña no preito que trala morte de Pedro tivo Manuela por dita casa (RAG 19108/41).

de Andrade para facer o baldaquino e uns paneis de madeira que ocultan a obra arquitectónica.

Dous anos despois de concluír a torre do reloxio compostelá, en Ourense non quixeron ser menos, polo que en decembro de 1680 acordaron reformar a torre dos sinos, saíndo a puxa en febreiro de 1682. Pedro de Arén comprometeuse a respectar o primeiro corpo da torre, medieval, construíndo sobre el dous corpos máis. A primeira altura revestiuna de granito con pilastras pegadas sobresaíndo do entrepano, como fixera Peña de Toro na torre compostelá ou como no mosteiro de Celanova, para darlle así unha aparencia ascendente e lixeira, aínda que o resultado non foi moi satisfactorio.

O segundo corpo, decrecente en altura, ten tamén pilastras adxuntas, pero só na parte visible desde a rúa.

As campás van situadas na terceira planta, sobre a que se levanta un toro circular sobre o que se levanta a cúpula, cunha pequena lanterna de adorno como a da capela do Santo Cristo. Diversos acroterios adornan as balaustradas, que rematan cada planta, así como na base da cúpula.

En 1685-86 houbo un preito entre Pedro de Arén e Frei Tomás



Cupuliño da capela do Santo Cristo, catedral de Ourense.



Torre dos sinos, catedral de Ourense.



Celanova.



Campanario, catedral Ourense.

Alonso, religioso de San Martiño en Santiago, ao poñerse de manifesto que a obra non se axustaba ao estipulado. En 1686 colocáronse as campás pero a causa do preito o remate e a cruz non se puxo no cume ata 1693 en que se deu por rematada a obra. O peso das campás pronto fixo que se resentira o corpo medieval e isto xunto con dous raios caídos en 1736 e 1810 obrigou a facer unha importante pero definitiva intervención en 1863.

Pedro de Arén tamén fixo algunhas obras civís en Ourense. En 1683 reedificou a casa de recollemento para mulleres de N^a Señora das Mercedes nas aforas da cidade, se ben só coñecemos como sería a obra a través do contrato (AHPOu).

Logo traballou a partir de 1689 en San Miguel de las Dueñas, preto de Ponferrada, e mesmo na fachada do concello de Ponferrada en 1692.

Cúpula de Santo Cristo,
catedral de Ourense.



Tamén estivo a partir da primavera de 1696 na catedral de Lugo, onde tiña que reforzar os muros laterais e desmontar as bóvedas, que ameazaban ruína, para logo volverlas a montar, e na mesma primavera no convento de santa Clara en Santiago⁹ comezou as obras para alzar a igrexa coa súa sancristía e campanario. A igrexa do convento de Santa Clara foille adxudicada a Pedro seguramente pola súa amizade con Domingo de Andrade, que era o que aconsellaba ás clarisas e quen continuou a obra trala morte de Pedro. A igrexa é moi semellante á que fixera en san Miguel das Dueñas. Dunha sinxeleza estrutural típica de Pedro, a igrexa ofrece unha planta de cruz latina con brazos curtos, nave única e cabeceira recta, cuberta de bóveda de medio canón con lunetas, reforzada con arcos faxóns, que se apean sobre grandes ménsulas que sobresaen da cornixa. A igrexa recibe iluminación a través das grandes lunetas da bóveda e das fiestras da capela maior e brazos da igrexa. As obras habían de empezarse en marzo de 1696 e rematar en catro anos, polo que trala morte de Pedro de Arén continuounas primeiro o aparelador e logo o propio Andrade, sendo consagrada a igrexa o 23 de agosto de 1702.

Pedro de Arén casou en Ourense sobre 1677 con Manuela Losada Cadórniga, filla de Lázaro Losada (falecido sobre 1669) e de Josefa Fernández, ambos naturais de Ourense, e sobriña de Juan Rodríguez Sotelo. Viviron durante uns anos nunha casa de dúas alturas, que fora dos pais de Manuela e que ela recibira, como parte dun dote de 800 ducados, na rúa Nova (a actual Rúa Lamas Carvajal), “la mejor calle de Ourense” –dicía Pedro Arén–, onde naceron os seus primeiros fillos.

9 Cfr. Exposición detallada da súa obra en: FERNÁNDEZ GASALLA, L. “El arquitecto Pedro de Arén (1631-1699)”, en *El Museo de Pontevedra*, LXI, Pontevedra, 2007

Unha vez casados e instalados nesta casa, Pedro mercou a Pedro González Sandoval e á súa muller Inés de Prado, veciños de san Andrés de Castro, un terreo destinado a curral que daba á parte de atrás da casa da súa muller, é dicir, cara á rúa dos Arcedianos, e fixo unha escaleira, corredor, porta e fiestra para servizo da casa, traballando nisto o carpinteiro Juan de Monteagudo, o aprendiz de arquitecto Miguel de Covelo e outros veciños de Cerdedo.

Pero logo no mes de santos do ano 85 marcharon para Arén, onde Pedro “reedificó e hizo perfectos” e “hizo un covertizo” na casa que fora de seu pai.

Foi entón cando decidiu vender a casa de Ourense e gando vacún que tiña Manuela, para que así a muller non puidese retornar en caso de que el morrese. Ademais dicía que se a arrendaba, logo os fillos ían malgastar os cartos cando fosen cobrar a Ourense. Porén Manuela non quería vender a casa nin darlle ao marido o poder para vendela, polo que houbo entre o matrimonio moitas discusións por este tema, chegando el a maltratala de palabra e de obra “jurando a Dios que las echaría de las ventanas abajo a ella y a sus criadas”, e ela ameazándoo con que “no había de tener vida con el” mentres seguise con esa teima. Manuela mesmo chorou en público vindo de oír misa da igrexa de Cerdedo, dicindo que “aque! bocarrota de su marido le quería vender su casa de Orense y que por esa causa y siendo de su dote le había traído engañada”. Unha testemuña di que por dúas veces veu a Pedro darlle á muller unhas labazadas e segundo o seu compadre Domingo Pérez o mesmo Pedro lle confesou que “no le he puesto las manos a Manuela mas de una vez que le di una vuelta”, se ben di que logo se mostraba arrepentido¹⁰. Segundo Miguel de Covelo, que aprendeu o seu oficio baixo a tutela de Pedro de Arén, pegoulle algunha vez para que lle tivese medo, pois aínda era unha rapaza. Pero Manuela, que como era normal nestes tempos non sabía asinar, acabou dándolle o poder “contra su voluntad” o 4 de abril de 1686 ante Juan Darriva e unha vez que Pedro vendeu a casa a Francisco Arca, familiar do santo Oficio, as discusións entre a parella cesaron e Pedro “la quería y estimaba como era de su obligación”.

10 RAG 19108/41.




Casa en Arén.

Por iso, trala morte do seu home puxo preito¹¹ en xaneiro de 1700 contra o que mercara a casa, Francisco Arca, pero o 29 de outubro dese mesmo ano Manuela desiste e apártase do preito, dicindo que deu poder a seu marido pola súa propia vontade, polo que se compromete a pagar os gastos e as costas do preito. A escritura está asinada por Manuela, que ata agora dicía non saber firmar, pero que a partir deste momento sempre o fai, mellorando cada vez a súa caligrafía pois nesta escritura aínda mestura algunha letra maiúscula coas minúsculas: “LosaDa cadorniga”.

O matrimonio tivo como criada a Agustina Pérez, nacida en 1665, servíndolle primeiro en Ourense durante catro anos (1681-85) e logo un ano máis en Arén. A criada logo casou con Antonio Fidalgo, veciño de Ourense. En Arén tiveron despois outra criada chamada Catalina de Arén.

Pedro, que herdara de seu pai casa e leiras en Arén e outros bens en Cernadas, mercou casas, leiras e dereitos de rega en Arén cinco veces en 1688, tres veces en 1690, varias en 92, catro en 1693, etc., como vemos nos protocolos de Juan da Riva (AHPPo).

11 RAG 19108/41.



Defunción de Pedro Arén.

O 22 de setembro de 1692 mercou por 18 ducados uns bens que ficaron de seu avó Juan Gregorio de Arén, de seu pai e de seu tío Pedro a Margarita de Arén, bisneta de Juan Gregorio de Arén e veciña de Folgoso (Por iso Manuela Losada en 1703 dubidaba se estes bens había que consideralos como de herdanza ou como de compra).

No preito sobre a casa de Ourense, pregúntanlle a unha testemuña se o valor dos bens que tiña Pedro de Arén podían achegarse aos 10.000 ducados, ao que contestou que non sabía pero que Pedro de Arén lle confesou que “su hacienda le rentuaba cada año 21 anegas de pan libres de todo gasto”.

Tivo varios preitos cos veciños por mor da auga das rega gañando na súa porfía, xa que os veciños preferiron un mal acordo a un custoso preito, e el polo seu carácter estaba disposto a ir a por todas. Así en 1688 chegou a unha concordia con Juan de Roibal e o 11 de abril de 1692 chegou a unha concordia cos seus parentes Jácome de Carballás e outros, dándolles diversas cantidades polos bens que foran de seu avó Juan Gregorio de Arén, que morrera había máis de 50 anos.

En Arén outorgou testamento o 1 de maio de 1699 ante o escribán Melchor Beiro e Valboa¹² e foi sepultado en Cerdedo seis días máis tarde.

12 Este dato douno Rodríguez Fraíz, pero nós non o atopamos.

Ao pouco de morrer el, morréronlle dous fillos, polo que Manuela herdou a parte da herdanza que lles correspondía a ditos fillos. E así o 10 de outubro de 1701 Manuela en nome de seus fillos Pedro, Juan, José, Gonzalo e Manuela, os fillos que tiña nese momento da poder para que se cobre unha débeda de 200 reais que Pedro lle prestara ao escribán Antonio Castro Villamoure, veciño de Castrelo, cando este estivo preso no cárcere compostelán, e levaba xa catro anos que lle puxera unha demanda¹³.

O 30 de agosto de 1701 Manuela deu poder¹⁴ para facer partilla dos bens de seu home e pide se poña titor para os seus fillos, uns ausentes e outros menores.

En 1702 o seu fillo Juan mostraba a súa intención de marchar para Castela a Vella e o 7 de marzo de 1703 José pediu ao xuíz facer reconto dos bens que deixara seu pai, “pues quedaron muchos bienes y muebles, doblones y reales de a ocho, vellón, pérseas y joyas de oro, mucha plata labrada, ropas y alajas de casa, cantidades de dinero...”. O xuíz fixo o reconto pero non atopou todo o que José esperaba, polo que este pide mirar na casa dos veciños, pero non se atopou nada máis. E o 6 de xuño dese ano José pediulle á nai os bens que lle correspondían pola herdanza paterna e ela respóndelle que pedía máis do que lle correspondía, pois moitos dos bens que había nos lugares de Arén e Cernadas foran mercados por Pedro co importante dote que ela aportara ao matrimonio.


O 23 de febreiro de 1704 Manuela vendeulle a leira do Currelo de 15 ferrados ao párroco de Salcedo don Bartolomé Cadavid Garcia de Caamaño por 160 ducados, seguramente non por necesidade senón porque estaba moi ben pagado.

A partir de 1716, ou antes, Manuela pasou a vivir á *casa de Pumar* en Cachofés (Folgozo) co seu fillo Gonzalo e a súa nora Feliciano, xa que a casa pertencía a Juan Patricio, o irmán de Feliciano, que marchara a vivir a Sestelo.

Manuela faleceu sen testamento e foi sepultada en Folgozo o 13 de febreiro de 1727, participando nas súas exequias 22 sacerdotes. Posteriormente o 31 de marzo dese ano celebráronse os funerais de

13 Protocolos de Juan Darriba, AHPPo.

14 Protocolos de Mechor Beiro, AHPPo.



Defunción de Manuela Losada Cadorniga.

sétimo día e cabodano con 21 sacerdotes. E o 4 de febreiro de 1728 celebrouse unha vixilia e responso pola súa alma con sete sacerdotes, pois os funerais xa estaban cumpridos.


Pedro de Arén e Manuela Losada tiveron por descendencia a:

1. *Juan Arén Losada*, seguramente sería o fillo maior e nacería en Ourense. Pensaba emigrar a Castela a Vella buscando fortuna, polo que o 7 de xullo de 1702 ante Juan da Riva (AHPPo) vendeu unha leira en Arén a Alonso Lueiro por 40 ducados, quen unha semana máis tarde, o día 15, lla cede polo mesmo prezo a Manuela Losada, a nai de Juan. E neste mesmo día e ante o mesmo escribían Juan di que

ha quitado a censo al Lccdo. Domingo Varela, Vicerrector de Cerdedo 33 reales, sobre el principal de 600, hipotecados sobre sus bienes que heredó de dicho Maestro Arén, su padre [...] Mientras no vuelva, cede sus derechos a su madre y pague ella los 33 reales al licenciado. Y si no volviese y muere mi madre, me sucedan mis hermanos.

Pero non marchou, senón que se asentou en Cerdedo casando a finais do ano 1703.

O 30 de xuño de 1704 vendeu a Alonso Cadavid unha casa vella por 11 ducados. Nesta escritura ante Juan Darriva (AHPPo) aparece como “Juan Antonio” e cando asina non pon o apelido ou apelidos da nai –en 1702 asinaba como “Juan de Arén Losada



Firma de Juan e da súa nai na escritura de censo.

Cadórniqa”–, quizás por estar a mal con ela, aínda que pasados uns anos engade de novo o apelido Losada ao de Arén.

Juan en 1706 vendeu unha leira sita en Meilide, o 24 de agosto de 1708 comproulle á súa nai unha leira e o 21 de abril de 1712 vendeu por 186 ducados unha leira que recibira a súa muller como dote. Nesta escritura xa volve a firmar “Juan Arén y Losada”, é dicir, engade xa o apelido da nai.

A comezos de 1711 foi metido no cárcere de Santiago por rachar a porta da casa do cura de Cerdedo, ademais de maltratar de palabra aos seus criados. Saíu con fianzas comprometéndose o 8 de abril de 1711 ante Juan da Riva a reparar o dano causado e pagarlle 100 reais ao cura.

Casou o 23 de decembro de 1703 con *Manuela Garrido* filla de Gregorio Garrido de Oitabén, cirurxián, e María Gosende, veciños de Cerdedo, e que eran compadres de Pedro de Arén e Manuela, pois estes en 1686 lles bautizaran a súa filla Plácida e posteriormente Gregorio e María en 1688 foron os padriños de Francisco, fillo de Pedro de Arén e da súa muller.

Juan de Arén e Manuela Garrido foron pais de:

- a. *Pedro Arén*, bautizado en Cerdedo o 10 de novembro de 1705 tendo por padriños a seus avós Gregorio Garrido e Manuela Losada.

Casou en Cerdedo o 4 de maio de 1728 con *María Paz Ogan-do*, filla de Domingo e Dominga. María Paz fora nai poucos

- días antes, pois bautizaron a seu fillo *Francisco Ignacio Arén* o 12 de marzo de 1728 sendo os padriños Francisco Ignacio de Sieiro, de Parada, e a madriña Feliciano de Rivas, de Folgoso. Logo tiveron máis fillos: *Manuel*, confirmado en 1737, *María Arén*, bautizada 4 de febreiro de 1732, *Susana* bautizada o 7 de maio de 1736, *Gregorio Arén*, o 11 de setembro de 1740 e *María Antonia*, o 8 de setembro de 1744.
- b. *Francisco Arén*, bautizado o 21 de xullo de 1708 e confirmado o 8 de outubro de 1718, igual que seu irmán Pedro.
 - c. *Ignacia Arén*, bautizada o 17 de abril de 1710, sendo os padriños seus tíos José Arén e Mariana Gómez, veciños de santa Mariña de Castrelo.
2. *Pedro Arén Losada*, nacido en Ourense, foi confirmado na catedral de Ourense en abril de 1683.
 3. *Francisca Arén Losada*, nacida en Ourense, foi confirmada na catedral de Ourense en abril de 1683, pero debeu morrer de nena xa que non aparece citada no testamento do pai nin noutros lugares.
 4. *Felipe Arén Losada*, confirmado en abril de 1683 na catedral de Ourense. Morreu de neno.
 5. *José Arén Losada* (*que segue*).
 6. *Gonzalo Arén Losada* (*que segue*).
 7. *Manuela Arén Losada*, nacida probablemente en 1685, ao quedar orfa tivo como titor a Domingo de Bouzas, de Meilide, a partir de outubro de 1703. Foi educada no mosteiro de Belvís e uniuse en matrimonio en Cerdedo o 17 de marzo de 1706 con *Pedro Alarcón*, fillo de Pedro e María Narle, veciños de Murcia. En 1718 o seu home marchou para Castela e non voltou, por iso o 10 de agosto de 1727 vendeu¹⁵ unha herdade en Cernadas a seu xenro Francisco Cadavid por 62 ducados *para pagar y alimentar a sus hijos*. Tiveron cinco fillos:
 - a. *María Alarcón Arén*, bautizada co nome de *María Manuela* o 25 de novembro de 1708 tendo por padriños a Alonso de Reigosa, da parroquia de Millerada, e Juana Reigosa, veciña de Cerdedo. Uniuse en matrimonio o 6 de maio de 1722 en

15 Protocolos de Melchor Beiro (AHPPo)

Cerdedo con *Francisco Cadavid*, fillo de Domingo e de M.^a Darriva.

Logo casou de novo o 20 de outubro de 1731 con *Jose Sieiro*, fillo de Ignacio e María Martínez, tendo por fillos a: *Pedro Antonio*, 16/3/1743, *José Benito*, 23/12/1745 que tivo por padriños José Arén e Susana Arén solteira, veciños de Folgoso.

- b. *Caetana Alarcón Arén*, que casou o 15 de agosto de 1733 con *Antonio Troitiño*, fillo de Juan e de Dominga das Bouzas, veciña de Arén. Viviron no lugar de Arén e foron pais de de *Tomás Caetano* que recibiu as augas bautismais o 14 de agosto de 1735 e de *Gonzalo Mario*, bautizado o 27 de setembro de 1744, sendo os padriños don Juan de Seoane e Susana de Aren, veciños de Folgoso.
 - c. *Jose Antonio Alarcón*, recibiu o bautismo o 30 de setembro de 1713.
 - d. *Fernando Alarcón*, recibiu as augas bautismais o 4 de xuño de 1714, tendo por padriños a Gonzalo Arén e a súa muller Feliciano da Riva.
 - e. *Luisa Alarcón*, foi bautizada o 25 de agosto de 1716, tendo por padriño a Miguel Fernández, veciño de Sta. M.^a de Castrelo.
8. *Francisco Arén Losada*, recibiu o bautismo en Cerdedo o 30 de xullo de 1688 e tivo por padriños ao licenciado Benito Cadavid, presbítero, e a María de Gosende, muller do cirurxián Gregorio Garrido Oitabén (e que foron despois os sogros de Juan Arén). Debeu morrer de neno (nesta época os nenos non aparecen rexistrados nos libros sacramentais de Cerdedo), pois logo repítese o nome e, ademais, no testamento do pai do ano 1699 só se recoñece un só Francisco.
 9. *Luis Arén Losada*, bautizado en Cerdedo o 14 de xullo de 1694 os seus padriños foron o licenciado Benito Cadavid e Magdalena de Carballás. Morreu de neno entre 1699 e 1702.
 10. *Francisco Antonio Arén Losada*, recibiu as augas bautismais en Cerdedo o 2 de xaneiro de 1697 sendo padriños o presbítero Juan da Riva, de Folgoso, e Juana de Reigosa, de Cerdedo. Morreu de neno entre 1699 e 1702.

A. José Arén

José Arén Losada, nacido en Ourense sobre 1683, xa que en 1714 confesa ter 31 anos¹⁶.

Pasado un tempo da morte de seu pai Pedro de Arén, pediu ao xuíz de Montes facer o reconto dos bens paternos co fin de que quedasen seguros. O reconto fíxose dous días despois, o 9 de marzo de 1703, pero eran menos dos que José esperaba, polo que se indaga nas casas dos veciños por se a súa nai os tiña agachados, pero non se atopa nada máis. E o 6 de xuño José pide a parte que lle corresponde. Finalmente o 26 de xuño poñen o reparto en mans do avogado coruñés Bernardo Bermudez¹⁷.

Casou en Castrelo o 11 de febreiro de 1702 con Mariana Gómez Gundín (Cfr. *Apéndice 1*), bautizada o 4 de abril de 1678, filla de *Francisco Gómez Gundín*, que foi un dos dous escribáns da xurisdición de Montes, e de *Jacinta Reigosa*, neta por vía paterna de *Pedro Gómez Gundín* e de *Catalina Docampo*, veciños de Castrelo, e bisneta pola mesma vía de *Juan Gómez Arias de Ventosa*, escribán da xurisdición de Montes, e de *Inés Sieira Taboada y Gundín*, veciños de Santa María de Muimenta.

José Arén, segundo declara, tiña por oficio “coidar da súa facenda”, que supuña un valor de máis de 2.000 ducados. Vivían en Portiño (Castrelo).

Por mor dunha falsificación dunhas escrituras de testamento e doazón víronse implicados tanto José como a súa muller Mariana e o seu irmán Gonzalo, sendo condenados Gonzalo a pagar unha multa de 10 ducados, José a pagar os gastos do preito e Mariana por declarar como testemuña da suposta doazón a seis meses de desterro a dúas leguas da xurisdición¹⁸.


José foi sepultado en Castrelo o 8 de abril de 1757 e Mariana o 25 de xaneiro de 1763 tendo feito testamento ante o escribán José Arén (o seu sobriño, pois era fillo natural de Gonzalo Arén, como veremos a continuación).

José de Arén e Mariana Gómez foron os proxenitores de:

16 RAG 20997/1.

17 Protocolos de Juan Darriba (AHPPo).

18 RAG 20947/1.



Firma de José Aren Losada.

1. *Pedro Arén*, bautizado en Cerdedo o 3 de outubro de 1702 tendo por padriños a Alonso Gómez estudante e a Josefa Gómez, veciños de Castrelo.

En 1727 estaba casado con *Agustina Gómez de Castro*, viúva do escribán Pedro Antonio de Valiñas, filla de Benito Gómez del Villar e de Jacinta de Castro, do pazo de Xerlís¹⁹. Foi escribán en Barbude²⁰ polo menos desde 1728 ata 1773 aínda que moitas veces dise que era veciño de Castrelo.

Pedro tivo un fillo de Andrea Reguera, moza solteira veciña de Castrelo, chamado Manuel Bernardo, bautizado o 21/9/1765. (*Libro Sacramental de Ribeira*).

Faleceu en Barbude o 10 de agosto de 1778, sen testamento, sendo enterrado ao día seguinte dentro da igrexa de Paradela.

2. *Francisco*, bautizado en Cerdedo o 18 de abril de 1704. Debeu morrer neno.
3. *Manuela Arén*, recibiu o bautismo en Castrelo o 5 de outubro de 1705 sendo a madriña a súa tía Manuela Arén, veciña de Cerdedo. Faleceu en marzo ou abril de 1714.
4. *Eufemia Arén*, bautizada o 28 de maio de 1708 sendo padriños Alonso Varela Recemil, cura de Millerada, e Eufemia Vaamonde.

19 FERRO, L.M.; BÉRTOLO, J.M. "Pazo de Xerliz y Casa Badía en Guimarei" en *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, nº 10, 2012.

20 RAG 17553/10.

Casou en Castrelo o 27 de decembro de 1756 con Manuel Núñez Miranda²¹, viúvo de Manuela de Pazos, veciño de Berres, e pai de Miguel Núñez, quen pouco despois casou con M^a Francisca, a irmá de Eufemia.

5. *Inés Arén*, recibiu as augas bautismais o 15 de novembro de 1710, sendo os padriños Antonio Gómez de Miranda e a súa muller Inés Reigosa.
6. *Ignacio Arén*, bautizado o 25 de maio de 1713. Foi presbítero en Castrelo.
7. *Francisco Arén*, bautizado o 4 de marzo de 1718, foi escribán en Castrelo. Casou o 28 de xaneiro de 1760 con M^a *Francisca Vaamonde*, (Cfr. APENDICE 2) que foi bautizada o 10 de agosto de 1741, filla de Pedro Casal Vaamonde e de Jacinta Manuela (Barreiro) Baamonde. Para a festa de voda, mataron unha vaca de 22 anos e a que sobrou a “*chacinaron*”.

Ao casar Francisco levou para a casa de Lerce dúas porcas de cría, 79 moios de viño branco, sal e 4.320 reais. Ademais mercou para seus sogros e a súa muller uns zapatos de cordobán. Entón seu sogro delegou en Francisco para rexer a casa, de aí que Francisco pagaba aos xornaleiros, pedreiros e demais criados de seu propio peto.

Seus sogros pagaban ao cura de Castrelos ferrado e medio de cen-teo, que logo debían pagar as súas tres fillas. M^a Ignacia e M^a Antonia, así o facían, pero Francisco, como pai de seu fillo (pois enviuvou moi pronto) negábase a pagar e debía varias anos, polo que o cura en 1772 meteuno nun preito²².

Tivo un fillo bautizado en Castrelo o 28 de xaneiro de 1761 chamado José Arén Vaamonde, que foi aleitado ata o 19 de marzo do ano seguinte por Josefa Pérez, a muller de Antonio Pichel, veciños de Lerce, e atendido por unha criada chamada Ignacia Rigueira.

A súa muller M^a Francisca faleceu o 5 de maio de 1761 (sepul-tada o 7) estando enferma desde o parto. Foi atendida por dous

21 BERTOLO, J.M.-FERRO, L.M. “Casa dos Araújo” Revista *Nalgures* IX, 2013 (<http://www.estudioshistoricos.com/wp-content/uploads/2014/10/nalgures9.pdf>).

22 RAG 13436/79.

médicos, un de Santiago e outro do Ribeiro, e coidada alimentariamente con manteiga, galiñas, carneiro, biscoitos e chocolate. Trala súa morte, os seus vestidos (unha casaca de Segovia, outra de tela de Monfor, outra de pano de Béxar, unha monteira, unha mantilla de crepé, medias de lá, etc.) e os zapatos pasaron ás súas dúas irmás por decisión da súa nai.

Francisco Arén viuvo reclamou á súa sogra o vínculo fundado por Andrés Casal e Susana Ocampo e non quería facer as partillas dos bens de Pedro Casal que seus cuñados reclamaron o 9 de xuño de 1763, pois pedía que se lle devolvese todo o que el aportara á casa de Lerce e quedou alí cando trala morte da súa muller tornou para a casa de Liñares.

En 1765 Francisco exercía²³ como xuíz en Belmonte (Pazos de San Clodio). Finou en Castrelo o 14 de outubro de 1798.

O seu fillo *José Francisco Arén Casal e Vaamonde* uniuse en matrimonio con *Josefa Balboa Cadavid*, filla de Jacinto Balboa²⁴ e Manuela Cadavid Gómez Gundin, veciños de Alvarellos. Finou Josefa en Alvarellos o 19 de xullo de 1820 e José “falleció de senectud a los 88 años” en Castrelo o 3 de setembro de 1849. Os seus fillos foron:

- a. *M^a Ignacia Jacoba Arén Balboa*, bautizada en Castrelo o 30 de xullo de 1784, sendo os padriños Ignacio Arén e Francisca Arén, tíos da nai da bautizada. Celebrou a voda en Vieite (Ourense) o 12 de maio de 1813 con *Pedro José Estévez*, fillo de Tomás Marcos e de Teresa Munin, veciños de Cameixa. Foron pais de *M^a Dolores*, bautizada en Vieite o 30 de abril de 1822, e de *Mariano Estévez* que casou en Folgoso (tras dispensa de cuarto grado de consanguinidade) o 15 de outubro de 1845 con *Dolores Andión Arén* (como veremos despois).

23 RAG 26898/142.

24 Unha irmá da citada Mariana Gómez Guntín, chamada Josefa Gómez Gundín, naceu o 6 de outubro de 1681 en Castrelo e, sendo dotada o 17 de marzo de 1706 polo seu irmán cura Francisco Antonio coa casa e viña de Salón (Alvarellos), casou ese día con Juan Antonio Cadavid, patrón de Limeres, fillo de Francisco Cadavid e Catalina Darriba. Juan Antonio morreu o 14 de agosto de 1753 en Cerdedo e Josefa foi sepultada o 30 de abril de 1765. Unha filla súa chamada Manuela Cadavid Gómez Gundín, bautizada en Cerdedo o 30 de maio de 1714 casou en Cerdedo o 1 de xaneiro de 1743 con Jacinto Balboa, fillo de Leonel Balboa e Camba e de Jacinta López Cervela, veciños de Albarellos.



Marcial Valladares Núñez.

b. *M^a Francisca del Carmen Arén Balboa*, bautizada o 6 de marzo de 1787, tendo por padriño a Fernando Arén, curmán segundo do pai.

c. *Juan Antonio Arén Balboa*, bautizado o 10 de decembro de 1789 tendo por padriños a Pedro Rivas e Rosa Ogando.

d. *M^a Francisca Simeona Arén Balboa*, bautizada o 18 de febreiro de 1795. Tivo estando solteira unha filla o 17 de xullo de 1822 á que chamou Prima Escolástica.

e. *José María Jacinto Julián Arén Balboa*, bautizado o 28 de xaneiro de 1797, tendo por madriña á súa irmá Ignacia. En 1829, sendo xa presbítero, foi testemuña da voda de Eduardo Otero, do pazo da Mota de san Martiño de Riobó, e de Ramona Arén.

f. *Antonia Lorenza Arén Balboa*, bautizada o 17 agosto de 1802.

Filla de José de Arén Losada e Mariana Gómez foi tamén:

8. *M^a Francisca Arén Losada e Cadórniga*, nacida o 4 e bautizada o 7 de agosto de 1720, tendo por padriños a Juan Antonio Cobián Valdés (natural de Asturias pero casado en Castrelo) e a Francisca Jacoba Otero e Luaces, veciños de Parada.

Desposouse en Castrelo o 27 de decembro de 1756 con *Miguel Núñez Miranda e Pazos*²⁵, fillo de Manuel Núñez, e de Manuela Pazos (defunta).

M^a Francisca era cuñada de Manuel Núñez, que casara coa súa irmá Eufemia Arén, polo que dito Manuel era ao mesmo tempo sogro e cuñado de *M^a Francisca*, que tiña 36 anos mentres que Miguel tiña uns 20.

M^a Francisca foi sepultada o 28 de marzo de 1798 e Miguel morreu o 7 de outubro de 1820. Foron os pais de *José Diego Manuel Núñez Arén*, bautizado en Castrelo o 22 de xuño de 1761, tendo por padriños a Diego de Castro, veciño de Castrelo, e a Bernarda Arén Losada, veciña de Folgoso.

25 BÉRTOLO, J.M.; FERRO, L.M. "Casa dos Araújo" (o.c.).

José Diego Núñez Arén uniuse en matrimonio o 8 de decembro de 1783 con *Teresa Ignacia Morciego Población*²⁶, bautizada en Berres o 1 de agosto de 1757 filla de José Morciego e de Teresa Población (falecida o 4/10/1774), que era irmá do cura de Berres don Gabriel Población (falecido o 19/9/1790). Foron os avós do insigne escritor *Marcial Valladares Núñez*.

B. Gonzalo de Arén e Losada

Gonzalo de Arén Losada, fillo do mestre Pedro Arén e Manuela Losada, naceu sobre 1684, xa que en 1714 di ter 31 anos²⁷. Cando morreu seu pai, foi loitar contra Portugal. Logo casou con *Feliciana de Riva Vaamonde*, filla de *Antonio da Riva*, escribán de Montes (falecido en Folgoso o 2 de xaneiro de 1713 con testamento ante Juan da Riva), e de *María Vaamonde* (falecida en Folgoso o 18 de xaneiro de 1716 asistindo 33 sacerdotes a seu enterro), neta por vía paterna de Francisco da Riva, escribán, e de Madalena de Ogando²⁸, veciña de Beariz, e neta por vía materna de Andrés de Casal Vaamonde e de Susana do Campo (unha das fillas do escribán Domingo do Campo Magán e Juana Gulías, da *casa de Lerce*)²⁹.

Juan Darriva, seu sogro, o 8 de decembro de 1712 renunciou ao oficio de escribán a favor de seu xenro Gonzalo, de seu fillo Juan Patricio, de Francisco Gómez de Gundín ou de Manuel Silva, sempre e cando o arcebispo o tivera a ben. En efecto pouco despois Gonzalo aparece xa como escribán.

Gonzalo aparece ata 1714 vivindo en Framil (Castrelo) ou en Insua pero logo viviron na casa do Pumar en Cachofés, que era dos pais de Feliciano e que lle quedou ao primoxénito Juan Patricio Rivas Vaamonde (1688-1737). Pero Juan Patricio³⁰ deixou a casa do


26 Era irmá de capelán e administrador do pazo de Oca don Manuel Morciego Población (AHUS, CD 19) e de don Pedro Morciego Población, cura de Merín e de san Mamede de Ribadulla (segundo consta nos libros parroquiais de Berres).

27 RAG 20997/1.

28 Filla do escribán Alonso Ogando e da súa primeira esposa.

29 Cfr. Apéndice 2.

30 *Juan Patricio*, nacido o 28 de xullo de 1688, casou con Jerónima Pimentel sendo dotado o 19 de xullo de 1706 ante Juan Darriva (AHPPo) polos seus pais e irmán cura Francisco Antonio, coa mellora que sitúan en Folgoso, Alvarellas e Cameixa, e cando morran os pais coa súa lexítima e a de seu irmán, ademais do oficio de escribán, que exercera antes que Antonio Darriva o seu pai Domingo Darriva e seu avó Alonso Dogando. Casaron en agosto dese ano.





Firma de Gonzalo Arén Losada.

Pumar para ir vivir a Sestelo cando morreu a súa tía Ana Pimentel –era unha esixencia para poder herdar de seus tíos Pedro Vaamonde e Ana Pimentel–, e entón Gonzalo, a súa nai e demais familia trasladáronse a esta casa.

En 1737 Juan Patricio e Feliciano fixeron a escritura de partilla dos bens dos seus pais Antonio da Riva e de María Vaamonde ante Alonso Varela (AHPPo).

Gonzalo non fixo testamento e as súas honras fúnebres celebráronse en Folgoso o 23 de decembro de 1743 con 26 curas e freires, dando como ofrenda unha fanega de pan, un canado de viño, un carneiro así como o cesto de costume. Foi enterrado nunha sepultura que pagaban os herdeiros dos escribíans Gregorio Ferrón e Francisco da Riva. E o 28 de xaneiro de 1744 celebrouse outro funeral pola súa alma e o 22 de decembro o cabodano.

O fillo primoxénito foi *Francisco Antonio Rivas Pimentel* (27/9/1707), que casou o 10/9/1731 con Gregoria Reigosa, filla de Alonso e Josefa de Castro Andrade, neto por vía paterna de Gregorio Reigosa, familiar do Santo Oficio, e de Mariana Gamallo de Senra, veciños de Garellas.

Outros fillos foron *Josefa* (que vemos a continuación casada con José Arén Leiro), *José Benito* (Folgoso, 17/3/ 1720), Luisa que faleceu solteira na casa de Pumar o 22 de outubro de 1750 con testamento ante Pedro de Casal Baamonde, e M^a Ignacia Rivas Pimentel, bautizada o 19/10/1722 e que casou en Folgoso o 26 de febreiro de 1750 con Antonio Estévez de Puga, veciño de Cameixa (Ourense), fillo de Antonio Estévez e de Teresa Cerveira, e tiveron un fillo, Tomás Marcos, sen sucesión.



Portalón da Casa de Pumar. Cachofés.

Feliciano finou en Folgoso o 31 de setembro de 1752. Tiña outorgado testamento ante o escribán José Arén, deixando ás súas fillas por herdeiras, pero o seu xenro Juan Seoane non o quixo presentar trala súa morte ante o cura, polo que o este iniciou un preito. E o 20 de marzo de 1758 celebrouse o cabo de ano tralo preito que iniciou e gañou o cura polo que Juan tivo que cumprir coas obrigas: os funerais, 200 misas rezadas e a ofrenda habitual.

Tiveron varios fillos:

1. *Jerónima Micaela Arén da Riva* (ou *Rivas*), bautizada en Folgoso o 5 de maio de 1708, tendo por padriños ao cura

Juan de Gosende e a *Jerónima Pimentel*, a muller de Juan Patri-
cio Rivas, tío da bautizada.

Casou con *Domingo Antonio de Nieves Álvarez*, que de solteiro xa tivera o 19 de novembro de 1730 unha filla, Isabel, de María Caniço, veciña de Vilapouca.

En 1741 o mosteiro de Acibeiro fíxolles foro dunha casa en ruínas e outras propiedades en Soutelo de Montes, a onde se trasladaron a vivir. Domingo refixo a casa e foi dono da Administración de Tabacos de Soutelo e logo da Administración de A Estrada, xuíz por un período na xurisdición de Montes e posteriormente mordomo do Real Hospital de Santiago na década dos 50.

Foron pais de:

- a. *Josefa de Nieves Arén*, nacida sobre 1732 e casada con *José Cadavid*, fillo do xa citado Francisco Cadavid (Cerdedo, 1707-1778), escribán de Cerdedo, e de Josefa Fernández de Godas veciña de Laxas. Viviron en San Paio de Figueroa, –pois Do-

mingo empregou a seu xenro José na Administración de Tabacos de A Estrada-, e bautizaron a seus fillos en San Paio de Figueroa: *Rosa*, 28/8/1758 (casou en 1779 con Antonio Bueno, organista da catedral), *Fernando Ciprián Andrés* 1/6/1758, *M^a Antonia Bernarda* 17/6/1760, *Antonio José* 22/8/1761, *Domingo Antonio* 11/1/1763, *María Ignacia* 8/7/1764 que tivo por padriño a seu tío Ignacio Aguayo, e que casou o 18/5/ 1792 co escribán Bonifacio Paseiro Andújar, e a *Teresa* que casou en 1784 con José Antonio Barros Bermúdez.

Josefa foi enterrada en San Paio de Figueroa o 14 de setembro de 1801.

- b. *Teresa de Nieves Arén*.
- c. *Gonzalo de Nieves Arén*, bautizado en Soutelo de Montes o 18 de outubro de 1741 sendo seu padriño o seu avó Gonzalo Arén e Losada. Foi cura en Santiago e en Olives, onde faleceu o 27 de setembro de 1804.
- d. *Susana de Nieves Arén*, nacida en Soutelo de Montes e bautizada o 18 de marzo de 1745, sendo os padriños o seu primo segundo Alonso de Soto, de Millerada, e a súa tía Susana Arén, veciña de Folgoso. Casou en Xerliz con Andrés Marcelino Gómez de Castro. Andrés e Susana tiveron doce fillos³¹.
- e. *María Francisca de Nieves Arén*, naceu o 19 de novembro de 1743, e bautizada dous días despois en Soutelo sendo os seus padriños Francisco e Francisca de Arén. Casou en Ouzande o 6 de xuño de 1764 con *Ignacio Aguayo Aldemunde*, fillo de Ventura e de Antonia Jacinta e bautizado o 11 de maio de 1730 na parroquia de San Fiz de Solovio en Santiago, de familia de impresores. Con descendencia.
Casou logo na parroquia de San Fructuoso de Santiago, o 27 de xaneiro de 1765, con *Jacobo Vicente Arceo-Cadórniña Neira*. O 22/4/1768 seu pai Domingo demandou³² ao seu novo marido, Jacobo de Arceo, pola oferta dotal que se supón lle ofreceu.

31 FERRO, L., BÉRTOLO, J.M. *Pazo de Xerliz y Casa Badía en Guimarei* (o.c.).

32 Protocolos de José A. Vereá (AHUS).

Viviou na rúa de S. Francisco, parroquia de San Frutuoso, de dita cidade de Santiago e, polo menos temporalmente, en Sergude (Boqueixón). Faleceu sobre 1795.

Deste segundo matrimonio naceu *María Tomasa Arceo*, bautizada en san Frutuoso o 27/4/1767, *María Gaspara*, o 8/1/1769, *M^a Josefa* e *Juan Ramón*, bautizado en Sergude o 8 de Abril de 1772.

- f. *M^a Ignacia Josefa de Nieves Arén*, que recibiu as augas bautismais en Soutelo o 14 de xullo de 1748, tendo por padriños á súa irmá Josefa e ao escribán Alonso Varela Vaamonde.
2. *María Josefa Arén da Riva*, bautizada en Castrelo o 23 de febreiro de 1714, sendo os padriños o seus tíos José Arén e Mariana Gómez.
3. *Jacinta Manuela Arén da Riva*, recibiu o bautismo en Castrelo o 12 de decembro de 1715, sendo os padriños Juan Patricio da Riva, veciño de Folgoso, e Susana Paz Barreiro.
4. *Susana Arén da Riva*, que casou o 16 de maio de 1746 co xuíz Lucas Martínez de Yanguas, natural de Rebordelo (Cotobade). Tamén viviron na casa do Pumar segundo os libros parroquiais. Tiveron descendencia en Rebordelo:
 - a. *Joseph*a, bautizada o 26 de xuño de 1748 e nacida o día 22 tendo por padriños a Don Juan de Seoane e Dona Bernarda de Arén e Lousada, súa esposa, tíos da bautizada.
 - b. *José Antonio*, o 27 de novembro de 1750, nacido o mesmo día do bautismo. Foron padriños don José de Arén e María Antonia de Arén.
5. (*Jerónima*) *Bernarda Arén da Riva*, bautizada en Castrelo o 19 de febreiro de 1719.
 Casou o 20 de xuño de 1742 co escribán *Juan de Seoane García*, fillo de don Domingo e de Teresa García, veciños de Santiago. Entre as testemuñas estaba o citado Domingo de Nieves, o administrador de tabacos de Soutelo e logo de A Estrada.
 O 15 de xullo de 1750 ante Domingo Gómez de Ensán (RAG), a súa nai Feliciana coa conformidade da filla maior, Jerónima, ratificou a doazón que lle fixo Juan de Seoane, pois Bernarda Arén era a filla máis nova e era tradición na familia darlle o morgado á

filla máis nova. Trátase dun lugar en Framil que Feliciana recibira por herdanza da súa nai e de seus avós Andrés Casal e Susana do Campo.

Juan faleceu en Santiago na parroquia de san Bieito do Campo o 13 de decembro de 1782 tendo feito testamento xudicial. E Bernarda, que fixo testamento e mandou dicir 200 misas, foi inhumada en Folgoso o 22 de abril de 1790 con 18 curas. Vivían na casa do Pumar en Folgoso.

Tiveron varios fillos:

A) *José Antonio Seoane Arén*, bautizado en Folgoso o 8 de agosto de 1743 tendo por padriños a José Arén, escribán de S.M., e Susana Arén, solteiros. Probablemente foi avogado da RAC e veciño de A Coruña. Morreu sen testamento, pero deixou 50.000 reais a rédito en Madrid.

B) *Teresa Seoane Arén*, nacida o 22 e bautizada o 24 de xaneiro de 1745. Viviu en san Paio de Lens co seu irmán cura e mercou o 20 de setembro de 1799 mediante poxa unha casa na rúa compostelá do Pombal por 20 ducados de renda ao dominio. Esta casa deulla á súa sobriña Manuela, filla da súa irmá Ignacia, o 13 de decembro de 1815 ante Manuel Felipe González³³. Outorgou testamento o 7 de xaneiro de 1817 deixando como beneficiarias ás súas irmás, pero coa obriga de que lle fixesen o enterro.

C) *M^a Josefa Seoane Arén*, bautizada 8 de xaneiro de 1748, sendo os padriños Lucas Martínez de Yanguas e a súa muller Susana de Arén Vaamonde e Moncada, veciños de Rebordelo e tíos da bautizada.

Casou o 14 de abril de 1784 con *Manuel Ogando*, fillo de Pedro e de Josefa Alonso. Josefa foi sepultada o 28 de setembro de 1819 tendo feito testamento cinco días antes ante o escribán Jacobo Rodríguez del Corral. Pais de:

a) *Tomé Ogando Seoane* que foi bautizado sobre 1778 no Hospital Real de Santiago, xa que o tiveron de solteiros. Tamén figura como nacido en San Martiño de Rebordelo. Recibiu

33 RAG 4778/45.

- tódalas ordes eclesiásticas entre os anos 1808 e 1811 a título de bens patrimoniais sitos en Rebordelo e Corredoira.
- b) *Francisco Ogando Seoane* nacido sobre 1787, foi escribán en Alvarellos. Casou o 15 de decembro de 1808 con María Antonia Carrero, filla de Juan e Benita Otero (veciños de Alvarellos?).
- c) *Ignacia Ogando Seoane*, nacida sobre 1789, casou o 24 de marzo de 1814 con Pedro Cortizo, canteiro e carpinteiro en terras de Ourense e León, fillo de Antonio e Rosa Cortizo, veciños tamén de Folgoso.
- D) *Francisco Antonio Seoane Arén*, bautizado 4 de novembro de 1750 tendo por padriños a Francisco de Arén, veciño de Liñares (Castrelos) e a M^a Antonia de Arén, veciña de Folgoso. Sendo clérigo de prima tonsura foi sepultado en Folgoso o 19 de xaneiro de 1774.
- E) *Ildefonso Ignacio*, bautizado o 13 de marzo de 1753 nacido a véspera, tendo por padriños a D. Alonso Soto e a súa filla Ignacia de Soto, veciños de Millerada.
- F) M^a *Ignacia Jacoba Seoane Arén*, nacida o 28 de xullo e bautizada o 1 de agosto de 1756, tendo por padriños a Carlos de Ribas cura de Xirazga e a Josefa Gómez, muller de Alonso Soto, veciña de Millerada. Casou con Gonzalo, fillo do seu “medio tío” José Arén (*a continuación*).
- G) M^a *Francisca Tomasa*, bautizada o 27 de novembro de 1759, sendo os padriños Miguel Núñez e M^a Francisca Arén, a súa muller, veciños de Sta. Mariña de Castrelo. (o cura chamábase Tomás e poñíalle o seu nome a moitos nenos e nenas). Francisca casou con *Fernando*, fillo do seu “medio tío” José Arén. (*a continuación*)
- H) *Ignacio Alonso Seoane Arén*. Recibiu todas as ordes entre 1774 e 1778 a título de patrimonio en Santa Mariña de Tomonde. Foi cura de Lens. A súa herdanza pasou ás súas irmás, quen deron poder a Teresa para que aceptase a herdanza e pagara os danos e deterioro da casa parroquial, que logo reclamará o novo cura de Lens.

6. *Tomás Gonzalo*, nacido o 3 e bautizado 5 de xaneiro de 1721 en Castrelo, tendo por padriños a Tomas do Gando, veciño de Beariz.
7. José Arén Losada ou Leiro (*que segue*), que Gonzalo Arén tivo de *María de Leiro*.

José Arén Losada (ou Arén Leiro, nalgunhas partidas como a de bautismo) foi bautizado en Folgoso o 16 de novembro de 1714 e casou o 22 de decembro de 1743 con *Josefa Rivas das Seixas ou Pimentel*, nacida en Folgoso en marzo-abril de 1714 e confirmada en 1718, filla do citado Juan Patricio Rivas e Jerónima das Seixas Bolaño³⁴.

José foi escribán como seu pai. Disputou contra seu curmán Francisco Antonio Cadavid por mor dos protocolos que había en Liñares³⁵. Francisco Antonio, que viviu en Laxas, sucedera a seu avó Francisco Gómez Gundín na escribanía e ademais era dono das 2/5 partes da escribanía por compra o 28 de outubro de 1737 a seu tío Pedro Gómez Gundín, escribán de Caldas, que tiña unha parte por herdanza materna e outra do seu tío cura Francisco Antonio. O arcebispo compostelán mandara rexistrar a Francisco Antonio todos os oficios que había na xurisdición de Montes o 20 de marzo de 1741, polo que foi a Liñares á casa de seu tío José Arén e logo a de seu tío Matías Gómez para recoller os protocolos dos Gómez Gundín. Alí había os protocolos de

34 Jerónima era filla de Fernando das Seixas, dono da casa de Bascuas en Sta. María de Rendal (Arzúa), e de Francisca Pimentel Sotomayor, una das fillas de Fernando Pimentel Sotomayor, da casa de Villar de Ferreirós, e da súa esposa Isabel Nandín Falcón. Francisca tiña una irmá chamada Ana, casada con Pedro Vaamonde, que como non tiñan sucesión deixaron como herdeiros á súa sobriña Jerónima e a seu home coa obriga de vivir en Siador.

Juan Patricio Rivas Vaamonde, da casa de Cobas (Folgoso) casou en agosto de 1706 con dita Jerónima de Seixas Bolaño. Pais de:

1. Francisco Antonio de Rivas Vaamonde, nacido o 17 (27?) de setembro de 1707 e da casa de Cobas (Folgoso) casou o 4 de outubro de 1732 con Gregoria Reigosa Castro, nacida o 7 de outubro de 1709, filla de Alonso Reigosa nacido en 1657, e de Josefa Castro e Andrade, neta por vía paterna de Gregorio Reigosa, veciño de Garellas, patrón da capela de Garellas e familiar do Sto. Oficio, e de Mariana Gamallo.

Gregoria xa viúva e aínda que veciña de Siador en Trasdeza, morreu e foi sepultada en Millerada o 10 de decembro de 1774.

2. Josefa nacida en Folgoso en marzo-abril de 1714.

3. Luisa Gabriela, nacida en Folgoso a primeiros de xaneiro de 1717, tendo por padriño a D. Francisco de Riva, abade de Xirarga. Luisa faleceu solteira na casa de Pumar o 22 de outubro de 1750 con testamento ante Pedro de Casal Baamonde.

35 RAG 17553/10.

Pedro Gómez, de Francisco Gómez, de Benito Ogando así como algún de Andrés Casal. A Francisco Antonio Cadavid pedíasele que pagara a José Arén, por ter feito o inventario dos protocolos, pero aquel implica a todos os herdeiros de Francisco Gómez Gundín.

As honras fúnebres de José celebráronse en Folgoso o 29 de marzo de 1768, tendo feito testamento ante testemuñas e Josefa o 14 de outubro de 1792, feito o seu testamento e ofrecendo unha fanega de pan, un canado de viño, un carneiro e o cesto habitual. Os seus fillos foron:

1. *Susana Francisca Arén*, bautizada o 12 de novembro de 1744, tendo por padriños ao escribán Francisco Cadavid, de Cerdedo, e a Susana Arén, de Folgoso.
2. *Fernando Arén*, bautizado o 27 de xuño de 1747, foi procurador xeral de Montes en 1795 e despois xuíz ordinario da xurisdición de Montes durante un trienio³⁶. Casou con case 50 anos o 21 de abril de 1797 con *Francisca Seoane Arén*, con 37 anos, filla de Juan Seoane e Bernarda Arén, polo que tiveron que pedir dispensa xa que eran parentes en segundo grado e en terceiro por consaguinidade. Velaron o 19 de xaneiro de 1798. Veciños de Cachofés e logo de Covas. Francisca faleceu o 14 e foi enterrada o 16 de decembro de 1817 tendo outorgado testamento ante Jacobo del Corral, e Fernando foi sepultado o 18 de maio de 1823 sen ter outorgado testamento. Fillos seus foron:
 - a) *Manuel Arén Seoane*. Foi alcalde de Tabeirós e vivía en Callobre. Fixo cesión de bens en 1827 á súa irmá Teresa ante Mariano Paseiro.(AHPPo)
 - b) *Teresa Arén Seoane*, nacida sobre 1798. Casou con *Antonio da Vila*.
 - c) *Ignacia Arén Seoane*, Nacida sobre 1800. Casou o 17 de xullo de 1821 con *José González*, nacido sobre 1798, fillo natural de Ignacia González, veciña de Folgoso. Veciña de Cobas, foi enterrada o 21 de decembro de 1871 tendo outorgado testamento ante Benito Gamallo (AHPPo). Foron pais de:

36 RAG 321/4 e protocolos de Jacobo Rodríguez de Corral en AHPPo.

- *Manuel González Arén*, a quen súa nai lle deixou en heranza a metade da casa e que casou o 24 de febreiro de 1868 con *Teresa Crego Canabal*, filla de José e Beatriz. Pais de Dolores Ramona e de Gonzalo José González Crego (bautizado o 1/11/1871, sendo padriño D. Manuel Arén)

- *Ricardo González Arén*, veciño de Cobas, que casou o 21 de marzo de 1869 con *María Dolores Fernández Canabal*, filla de Francisco e María. Pais de Marcial, 17/12/1869, e de Ricardo José 8/1/1872 a 1941.

- *Maximino González Arén*, que casou o 14 de febreiro de 1870 con Dolores Pose Cortizo, filla de José e Josefa.

- *Eduardo González Arén*, que casou o 3 marzo de 1863 con *Manuela Fernández Camiña*, ambas fillas de Francisco e María, todos veciños de Folgoso.

d) Francisca Arén Seoane.

e) Josefa Arén Seoane.

2. *Francisca Arén Rivas das Seixas*, (ou *das Seixas Arén*³⁷), bautizada o 24 de xaneiro de 1745, casou por poderes o 21 de febreiro de 1774 co escribán *Jacobo Antonio Rodríguez de Corral*, natural de san Xiao de Cumbraos pero veciño de A Coruña, fillo de Juan Rodríguez del Corral e de María Josefa Sánchez Espiñeira.

Francisca foi inhumada o 19 de febreiro de 1816 e Jacobo o 10 de xullo de 1824 tendo feito testamento ante Francisco Andiñón o 14 de novembro de 1821 deixando como cumpridores a seus fillos don Jacobo e Josefa. Logo fixo un codicilo o 29 de decembro de 1822. Fillas súas foron:

- *Josefa Rodríguez del Corral e Arén*, nacida en 1775, casou o 8 de outubro de 1804 con José Andiñón Domínguez, irmán do escribán Francisco Andiñón, fillos de Lorenzo e Francisca Domínguez (defuntos).

Cando faleceu a súa irmá Francisca, foi ela, que vivía en Ourense, a que se encargou de financiar os actos fúnebres.

- *Francisca Rodríguez del Corral e Arén*, nacida en 1785, casou o 17 de febreiro de 1824 con Domingo Antonio Diz Iglesias, fillo

37 Libros Sacramentais de Folgoso.

de Juan e Josefa, veciños de Presqueiras. Finou o 11 de xuño de 1845 aos 60 anos de idade.

- *Jacobo Rodríguez del Corral* (¿cura de Celanova?)

- *Rosa del Corral* que, cando morreu a súa irmá Francisca en 1845, vivía na cidade de Ourense.

3. (Tomás) Gonzalo Arén (*que segue*)
4. *María Manuela Jerónima*, bautizada o 21 de xaneiro de 1753 tendo por padriños ao cura de Forcarei don Manuel Soto e M^a Antonia de Arén, filla de Gonzalo Arén.
5. *Manuel Francisco Arén*, foi bautizado o 16 de abril de 1754, sendo os padriños o cura de Forcarei don Manuel de Soto e Francisca Arén, filla de José Arén Losada veciño de Castrelos. Vivía en Cobas e faleceu solteiro o 6 de agosto de 1763.
6. e quizais, *José Arén*, avogado da Real Audiencia de A Coruña, onde morreu sobre 1819.

(*Tomás*) *Gonzalo Arén Losada ou Darriva*, recibiu o bautismo o 25 de decembro de 1749 cos nomes de Tomás Gonzalo, sendo padriños Juan Seoane e Bernarda de Arén (medios) tíos do bautizado, pero será coñecido como Gonzalo.

Casou tras pedir dispensa, pois eran parentes en terceiro grado de consanguinidade por unha parte e segunda por outra, o 30 de xuño de 1783 con M^a *Ignacia Jacoba Seoane Arén*, bautizada o 1 de agosto de 1756, filla de Juan Seoane e Bernarda Arén. Vivían na casa do Pumar.

Gonzalo outorgou testamento o 10 de maio de 1800 ante o seu cuñado Jacobo Rodríguez del Corral e foi sepultado o día 13. As honras fúnebres de M^a Ignacia celebráronse o 24 de outubro de 1841 aos 80 anos, con testamento o 29 de agosto de 1840 ante Antonio Vázquez, escribán de Beariz.

Foron pais de:

1. *María Arén Seoane*. Uniuse en matrimonio o 18 de agosto de 1804 co escribán de Covas *Francisco Andión Domínguez*, fillo de Lorenzo Andión e Francisca Domínguez, veciños de Folgoso, actuando na cerimonia nupcial o cura Manuel Antonio Andión. Tanto María como a súa irmá Rosa recibiron un pequeno legado, libre de cargas, da súa tía Teresa Seoane.

Os fillos de María e Francisco tiveron unha concordia cos fillos adoptivos da súa irmá Ramona, chamados Gumersindo e M^a Concepción Otero, veciños de A Mota, polos bens da súa avoa materna.

Francisco, que interveu algo na loita contra os franceses, morreu de gota e foi enterrado o 4 de xaneiro de 1858 aos 80 anos e, como outros escribáns da familia, sen ter outorgado testamento, e María foi inhumada o 26 de xullo de 1826.

Os seus fillos foron:

- a. *Manuela Andiñón Arén*, nacida sobre 1791, faleceu de febre tifoidea, solteira e veciña de Cobas, o 14 de febreiro de 1878 tendo feito testamento ante o escribán Ricardo Lucés.
- b. *José María Andiñón Arén*, nacido sobre 1803 casou con *Gregoria Santos*. José María estando viúvo tivo de *Antonia Varela Monteagudo* un fillo chamado Alonso que foi bautizado o 30 de xuño de 1852. Logo José María e Antonia seguiron convivindo e, cando el xa tiña 80 anos e Antonia 78 anos, casaron o 16 de maio de 1884, ao mesmo tempo que recoñecía a seu fillo Alonso, quen casou o 18 de outubro de 1890 con Pilar Mouteira Ogando.
- c. *Manuel Andiñón Arén*, nacido sobre 1804, faleceu solteiro o 15 de agosto de 1884, deixando como herdeira por testamento verbal á súa sobriña Jesusa Salvadora Estévez, que pagou en 1912 unha misión segundo a intención de Manuel.
- d. *Maximino Andiñón Arén*. Faleceu solteiro o 13 de abril de 1867. Fixo testamento ante Ángel Camiña, deixando por cumpridora a Manuela Álvarez.
- e. *Dolores Andiñón Arén*, casou o 15 de outubro de 1845 con *Mariano Estévez*, fillo de Pedro Estévez e Ignacia Arén (filla de José Francisco Arén Casal e Vaamonde e de Josefa Balboa Cadavid). Vivían en Covas e foron pais de.
 - *Jesusa Salvadora Estévez* (que se confirmou o 23/9/1845 e os pais casaron ao mes seguinte) quen casou en marzo de 1863 con *Francisco Matelo* (tiveron por fillo a José Matelo, canteiro, que casou aos 22 anos o 28 de marzo de 1885 con Teresa Soto, viúva, de 32 anos. Tamén tiveron a Consuelo, bauti-


zada o 29/5/1883 e que casou o 30/9/1908 con Jesús Cortizo Bugallo).

- *Modesta Estévez*, que casou con *Eduardo Andiñón*, fillo de Rosa Andiñón, foron pais de Manuel, que naceu o 5/10/1882 e de Serafín, que naceu o 6/7/1885 e casou o 10 de outubro de 1908 con Teresa Iglesias, filla de pais incógnitos.

- f. *Casiana Andiñón Arén*, casada o 15 de xullo de 1848 con *José Varela Balboa*, fillo de Juan e Josefa, veciños de Folgoso. Veciña de Quintá, foi sepultada o 28 de febreiro de 1866 tendo feito testamento.
 - g. *Rosa Andiñón Arén*, solteira, finou aos 33 anos a causa da mordedura dun can rabioso, tendo lugar o acto fúnebre en outubro de 1848.
 - h. *Pilar Andiñón Arén*. Solteira, faleceu por unha “*calentura lenta*” e enterrada o 20 de febreiro de 1856 aos 41 anos.
2. *Rosa Arén Seoane*. Casou o 8 de xuño de 1807 con *Ignacio Antonio Quibén*, fillo de Benito Quibén (defunto) e de Rosalía Touriño, da parroquia de Santiago de Morillas, sendo testemuñas o presbítero Manuel Andiñón, o escribán Francisco Andiñón e outros. Ignacio foi correxedor de Orcellón. Viviron en Soutelo de Montes, en Xirazga... Tiveron descendencia. Rosa xa falecera antes de 1826.
 3. *Manuela Arén Seoane*. Nacida sobre 1788 vivía en Santiago na rúa do Pombal, e que herdou dos seus tíos paternos o cura de Lens don Ignacio e de Teresa Seoane, veciña de san Paio de Lens (Ames) por doazón realizada o 13 de decembro de 1815 ante Manuel Felipe González³⁸. Solteira, o seu enterro tivo lugar o 26 de febreiro de 1857 aos 69 anos, tendo feito testamento o día 20 dese mes e ano ante Francisco Andiñón, o seu cuñado.
 4. *Tomasa Arén Seoane*.
 5. *Josefa Arén Seoane*. Solteira en 1841.
 6. *Ramona Arén Seoane*, nacida sobre 1798, celebrou a súa voda en Folgoso o 30 de agosto de 1829 con Eduardo Otero Maquiera,³⁹

38 RAG 4778/45.

39 BÉRTOLO, J.M. O pazo da Mota, *Miscelánea Histórica e Cultural*. A Estrada, 2012.



Voda de Ramona Arén con Eduardo Otero.

o vinculeiro do pazo da Mota (A Estrada), bautizado o 28 de decembro de 1806, fillo de Cristóbal Vicente Otero Pazos e de María del Carmen Maquieira Pazos. Estaba entre as testemuñas da voda José María Arén, presbítero e veciño de Castrelo.

Eduardo testou o 6 de xuño de 1831 nomeando usufrutuaria dos bens libres á súa muller Ramona e deixou o vínculo a seu irmán Esteban Manuel. A Eduardo matárono en A Estrada o 7 de abril de 1836 e foi enterrado dous días despois no adro diante da porta principal da igrexa de Riobó. En Folgoso celebrouse un funeral por Eduardo “muerto desgraciadamente”, segundo se di no Libro Sacramental. En recordo do seu asasinato, así como o do seu cuñado Gonzalo Arén e de Fernando Lourenzo, púxose no antigo escudo municipal de A Estrada un anxo chorando sobre a tumba destes tres veciños.

Logo Ramona, cando xa tiña 44 anos, voltou a casar en Riobó o 19 de decembro de 1841 con Ramón Otero Estévez, de case 23 anos, sendo testemuña o licenciado don Manuel Otero. Ramón, bautizado o 19 de xaneiro de 1819, era fillo de José Otero Santiago e de María Estevez Munín, neto de Pedro Otero⁴⁰ e M^a Jacinta de Santiago, e de Tomás Estévez e de Teresa Munin.

40 José Otero casou primeiro con Juana Otero Hermida, país de M^a Concepción (1809) e de segundas con M^a Estévez Senra.



Pazo da Mota.



Escudo de don Gonzalo García Centeno. Pazos de Arenteiro

Ramona e Ramón fixeron testamento o 23 de abril de 1865 ante Manuel Santamarina notario da Estrada. Ramona morreu de pulmonía en Riobó o 25 de xaneiro de 1868 aos 71 anos. Deixaron como sucesores a

dos hijos naturales de Juana García Centeno⁴¹, Gumersindo y M^a da Concepción, habidos de don Pío Otero, para sostén de los pupilos y siempre que estos lo necesitasen y se hiciesen acreedores a ello por sus buenas cualidades en su vida pública y privada.

Era condición para poder herdar que Gumersindo e M^a Concepción levasen o apelido Otero, de aí que fosen coñecidos, el como *Gumersindo Otero García*⁴², que casou con *Dolores García Espinosa*, e ela como *Blandina Concepción Otero García*, que se uniu en matrimonio co industrial *Antonio Sanjurjo Badía*.

7. *Gonzalo Arén*, solteiro, que o mataron os facciosos en A Estrada xunto co seu cuñado Eduardo. Tivo acto fúnebre en Folgoso o

41 *Juana García* (Pazos de Arenteiro, 1816 - Riobó, 1869) era filla do administrador da Encomenda de Pazos de Arenteiro don Gonzalo García Centeno e de Francisca María Portela Álvarez de Barcia, natural e veciña de Santiago de Breixa. Ademais, Juana era irmá de M^a Dolores, cuñada de Ramón Otero, pois estaba casada con Francisco Otero Estévez.

42 Ver descendencia en: BÉRTOLO, J.M. *O pazo da Mota* (o.c.)

26 de abril de 1836 ao que asistiron 43 sacerdotes. Seu pai xa morrera.

8. *Manuel Arén*, veciño de Vilariño, que casado con Josefa de la Peña, faleceu o 15 de novembro de 1862, con máis de 70 anos, sen ter feito testamento.

Apéndice I

Ascendencia de Mariana Gómez Gundín

A ascendencia de Mariana podemos retrotraela ata *Juan Gómez Arias de Ventosa*, escribán da xurisdición de Montes, que estaba casado con *Inés Sieira Taboada y Gundín*, sendo veciños de Santa María de Muimenta⁴³.

Foron os pais de *Juan*, Pedro Gómez (*que segue*) e de *Gómez Ares Gundín*.

Pedro Gómez Gundín casou primeiro con *Catalina Docampo*⁴⁴ da casa de Lerce, (Cfr. <http://www.xenealoxia.org/linaxes/pontevedra/2127-casas-fidalgas-forcarei-iii-familia-do-campo>), de quen tivo unha filla chamada *Dominga Gómez*, veciña de Liñares. *Dominga* casou primeiro con *Pablo Fernández* tendo varios fillos, como *José* (Castrelo, 16/2/1671), presbítero, *Manuela* (16/3/75),... e logo casou con *Antonio Castro Villamoure*, escribán en Castrelos, tendo a *Alonso*, *Francisca* (que casou con Francisco Gil) e *Andrés Castro*.

Logo Pedro voltou a casar e tivo a Francisco (*que segue*), *Benito*, *Santiago*, *Domingo* e *Clara*.

Tamén tivo de *Dominga das Penas*, de Soutelo, dous fillos: *Santiago* e *Clara*.

Fixo un muíño no lugar de Liñares e foi escribán da vila de Caldas de Reis, outorgando testamento o 13 de marzo de 1665 ante Agustín Vázquez de la Peña⁴⁵.

Fundou un morgado e vínculo no que se incluía o oficio de escribán na xurisdición de Montes, que tiña por herdanza da súa nai, e que deixou para seu fillo:

43 RAG 23112/81.

44 RAG 3513/66.

45 RAG 16679/30.

Francisco Gómez Gundín, un dos dous escribáns da xurisdición de Montes e veciño de Liñares (Castrelo), casou con *Jacinta Reigosa*, dotada en 1671 polo seu tío Alonso Reigosa, cura de Quireza.

Como seu pai o 17 de marzo de 1665 fundara unha capela en advocación de San Xosé nun colateral da igrexa ante o escribán Gabriel Gosende, Francisco trasladouna e fixo unha capela en honor de San Xosé no Campo das Laxes do lugar de Liñares, hipotecando o 7 de agosto de 1684 diversos bens de xeito vinculado ante o escribán Gregorio Reigosa. E o 9 de outubro de 1718 ante Benito González de Poza nomeou como patrón a seu primoxénito Pedro.

Francisco finou o 25 de decembro de 1732 e o 22 de setembro de 1736 fixéronse as partillas dos seus bens entre os cinco fillos ante Benito González de Poza, pero iniciaron un preito por non se poñer de acordo sobre a escribanía de Montes que seu avó vinculara e porque algúns bens non se tiveran en conta⁴⁶.

Tiveron varios fillos, dos que sobreviviron cinco:

1. *Pedro Gómez Gundín*, bautizado o 3 agosto de 1670, foi escribán en Caldas. O 2 de outubro de 1737 vendeu a seu sobriño Francisco Antonio Cadavid dúas quintas partes da escribanía de Montes por 6.600 reais. Unha parte das escribanía herdáara de seu irmán cura Francisco Antonio.
2. *Benita*, bautizada o 10 de maio de 1673, non chegou á idade adulta.
3. *Francisco Antonio Gómez Gundín*, bautizado o 18 de xullo de 1674, foi cura de Parada e Castrelo. Faleceu 9 de agosto de 1740, tendo feito testamento ante Pedro Casal no que mandaba que se fixeran unhas boas portas para a ermida do Pego.
4. *Andrés*, bautizado o 28 de outubro de 1676, morreu de neno.
5. Mariana Gómez (*obxecto deste Apéndice*)
6. *Ignacio*, bautizado o 1 xullo de 1680, freire da orde de san Bieito no convento de Sobrado, onde foi prior.
7. *Josefa Gómez Gundín*, naceu o 6 de outubro de 1681 en Castrelo, e sendo dotada o 17 de marzo de 1706 polo seu irmán cura Francisco Antonio coa casa e viña de Salón (Alvarellos), casou en Castrelo ese mesmo día con *Juan Antonio Cadavid*, patrón

46 RAG 16679/30.

de Limeres, fillo de Francisco Cadavid e Catalina Darriba. Juan Antonio morreu o 14 de agosto de 1753 en Cerdedo e Josefa foi sepultada o 30 de abril de 1765. Seus fillos:

- a. *Francisco Antonio Cadavid*, (Cerdedo, 1707-1778), escribán da xurisdición de Montes e tamén aparece como xuíz ordinario do coto de Castro Cavadoso, casou con *Josefa (Fernández) de Godas*, veciña de Laxas, falecida o 14 de setembro de 1801. Tiveron cinco fillos, sendo o primoxénito José, que casou con Josefa de Nieves Arén, veciña de Soutelo, e que viviu en San Paio de Figueroa, como xa se dixo anteriormente⁴⁷.
- b. *María Cadavid*, a muller de Benito Ogando⁴⁸.
- c. *Manuela Cadavid Gómez Gundín*, bautizada o 30 de maio de 1714 en Cerdedo, onde casou en decembro de 1742 con Jacinto Balboa, fillo de Leonel Balboa e Camba e de Jacinta López Cervela, veciños de Albarellos. A súa filla Josefa casou con *José Francisco Arén Casal*.
- d. *Domingo Antonio*, que foi bautizado en Cerdedo o 18 de decembro de 1718.
- e. *Pedro Antonio Gómez Gundín*, bautizado en Cerdedo o 23 de outubro de 1720 e que foi monxe da orde de san Bieito en Celanova.
- f. *Miguel Cadavid Gómez Gundín*, bautizado en Cerdedo o 1 de outubro de 1722, sendo os padriños seus tíos o licenciado Benito Cadavid e Mariana Gómez. Foi cura de Cerdedo.
8. *Alonso Gómez Gundín*, bautizado o 15 de novembro de 1683 non chegou á mocidade.
9. *Matías Gómez Gundín*, bautizado o 24 de febreiro de 1686, veciño de Castrelo, que casou con *Bernarda Vaamonde*. Matías foi enterrado o 17 de xaneiro de 1744 e Bernarda o 21 de decembro de 1756.

47 FERRO,L.M., BÉRTOLO, J.M. "Pazo de Xerliz y Casa Badía en Guimarei" (o.c.).

48 "Casas Fidalgas de Forcarei I" en: <http://www.xenealoxia.org/linaxes/pontevedra/2123-casas-fidalgas-forcarei>.

Apéndice II

A casa de Lerce (Castrelo. Forcarei)

A principios do s. XVII vivía en Lerce (Castrelo) o escribán Domingo do Campo Magán e Juana Gulías. Os bens que tiñan en Lerce foron valorados en 1662 en máis de 3.000 ducados, e ademais tiñan bens en Baladelo e Framil. O matrimonio fixo testamento conxunto o 3 de setembro de 1644, pouco antes de morrer Domingo, na que se di:

“y mandamos que se ofrendan por nuestros cuerpos por cada uno una hanega de centeno y por cada uno una carga de vino del nuevo porque el viejo es caro”...
“y que el día de nuestro entierro y honras se dee de comer y beber a los pobres que se allaren, de las personas de porte se les dé aparte y les traten bien”.

Domingo e Juana tiveron varios fillos:

1. *Pedro do Campo*, cura de santa María de Tomonde (Cerdedo), quen deixou a herdanza á súa irmá Isabel.
2. O bacharel *Agustín do Campo* que casou con Francisca de Soto, viúva, filla de Francisco González de Soto e de María Rodríguez Falcón, veciños de Pazos de Arenteiro (Boborás). Morreu moi novo o 6 de febreiro de 1648, deixando orfos a dous fillos moi pequenos xa que Lorenzo do Campo⁴⁹ tiña 18 meses e Ángela 6 meses.
3. Susana do Campo (*que segue*)
4. *María do Campo* que casou co escribán *Domingo Núñez de Cardecid*, natural de Cuntis, que tiveron a:
 - *María Núñez*, quen casou co escribán de Cerdedo Gabriel de Gosende, -bisavó de Frei Martín Sarmiento- e que faleceu o 7 de xullo de 1676 en Cerdedo con testamento ante Francisco Gómez.
 - *Jacobo Núñez* escribán e veciño de San Miguel de Cora (A Estrada), que casou con Isabel Núñez Varela de Vaamonde, sendo donos da *casa de Barcia*⁵⁰ en Cora.

49 Sobre a descendencia de Lorenzo ver: <http://www.xenealoxia.org/linaxes/pontevedra/2127-casas-fidalgas-forcarei-iii-familia-do-campo>.

50 BÉRTOLO, J.M., FERRO, L. La “casa de Barcia” en San Miguel de Cora (A Estrada). *Miscelánea Histórica e Cultural*. A Estrada, 2011.

5. *Juana do Campo*, que casou en 1627 con Martín Varela de Piñeiro, escribán e veciño de San Xiao de Guimarei, fillo de Martín Varela e de Elvira de Castro, veciña de San Estevo de Largantóns e neto por liña materna de Diego de Castro e Gracia Rodríguez.
6. *Isabel do Campo*, que casou con Juan Rodríguez Casal de Leira, escribán, sendo os fundadores do *pazo de Os Muros*⁵¹ en Parada (A Estrada).
7. *Catalina do Campo*, casou co escribán Pedro Gómez Gundín (Cfr. *Apendice 1*).

Susana Vaamonde casou co escribán da xurisdición de Montes *Andrés Casal Vaamonde*, fillo de Pedro Casal de Moncada, veciño de Arzúa. Vivían en Castrelos.

Cando morreu Susana, o 20 de agosto de 1682, Andrés chegou a unha concordia cos seus fillos o 3 de outubro de 1683 ante Francisco Gómez Gundín. E trala morte de Andrés, o 28 de febreiro de 1692, os seus fillos chegaron a unha concordia e fixeron as partillas o 2 de maio de 1697 ante Juan Darriba.

Foron pais de:

- 1) *Pedro Vaamonde e Ocampo*, avogado da Real Audiencia e veciño de Siador, casou con Ana Pimentel da casa de Bascuas. Recibiu de herdanza a granxa de Graba (Silleda) e 357 ducados. Pedro outorgou testamento o 19 de xaneiro de 1701 ante Juan Darriva no que di que fundou unha capela a N^a Sra do Socorro en Sestelo e deixa como usufrutuaria á súa muller e como herdeiro a seu sobriño Juan Patricio coa obriga de vivir en Sestelo (Siador) entre outras cousas para que non rouben a capela, que debe coidar.
- 2) *Andrés Vaamonde*, presbítero, cura de Silleda e Siador, morreu en 1738. Recibira por herdanza de seus pais 1.662 ducados en bens en Graba, Forcarei e outros lugares.
- 3) *María Vaamonde*, que casou o 2 de novembro de 1670 co escribán *Antonio Darriba*, veciño de Folgoso. Tralas partillas dos pais de María, quedaron co dote que recibira, o lugar de Framil, leiras e casas en Tomonde e certos bens en Alvarellos. Ademais os protocolos de Andrés Casal pasaron ás mans de Antonio Darriba.

51 BÉRTOLO, J.M., FERRO, L. Los Leira en Correáns y Parada (A Estrada). *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, Nº 11, 2009.

Foron os pais de Feliciana (que casou con Gonzalo Arén), de Juan Patricio e de Francisco Antonio, clérigo.

4) Eufemia Vaamonde (*que segue*)

Eufemia Vaamonde, que se uniu en matrimonio en Castrelo o 17 de outubro de 1686 co escribán *Manuel Paz Barreiro*, veciño de Acibeiro e parente en 3º e 4º grao, polo que necesitaron dispensa.

Manuel faleceu o 4 de outubro de 1702, tendo outorgado testamento ante Juan Darriba (AHPPo) no que declara que a meirande parte dos bens de Lerce son do morgado fundado polo seu sogro e nomea testamentarios a seu irmán Gonzalo, cura de Forcarei, e a seu cuñado Pedro.

Eufemia que recibiu como herdanza de seus pais todo o de Lerce e algo en Alvarellos, faleceu o 30 de decembro de 1734.

Pais de:

- a) *Serafina Micaela*, bautizada en Castrelo o 15 de setembro de 1688
- b) *Pedro*, bautizado o 24 de decembro de 1689.
- c) *Pascua María*, bautizada o 14 de xullo de 1696, sendo padriños o cura de Forcarei Gonzalo Paz Barreiro e Feliciana Rivas, veciña de Folgoso.
- d) *Serafina Susana*, recibiu o bautismo o 22 de xullo de 1697. Uniuse en matrimonio o 23 de abril de 1725 con Jacinto de Pazos fillo de Juan e de Lucia da Casa, veciños de Couso.
- e) *Aldonza Francisca*, bautizada o 13 de agosto de 1700, sendo padriños o cura Francisco Gomez Gundin e María Gosende, veciña de Cerdedo. O 1 de novembro de 1724 recibiu as arras matrimoniais de *Juan Vieitez*, fillo de Eusebio e María de Serrapio, veciños de Quireza.
- e) *Manuela Jacinta (Barreiro) Vaamonde (que segue)*

Manuela Jacinta (Barreiro) Vaamonde bautizada o 14 de marzo de 1703, tendo por padriños a Francisco Gómez (cura de Castrelo) e Jacinta Reigosa. Casou o 27 de decembro de 1725 co escribán *Pedro Casal Vaamonde*, fillo de Andrés Casal Vaamonde e de María Martínez González de Villar, veciños de Arzúa. A cerimonia nupcial levouna a cabo Andrés Casal, cura de Manduas e unha das testemuñas era Gonzalo Arén, veciño de Parada.

Viviron en Lerce. O 25 de maio de 1744 ante Alonso Varela (AHPPo) nomeou a seu fillo Pedro Ramón, nese momento estudante de filosofía en Santiago, capelán da capela de san André na igrexa de Castrelo.

Pedro Casal outorgou testamento o 4 de marzo de 1762 ante Antonio Canaval veciño de Dúasigrexas, no que mellora a M^a Antonia e a M^a Ignacia xa que M^a Francisca foi elixida para levar o morgado fundado por Andrés Casal e Susana Docampo. Por iso pide que os seus bens xunto cos dados como dote se leven a montón para facer as partillas entre os irmáns. Eran bens capitais del unha casa e lugar en As Barrosas (Arzúa) que tiña arrendado por 11 fanegas de centeo e 2 de millo, e tiña adquirido durante o matrimonio unha renda de 22 ferrados de centeo, que pide leve a súa muller mentres vivise, pois eran ganancias.

Pedro Casal foi sepultado o 19 de setembro de 1762 e Manuela Jacinta o 10 de abril de 1764, tendo outorgado testamento ante Francisco Antonio Cadavid.

Tiveron por fillos a:

1. *Pedro Ramón Casal Vaamonde*, bautizado o 3 de agosto de 1727 tendo por padriños a Gonzalo Arén Losada e Feliciano da Riva, veciños de Folgoso. Foi presbítero e capelán de Castrelo. Foi sepultado o 16/9/1768.
2. *María Antonia Casal Vaamonde*, bautizada o 12 de xuño de 1731, casou o 17 de xullo de 1752 con *Fernando das Penas e Ribas*, fillo de Antonio e Ana Fernández, veciños de Soutelo do Medio (Sta. M^a Magdalena de Montes). Foi dotada cunha “cama de roupa”, dúas vacas coas súas crías, oito ovellas, e unha arca nova de seis ferrados. Foron pais de *Jerónimo Matías*, 24/2/1755, de *José Ramón*, 23/3/1757, e de M^a *Susana*, 3/5/1759.
3. *Alonso Ignacio Casal Vaamonde*, bautizado 22 de decembro de 1733.
4. M^a *Ignacia Casal Vaamonde*, bautizada o 27 de outubro de 1735, casou con Gregorio Pérez, veciños de Barciela (Castrelo) onde ela vendía viño polo miúdo. Foi dotada con dúas vacas, roupa de cama e unha arca de seis ferrados. Finou xa viúva o 11/2/1800.
5. *Alonso Francisco Ramón*, bautizado o 23 de novembro de 1738.

6. M^a Francisca Barreiro e Casal Vaamonde (*obxecto deste segundo Apéndice*) que casou con *Francisco Arén*.

Bibliografía e fontes documentais

FERNÁNDEZ GASALLA, L. "El arquitecto Pedro de Arén (1631-1699)", en *El Museo de Pontevedra*, LXI, Pontevedra, 2007

RODRIGUEZ FRAIZ, A., *Canteiros y artistas de Terra de Montes e Ribeiras de Lérez*, Deputación de Pontevedra e Concellos de Cerdedo e Forcarei, 1982

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. REAL AUDIENCIA. (ARG)

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. (AHPPo)

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE OURENSE. (AHPOu)

ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO. (AHUS)

ARQUIVO DIOCESANO DE SANTIAGO

ARQUIVOS PARROQUIAIS DE CERDEDO E FOLGOSO.

Agracecementos: Agradecemos en primeiro lugar a axuda activa e cooperación desinteresada do doutor ourensán don Jesús García Tobío. Asimesmo agradecemos a don Luís Cagide Diéguez e a don José Pérez Bértolo, párrocos de Cerdedo e Soutelo de Montes respectivamente, a súa atenta e solícita colaboración.



A capela da Algaria: devoción barroca e mecanismo de xestión económica dun patrimonio rural

Damián Porto Rico
damian.portorico@hotmail.com

Resumo. A capela de Santo Ildefonso e a Casa da Algaria, na parroquia estradense de Guimarei, revélanse como un exemplo de explotación agrícola e silvícola sostible característico do século XVIII que quixo trascender ao tempo mediante o recurso tipicamente barroco da vinculación dos seus bens fundacionais. Garda tamén no seu seo unha peza artística esquecida dese período, de gran valor: o retablo atribuído a Francisco Lens.

Abstract. The Saint Ildefonso Chapel and the Algaria House, in Guimarei parish, are a characteristic example of sustainable forestry and farming exploitation of the 17th century. They survived because of the use, typically baroque, of linking its foundational goods. They also keep a forgotten but valuable piece of art of that period, the altarpiece of Francisco Lens.

Home, recorda que eres home: non esquezas nunca o teu nome, se non queres olvidar a túa salvación. Ti apelidaste terra, de terra somentes estás formado; mais a terra subsiste, e ti esvaécete; a terra persevera estable, e o teu pó dispíase. Estuda as túas miserias, medita os teus pesares. Ti non eres nada en realidade e se eres algunha cousa en imaxinación, eu nin me atrevo a compararte a un sono

XOÁN PUGET DA SERRE. *O espello que non adula.*

Unhas consideracións terminolóxicas e haxiográficas previas

Xa anteriormente intentamos aclarar a común confusión que adoita producirse no eido das fundacións eclesiásticas entre termos como *capelanía*, *capela*, *ermida* ou *oratorio*¹. Este último, seguindo a terminoloxía canónica, é un lugar, relativamente pequeno, destinado á oración, ao culto a Deus e á celebración da misa, non erixido en

1 Vid. Porto Rico, D. "Inventario de ermidas, capelanías e obras pías da Estrada (1567-1959)", en *A Estrada: miscelánea histórica e cultural*, Vol. X, 2007, páxs. 187-284.

orixe para utilidade común de tódolos fieis, a diferenza das ermidas e igrexas.

Tocante ás capelanías (xurdidas no século XIV e que acadan o seu momento culminante no XVII e na primeira metade do XVIII), cómpre dicir que son entidades xurídicas consistentes no dereito a percibir os froitos de determinados bens e na obriga ou oficio espiritual de celebrar certo número de misas a intención do fundador. Trátase, pois, de fundacións vinculares perpetuas que levan anexa unha carga en forma de misas que deberán aplicarse en determinado altar, capela ou ermida².

Debemos ter moi presente que para a mentalidade relixiosa posterior ao Concilio de Trento era necesario asegurar a celebración de misas durante longo tempo, que evitarían que o esquecemento dos descendentes sumira ás ánimas dos defuntos na permanencia indefinida no Purgatorio. É máis: no denominado período Barroco, época da apoteose do culto divino e momento no que a preocupación por loubar e glorificar a Deus alcanza o seu cénit, foi a fundación de capelanías con carga de misas o instrumento que mellor servía a este propósito. Mais tamén constituían unha vía de acceso ao estado eclesiástico, unha forma de promoción social para as familias que as controlaban, un xeito de lograr exencións tributarias e unha maneira de explotación agraria: de aí o interese dos grupos emerxentes e das clases máis favorecidas na súa creación e consolidación.

Porque toda fundación, en teoría imperecedeira, supón deixar bens que aseguren a permanencia no tempo dun acto con fins piadosos mediante os seus rendementos. Debían contar cunhas bases económicas sólidas que perdurasen *por todo tempo de sempre xamais*, en palabras da maioría dos que as instituían. De aí a presenza de bens como terras, vivendas e rendas ou censos, combinados entre si para reforzar a estabilidade das súas utilidades e optimizar os recursos. A posición marxinal do metálico debíase ao seu carácter inestable polas quebras financeiras do Estado, as rebaixas dos xuros protagonizadas sucesivamente desde o XVII pola Coroa... Era mellor optar pola terra, valor que se consideraba eternamente seguro aos ollos de

2 Ferreres, Juan B. *Instituciones canónicas con arreglo al Novísimo Código de Pío X, promulgado por Benedicto XV y a las prescripciones de la disciplina española y de la América Latina*. Barcelona. Subirana, 1920. Vol. II, Tít. X, páxs. 41 e ss.

xentes sumidas nunha economía rural atrasada, aínda que sostible. E a solución á que recorrían os fundadores como medio de evitar a disgregación da base económica (canto menos até as leis promulgadas desde 1789 contra a amortización), era a vinculación de bens, que quedaban así unidos e fóra dos circuitos comerciais, destinados en exclusiva ao sostemento da capelanía e do capelán que debía oficiar as misas.

Participa destas figuras de oratorio privado e capelanía de misas a chamada capela de Santo Ildefonso sita no lugar da Algaria da parroquia de San Xiao de Guimarei, sobre a que versarán as próximas follas.

Da devoción a este Santo, decir que xa estaba asentada na zona desde anos atrás: en Santa Mariña de Agar Bieita Mondragón fundara o 24 de xaneiro de 1706³ unha capelanía colativa baixo ese mesmo padroado no altar colateral do lado da epístola da igrexa, hipotecando para o cumprimento das misas dela o lugar de Sorribas entre outros moitos bens; con anterioridade a esa data existía, na próxima parroquia de San Salvador de Cervaña, outra de similar titularidade; e na colexiata de Iria construírase a mediados do XVII por iniciativa do bispo de Quito a capela de Santo Ildefonso, cunha escultura funeraria de orante axeonllado que podería ser un dos precedentes estilísticos do retablo da capela de Guimarei.

Santo Ildefonso foi monxe da orde de San Bieito no mosteiro de Agalia, ás beiras do río Teixo, no que chegou a abade como paso previo a detentar a cadeira arcebispa de Toledo na década 657-667 e que anos antes del desfrutara o seu tío, Santo Uxío III. Refire a historia eclesiástica que en certa ocasión, cando se dispoñía a celebrar na hoxe catedral toledá, sorprendeuno un resplandor procedente do altar. Ildefonso achegouse comprobando que era a Virxe María quen se lle aparecera, e en recoñecemento da defensa que o prelado fixera da súa virxidade⁴ entregoulle unha casula decíndolle “Ti eres o meu capelán e fiel notario. Recibe esta casula que o meu fillo che envía da súa tesoureira”. O milagre acadou fama e foi moi represen-

3 A. H. D. S. Administración parroquial. Santa Mariña de Agar. Libro de Fábrica (1610-1857).

4 A principal e máis coñecida obra de Santo Ildefonso é *De virginitate Sanctae Mariae contra tres infideles*. Nela defende a virxidade perpetua da nai de Xesucristo e dela parte a Teoloxía Mariana peninsular posterior.

tado na plástica posterior (Velázquez, Murillo, Valdés Leal ou o noso gran Fernández Arosa son bos exemplos pictóricos) e na literatura, encabezando os *Milagres de Nosa Señora* de Gonzalo de Berceo:

Fízoli otra graçia qual nunca fue oida,
 Dioli una casulla sin aguia cosida,
 Obra era angelica, non de omme texida,
 Fabloli poccas vierbos, razon buena complida.

Amigo, dissol, sepas que so de ti pagada,
 Asme buscada onrra, non simple, ca doblada:
 Feçist de mi buen libro, asme bien alabada,
 Feçistme nueva festa que non era usada.

Os restos do Santo arcebispo e a súa casula padeceron avatares curiosos durante a dominación musulmá da Península Ibérica: o corpo foi soterrado en Zamora na igrexa de Santa Locaia, onde permaneceu até o ano 1260, cando o bispo Don Sueiro o atopou mercé unha revelación mariana. Máis tarde colocárono no denominado altar de San Pedro, acadando sonda de milagreiro e sendo visitado con asiduidade por fieis de Galicia, León e do norte de Portugal que protagonizaban sanacións como a do cego de Lugo ao que o Santo se lle apareceu prometéndolle a vista se oraba ante as súas reliquias. Desde aqueles tempos non cesou a catedral de Toledo de solicitar a devolución do corpo do seu padroeiro á de Zamora, mais o único que conseguíu foi unha vértebra... e tivo que agardar por ela até o ano 1990.

Da casula consta que chegou a Oviedo, onde no século XVI o xesuíta Sebastián Sarmiento refire a súa visión nunha carta conservada no Arquivo Capitular de Toledo:

É certo que eu estaba en Oviedo ao tempo de abrir aquela arca grande que está no medio da Cámara Santa. A ocasión de abrirose foi a Consagración do Señor Bispo Don Pedro Junco de Posada [...]. Á Consagración acudiu Don Xoán Alonso de Moscoso, Bispo de León e o de Galípoli D. N. Quinteros que era á sazón Abade de Santander. Tendo xuntos un día Don Pedro de Quiñóns aos ditos prelados [...], xuntáronse os bispos e cóengo que tiña as chaves e, logo de abrir a primeira arca [...] deron cun cofre moi pequeno, como dun palmo de largo, o cal tiña unha cartela que decía: “A casula que Nosa Señora deu a Santo Ildefonso”. Moito lles espantou, por parecerlles case imposible que alí collese unha casula. Abriron o cofre con moi grande dificultade, tanto que case estiveron deshauciados de podelo facer, e dentro atoparon un cendal da cor do



Exterior da capela de Santo Ildefonso na Algaria. O cruceiro foi ubicado alí posteriormente.

ceo en forma de capuz portugués, tan grande que poidera cubrir ao home máis alto [...], sen textura nin costura, como unha tela de cebola, tan delicado e sutil que so co alento que respiraban hinchábase como unha vela cando lle da o recio vento.

Parece que a prenda seguía oculta na catedral de Oviedo por temor a que a de Toledo a reclamara. E axiña comenzaron as lendas sobre ela: unhas afirmaban que estaba agochada na bola grande da torre do templo, outras que debaixo da Arca Santa... non era así. As últimas hipóteses ubicábana detrás do retablo da capela de Santo Ildefonso... mais nunca voltou a saberse dela.

Non hai casa medrada sen cabeza rapada

Voltando desde terras castelás á nosa contorna, no lugar chamado da Algaria⁵, en San Xiao de Guimarei, queda aínda en pé a capela fundada no ano 1745 xunto á súa vivenda rural polo cóengo ra-

5 Optamos pola denominación de "Algaria" fronte á de "Algalia" por ser a primeira a forma empregada na documentación da época referida á capela que consultamos.



Vista do interior da capela da Algaria. Retablo adicado a Santo Ildefonso.

cioneiro do Colexio do Espírito Santo de Santiago de Compostela⁶ Don Alonso Martínez Barcia e adicada a Santo Ildefonso.

É unha construción sinxela adxacente á casa, de planta rectangular, dúas portas alinteladas e unha xanela de arco semicircular sobre o acceso principal. Sobreviviu a outros exemplos de capelas e oratorios na mesma parroquia hoxe desaparecidos: desde a adicada a Nosa Señora anexa aos malparados pazo e torre até a que estivo situada fronte á Casa de Xerliz sendo utilizada como palleira moitos anos.

Sen dúbida o máis destacado dela é o retablo acomodado baixo unha falsa media bóveda: peza en relevo de madeira de castiñeiro na que se representa a referida lenda da entrega da casula por parte da Virxe María ao arcebispo de Toledo Santo Ildefonso. Bértolo Ballesteros e Ferro Pego⁷ atribúeno á man de Francisco Lens (1715-1798), mestre de arquitectura e escultura –como aparece mencionado na documentación consultada– que traballou no arciprestádego de Ribadulla por esas mesmas datas⁸ e nas igrexas do Colexio de Orfas⁹ e parroquial de San Froitoso de Santiago de Compostela¹⁰ (antes capela de Nosa Señora da Angustia) co seu cuñado Xosé Gambino (1719-1772) (quen tamén nesas datas operaba na capela do pazo de Oca ademais de facer unha Virxe do Rosario para a igrexa de Santeles e un *Ecce Homo* para a de Guimarei). Gambino e Lens elaboraron, ademais, entre 1763 e 1774 os retablos da igrexa de San Xosé de Padrón¹¹.

6 O denominado Colexio de Racioneiros do Espírito Santo foi fundado o 12 de abril de 1383 na capela dese nome da catedral de Santiago edificada polo burgués Pedro Vidal uns anos antes. O seu bisneto e arceidiago, don Gonzalo Pérez Moscoso, ampliouna, dotou nela catro sepulturas e estableceu o colexio de doce cregos que perdurou até o ano 1852, no que a entrada en vigor do Concordato firmado entre a Coroa Española e a Santa Sé supuxo a desaparición da maioría das súas rendas. Sobre esta institución vid. Carnés García, E. *El Colegio de Sancti Spiritus: una colectividad rentista del clero secular de Santiago de Compostela*. Tese de licenciatura inédita. Santiago de Compostela, 1981.

7 Bértolo Ballesteros, X. M. e Ferro Pego, L. “Casa e capela de San Ildefonso na Algalia (Guimarei)”. En *Capicúa* nº 51, 27/3/2013. A Estrada. S. Ed., 2013.

8 Entre 1746 e 1748 executa o retablo colateral das Ánimas da parroquial de San Breixo de Sergude.

9 E consta que o escribán Xoán Barcia (parente precisamente de Don Alonso Martínez Barcia) actuou como fiador de Lens xunto ao mestre de obras da catedral Lucas Ferro Caaveiro e ao aparelador Clemente Sarela no contrato do retablo maior da igrexa do Colexio de Orfas de Compostela, no que tamén traballou Gambino. A. H. D. S., FX 471.

10 A. H. U. S. Fondos do Hospital Real, atado 2015.

11 Couselo Bouzas, X. *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago de Compostela. Imprenta del Seminario Conciliar, 1933.

Cómpre un inciso para comentar que a veciña cidade do Apóstolo foi, desde mediados do XVII, o gran centro artístico do que partían as liñas anovadoras que revivificarían o –até ese momento– cativo panorama estilístico da nosa patria: a intervención dos máis importantes arquitectos, escultores e retablistas en Compostela, reclamados por mosteiros e cabidos que comenzaban a tarefa de remodelación das súas fábricas fixo que o barroco santiagués difundira de xeito uniforme as súas fórmulas ao longo de todo o XVIII. Fórmulas de grandes nomes da retablística galega como Fernando Casas, Miguel Romai e Simón Rodríguez. Precisamente no entorno artístico de Casas e dos seus colaboradores e discípulos se formou Lens. Aparte doutro importante aspecto a destacar na súa personalidade artística como foi a relación co escultor Gambino, figura clave do tránsito do barroco ao neoclásico; quizáis por elo colaboraron en numerosas obras desde data temperá.

De ser certa a adscripción ao buril de Lens, estaríamos ante unha das súas primeiras obras, aínda que compriría un estudo pormenorizado do retablo e das imaxes para chegar a unha conclusión definitiva que desbotase outras posibilidades.

Alonso Martínez Barcia, o fundador, era un dos fillos adicados á Igrexa de Alonso Martínez e Francisca Barcia (o seu irmán maior –Xosé– obtivo os grados menores en 1704 residindo en Roma, cidade á que emigrara catro anos antes como asistente do pai predicador frei Bernardo da Igrexa, da orde de San Francisco) e recibiu as augas do bautismo en Santa María dos Baños de Cuntis, onde viviran seus pais antes de trasladarse a Guimarei. No 1706 conseguiu a tonsura e os grados menores e no 1714 as ordes maiores, chegando a racioneiro do mentado Colexio do Espírito Santo de Santiago de Compostela e pasando así a formar parte dun estamento privilexiado do clero secular compostelán.

En 1745 outorgou escritura de dotación para fabricar a capela xunto á súa casa “facendo construír ca maior decencia e a todo custo o edificio e altar cun retablo co misterio do referido Santo do meu nome colocando nel o Santo Anxo da miña Garda e o Glorioso San Xoán Bautista. Proporcionoulle ornatos de seda e cálice e patena de prata, de peso de dezanove onzas e algúns adarmes, ademais de dous

candeleiros de bronce de moda, dourados a lume, para a mesa do Altar; e no retablo oito cornucopias tamén de bronce”¹².

Anos máis tarde, mediante o seu testamento de 21 de xullo de 1760,¹³ instituíu nela unha fundación de misas perpetuas pagadeiras cos rendementos de bo número de bens que dispuxo ao efecto. Entre as obrigas dos capeláns (que debían ser descendentes das súas irmáns Dona María Antía e Dona Feliciano Martínez Barcia) figuraba a de habitar a casa alí construída, no lugar da Algaria; e a de estar ordeados de subdiácono aos 21 anos de idade e de presbítero aos 24. E entre as adquisicións que fixo para a dotación figuraba “un oficio de Receptor de primeiro número da Real Audiencia deste Reino, que en vinte e tres de setembro de mil setecentos cincuenta e oito merquei según escritura de venda que del me outorgou Don Gabriel André Piñeiro de Ulloa veciño da freguesía de Santiago de Franca, como Apoderado de Don Nicolás Antón Piñeiro de Ulloa seu pai”. Tamén menciona máis de setenta ferrados de centeo de sembradura unicamente xunto á súa casa da Algaria.

Vemos que a adquisición de rendas e propiedades xunto ao desenvolvemento de oficios señoriais, ás estratexias de enlace matrimonial e á fundación de capelanías, vínculos e morgados apuntalan o proceso de crecemento, expansión e consolidación dos patrimonios das familias da fidalguía e da nobreza.

Teñamos presente tamén que no discurso barroco imperante daquela o crego adquiría un importantísimo papel na vida e na morte, modelando, instruindo e impondo un modelo de conduta que chegou case aos nosos días: estamos ante a consumación dun longo proceso de clericalización da morte e ante o triúnfo do esforzo por revalorizar a dignidade dos eclesiásticos e impoñer o seu papel como intermediarios entre Deus e os homes nunha labor de guía dos fieis, como bos pastores, desde o bautismo até a morte. Considerando que máis da metade dos ordeados a mediados do século XVIII na diocese eran fillos de labregos¹⁴, en palabras de González Lopo

12 Aínda se conserva entre os bens mobles da Igrexa na parroquia un ostensorio barroco de prata de 1761, doazón de Catarina Martínez e o seu sobriño “da Casa da Algaria”, según parte da inscrición do viril.

13 Vid. Anexo I.

14 Barreiro Mallón, B. “El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamiento (siglos XVI-XIX)”. En *Compostellanum* (1988). Páxs. 469-507.

“moitos verían colmados os seus anxeios ao contemplar aos veciños inclinándose ante os seus vástagos, convertidos á súa vez en banderín de enganche ao sacerdocio para irmáns, curmáns e sobriños, ás veces exercendo sobre eles sutís, ou non tan sutís, medios de presión, constituíndose desta maneira auténticas dinastías familiares de presbíteros que se suceden no tempo”¹⁵. O pai Pose –por poñer un exemplo asequible aos lectores interesados na Historia¹⁶– era un fillo de labrador que se fixo sacerdote mercé ao valemto do seu tío André (quen á súa vez se fixera eclesiástico pola axuda do seu tío e reitor de Santa Comba de Rianxo), e que acolleu a un sobriño no seu curato para darlle estudos.

Similar caso aconteceu co sobriño de Don Alonso e sucesor na capelanía: Xoán Bautista Rodríguez Martínez. Bautizado en San Xiao de Guimarei, era fillo dos veciños de Pontevedra Don Marcos Rodríguez Souto e Dona María Antía Martínez Barcia . En 1734 recibiu a prima tonsura; no 1746 os grados menores e o subdiacnado a título dunha das seis capelanías de Don Lope Mendoza da catedral de Compostela; e ao ano seguinte pediu o presbiterado. Era neto pola liña paterna de Don Diego Rodríguez Souto (orixinario de San Xurxo de Codeseda) e de Dona María Acuña (de San Martiño de Salcedo); e pola materna de Don Alonso Martínez Caamaño (tamén de Salcedo) e de Dona Francisca Barcia (de Pontevedra). Antes de cumprir seis anos pasou a vivir na casa do seu tío sacerdote e chegou a presbítero en 1747. Tomou posesión dos bens da Algaria (onde tiña como caseiros á familia de Santiago Rei Porto) e das outras propiedades da súa herdanza no 1770: dúas casas no lugar de Ouzamerxe de Guimarei, outra na rúa do Vilar de Santiago, terras arrendadas en San Paio de Figueiroa, Santiago de Breixa, San Martiño de Negreiros... Todo un conxunto de bens e explotacións agrarias que –xunto ao oficio de Receptor da Real Audiencia– lle permitiron erixir outra capelanía na honra de San Xoán e San Brais no Colexio do Espírito Santo de Santiago, onde, ao igual que o seu

15 González Lopo, Domingo. *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia, 2002. Páxs 106-107.

16 Posse Varela, J. A. *Memorias del cura liberal Don Juan Antonio Pose con su discurso sobre la constitución de 1812*. Madrid. R. Herr (Ed.), 1984.

tío, tamén foi racioneiro. Nomeando á súa vez capelán ao seu sobriño Xoán Francisco Osorio Omaña (fillo ilexítimo nacido en Santo Estevo de Barcia e criado no lugar de Requián de San Xurxo de Vea do cóngo da catedral de Santiago Don Ignacio Osorio Omaña) e expandindo así o sistema de fundacións a prol da familia, ademais de conservar o vínculo xa establecido polo seu tío. Os seus sentimentos de piedade –ou o seus compromisos e estratexias como membro dun grupo privilexiado– levárono mesmo a colaborar para facerlle patrimonio co lugar de Vilar de San Paio de Figueiroa ao veciño de Compostela Xosé Sánchez Cidrás (fillo do escribán Don Domingos Antón Sánchez e de Dona Xosefa Moreda) conforme poidese recibir as ordes sagradas.

E a rede familiar de eclesiásticos non paraba aí: outro sobriño de Xoán Bautista, André Marcelino Gómez Castro tamén se meteu clérigo, xa que seu pai (Don Manuel Gómez Castro, fillo á súa vez do escribán da xurisdición de Tabeirós e Couto do Viso Don Baltasar Gómez Castro, dono da Casa e capelanía de Xerliz) era quen presentaba cura para as parroquias de Santa María de Olives e Santa Baia de Pardemarín: as familias, coma os tecidos, adoitan experimentar na súa totalidade o que acontece nunha parte.

Morreu Xoán Bautista o 21 de decembro de 1786, e entre o case medio cento de persoas que lle debían importantes cantidades de metálico figuraban o veciño de Tabeirós Don André Gómez Castro, o Procurador das Audiencias da cidade de Santiago Don Antón Ferro Caaveiro, o avogado veciño asimesmo de Compostela Don Luís Marcelino Pereira, o escribán do número da xurisdición de Xallas Don Xosé García Figueiroa, o escribán do número de Tabeirós Don Proto Antón Carbón, o escribán da Universidade de Santiago Don Manuel Filipe Rodríguez, o carpinteiro de Santa María de Sar de Santiago Diego Rial... Porque os eclesiásticos tiñan os medios e a capacidade de exercer como prestamistas (a pesares da prohibición de facelo desde os sínodos do século XIV); e os préstamos son un medio de control social, unha forma da xerarquía de aproveitar ao máximo os seus recursos económicos para reforzar e reafirmar a súa posición na tipida rede de clientelismo que estamos a describir.

Faleceu Xoán Bautista logo de ter elixido como sucesor na capela e bens da Algaria mediante o seu testamento de 1778¹⁷ ao veciño de Guimarei Don Filipe Antón Bermúdez Martínez. Este unicamente conseguiu chegar a subdiácono, e no 1816 presentou solicitude ao tribunal do Provisorato do Arcebispado de Santiago pedindo que os bens da capela de Santo Ildefonso fosen reducidos a legado pío alegando que “en principios do mes de xuño do ano de mil setecentos noventa e tres sufriu por espazo de tres meses continuos unha febre moi complicada que chegou a deixalo case sen movemento [en] tódolos membros por tempo considerable; e de resultas por espazo de catro anos padeceu continuos esvaecementos de cabeza e cortedade de vista até o ano de mil setecentos noventa e sete, [no] que víndose algo mellorado e con vocación de ordearse até de presbítero se dedicou á lectura e conseguiu ordearse de subdiácono no ano de noventa e nove. Mais en breve tempo se renovou a cortedade da súa vista, repetíronlle con máis frecuencia e intención os esvaecementos de cabeza e perdeu en tal extremo o uso da memoria que nin se acorda do que sabía cando se ordeou de subdiácono, nin pode reter período nin proposición algunha que escoitaba ler. Neste estado presentáronse [...] os gastos ocasionados en defender os bens da capelanía por non comprendidos na venda de obras pías. De seguido foi saqueada a súa casa polas tropas francesas”. Así, suplicaba ao Provisor que o declarase “exento de recibir as ordes sacras que lle faltan e da pagamento da esmola de ditas misas polos insinuados casos fortuitos e vicisitudes acaecidas”. Ca redución dos bens a legado pío, a súa única obriga sería a de satisfacer a esmola das misas da fundación.

Do período 1826-1831 consérvanse informes sobre estes puntos afirmando

que a Casa e bens quedaron en pouco menos que un xardín, e hoxe todo o mundo sabe o estado que ten pola floxedade e desidia do capelán: as carballeiras quedaron perfectamente poboadas de moi crecidos carballos, que o dito Don Filipe cortou e vendeu até o número de catrocentos vinteseite; e cento noventa e oito castiñeiros, no poidendo facelo según cláusula da fundación, que so lle permite o cortar algún [que] outro que fixese falta para reparar a Casa, e aínda esto con licenza dos padroeiros (que o son o Vigairo e Racioneiro máis antigo

17 Vid. Anexo II.

do Colexio do Espírito Santo), a que non precedeu. Acusábano de que malbaratou e dispou os máis dos bens da fundación, abandonando case por enteiro o cuidado dos edificios da capela e caseiro; por maneira que en vez da grandeza que manifestaban en tempos do antecesor, vanse aproximando á súa derradeira ruína, non sendo de omitir en proba do abandono de dito Don Filipe, que vista polo Excmo. Sr. Prelado a falta de cumprimento das misas de fundación [...] desde moitos anos, tivo por preciso comisionar ao cura de Santa María de Olives para que secuestrase as rendas da capela e por conta do seu produto descargase aquelas.

En 1831 pretendía a capelanía o clérigo de tonsura e profesor de Filosofía na Universidade de Santiago Don Ramón Llanos Martínez, debido ao abandono das obrigas e da facenda da mesma. Este Don Ramón, no preito que seguíu aducía que, ademais de non ascender ao presbiterado, o Don Filipe Bermúdez disfrutaba tamén dun aniversario lego titulado do Santo Anxo da Garda na parroquia de Santa Cristina de Vinseiro, que lle redituaba cinco reais diarios, congrua máis que suficiente. E non dubidou en acusalo de tentar aniquilar dita capelanía, facendo de menos tódolos ornatos e utensilios dela, os mobles do servizo dos capeláns, talou crecidísimas devesas e plantíos de que abundaban as terras da dotación, derrubou muros e causou outros moitos desperfectos que quixo ultimamente desculpar ter ocasionado as tropas de Napoleón cando ocuparon esta Provincia no ano de oitocentos nove.

Como argumentaba Don Filipe que unha das causas para non cumprir ca fundación era que o oficio de Receptor da Real Audiencia se incorporara á Coroa de España por Real Orde de 15 de xullo de 1797, contrapoñía Llanos que

aínda perdido o oficio consta pola mesma fundación ser da capela e pertencerlle ao Don Filipe como capelán unha fermosa Casa, con horta, corral, aira, hórreo, etc. E contigua a ela unha peza de terra que leva en sembradura 70 ferrados toda a labradío, e con outras pezas que ten, resulta que aínda posúe a capela 92 ferrados de sembradura a labradío e herbeira, 63 a toxeira, carballeira e souto, e 46 de monte aberto. E con todo isto ¿poderase decir que está incongruo o capelán de Santo Ildelfonso, e que a capela non produce o bastante para suplir a esmola das cento e tantas misas de fundación? Vamos á conta: dos 92 ferrados que hai a labradío, deixemos os 22 para herbeira e os 70 que quedan producindo cada un a 4 ferrados (é a produción que se da á terra máis ínfima, e a da capela é boa) dan 280 ferrados; ¿E un capellán con 140 ferrados (pois os outros 140 os deixo para o caseiro), boa casa, abundancia de leña de toxo e carballo, castiñeiros e

esquilmo di que non pode ordearse por incongruidade e pide que se lle reduzan cento dez misas que lle manda a fundación? Pero hai máis: ten tamén a capela 77 ferrados e medio de centeo e miúdo, 24 de millo, dous polos e dúas galiñas, todo de renda anual; e aínda con todo isto ¿Non pode pagar as cento e tantas misas pola esmola de 2 reais e medio que trae sinalada a fundación nin ordearse? ¿É por que cumprindo ca fundación non se ordeou aos 24 anos de presbítero e está nos 66 posuíndo a capela sen ter ascendido do subdiaconado, cando expresamente di a fundación que a non ordearse o posuidor á idade dos 24 debe deixala e pasarse a proveer de novo capelán que cumpla en todo as intencións do fundador? ¿É sobre isto, ter por cumprir as misas desde o ano 1814!.

No 1832, tras o preito benefical ante o Provisor, privouse a Don Filipe do goce da capelanía, outorgándolla a Don Ramón Llanos Martínez, natural de Santa Susana de Santiago aínda que con pai oriúndo de Santander.

Posteriormente pasaron os bens a Vicenza Bermúdez, esposa de Gregorio Fraga, ambos de Compostela, que como donos ca Casa da Algaria nomeaban capeláns e pasaban en Guimarei as tempadas de verán. Faleceu Don Gregorio en 1860 e a propiedade chegou pouco despois ás mans da familia Varela.

Co paso dos anos, a capela e o seu vínculo acabaron perdendo boa parte das funcións: as relixiosas por completo desde 1960, ca derradeira voda celebrada alí; e as económicas tornáronse moi minoradas, pois malia conservar as terras, non teñen hoxe a produtividade pasada.

É preciso proclamar que en Galicia a *Casa*, polo seu carácter de institución natural arraigada no país, xurdida polo imperativo dunha realidade económica e ecolóxica –e até por motivos psicolóxicos– debería ser considerada peza básica da organización do noso campo¹⁸. A *Casa* cas fincas afectas a ela é a base económica da sustentación dunha familia: de aí o necesario de manter a súa integridade a través do tempo. É indiscutible que a casa e a familia son as columnas sobre as que se ergue todo o artístico monumento arquitectónico galego. A destrución da familia comenza ca destrución da súa propiedade, do seu patrimonio: preservar a *Casa*, o campo e o monte do que viven as familias galegas debería ser o noso primeiro deber de cara ao futuro.

18 Paz Ares, X. C. *Instituciones al servicio de la Casa en el derecho civil de Galicia*. Salamanca. Imprenta Núñez, 1964.

Máis queda claro que o acceso á clerecía era instrumento seguro de promoción persoal e familiar e os que chegaban á carreira eclesiástica desde o agro (reiteramos: máis da metade) tiñan moitas opcións de ver melloradas as súas posibilidades de ascenso social e económico mediante mecanismos que lles permitían explotar as parroquias, as capelanías ou os patrimonios que lles serviran para ordearse e tratar de perpetuar ese sistema. E se un número elevado de familias campesiñas tentaba promocionarse situando algún membro dentro da Igrexa, este debía cumprir cas obrigas contraídas con quen lle custeara os estudos e lle proporcionara un patrimonio. A preocupación do clero polo medre da súa *Casa* era unha obriga familiar: a relixión tiña un carácter máis social que individual, constituíndo un forte vínculo nas familias e nas parroquias. De aí que xente como Don Alonso (e logo seu sobriño Xoán Bautista) sentaran para a súa familia e *Casa* os alicerces dunha estabilidade que, sen dúbida, pretendían se conservara por longo tempo mediante o control das rendas do territorio.

Bens divididos, bens perdidos: o testamento como instrumento de salvación da alma e do patrimonio

Nas nosas sociedades a herdanza regula a transmisión dos patrimonios familiares, xenerando situacións de inestabilidade para as que se argallaron diversas solucións desde a Idade Media, todas tendentes a solventar o problema das *clases propietarias*, ou máis favorecidas, da fragmentación dos seus bens: desde matrimonios concebidos como instrumentos de alianzas e intercambios e de reconstrución dos niveis de riqueza, até morgados e vínculos, pasando por comunidades patrimoniais de diversa índole entre coherdeiros e, por suposto, a constitución de capelanías que aquí nos atinxen.

Como a descendencia trasmitía unha *condición social*, a herdanza e a sucesión tiñan lugar conforme a un sistema no que a liñaxe e a *Casa* eran o centro arredor do que orbitaba todo: a unidade doméstica agraria por excelencia da sociedade do denominado Antigo Réxime, a explotación rural na que procuraba un ideal de autarquía ou

autonomía produtiva. Precisamente o tradicional mecanismo galego da *mellora* foi establecido consuetudinariamente contra a desintegración e as particións hereditarias gardando certa semellanza co *ancerbenrecht* alemán ou co *homestead* norteamericano. Porque so o patrimonio indivisible é suficiente para cubrir as necesidades dunha familia. Na mesma medida que os morgados, vínculos e fundacións de capelanías entre a fidalguía e a nobreza evitaban a fragmentación dos bens en xeneracións sucesivas, constituíndo unha forma de optimización e maximización dos recursos naturais dispoñibles a prol de quen os detentaba. Debemos ter en conta que transpasado o ecuador do século XVIII o (eco)sistema agrario galego alcanzou os seus límites potenciais desde o que Eiras Roel denominara *euforia nupcial do século XVII* debida á implantación do cultivo do millo; o que levou a un aumento da produtividade por hectárea da terra, fixo posible a creación de novas explotacións –ou de menor tamaño– e posibilitou o establecemento de matrimonios sobre parcelas pequenas implementadas con terreos a inculto. Todo baseado na revolución do millo, a rotación intensiva de cultivos e a ocupación plena da terra cultivable. Cando este sistema se aproximou ao colapso foi necesaria a reactivación de mecanismos como a emigración, a caída da nupcialidade e da natalidade...

Nesta especie de contubernio que se orixina entre natureza e cultura os testamentos convertíranse, por imposición da Igrexa (que chegou a denegar a sepultura eclesiástica aos que morrían sen facelo), nuns instrumentos indispensables para arranxar as contas con Deus e dispor os medios que permitían evitar ou fuxir do Purgatorio, máxime no Barroco. De feito, no 1760 –ano precisamente do de Don Alonso Martínez Barcia– os testamentos son o terceiro tipo de escrituras máis redactadas (despois das de compra-venda e das de poder) na nosa zona, o que a coloca á cabeza de Europa.

O testamento era naquel entón un acto solemne no que o suxeito afrontaba, ao mesmo tempo que o devir dos seus bens terrenos, a idea da morte, da salvación da súa alma: como se unha boa morte redimise toda unha vida pouco edificante. En palabras de Ariès, o testamento foi a maneira de asociar as riquezas desfrutadas en vida

á obra de salvación, ca mediación da Igrexa¹⁹. Porque despois do Concilio de Trento o falecemento pasou a ser momento central da existencia cristiá, motivo de reflexión e acicate para impulsar unha conduta vital acorde aos preceptos doutrinais²⁰. O bo cristián será o que viva como se cada día fose o último, ca única preocupación de acadar a gloria celestial. Pasa así o instante final a converterse no eixo do discurso atemorizante polo que apostou a Igrexa. Todo ca estratexia de modificar comportamentos e mentalidades e disuadir ao fieis de pecar, mais sen lograr (ou sen querer) arrincarlle á morte o tono de angustia que a rodeaba desde facía séculos. E estaba o Purgatorio, ideado no tránsito dos séculos XII ao XIII e que consolidou teoloxicamente a súa realidade no século XVI –frente ao rexeitamento de Lutero– co recoñecemento dos pais conciliares como verdade dogmática na sesión do 3 de decembro de 1563, na que tamén se admitiu que os fieis podían prestar axuda aos defuntos cas súas boas obras. Esta invención tivo unha fonda transcendencia, xa que se rachaba a opción binaria anterior de salvación ou condena, aparecendo a argucia de redimir as culpas menos graves despois desta vida. A partir deste momento é posible relacionarse con Deus nos termos comerciais e mercantís propios do período, como suñou Ariès. E comenzou a multiplicación exponencial do número de misas polas ánimas dos defuntos, coincidindo ca aparición e desenvolvemento dun número crecente de cofradías (que tiñan tamén como parte fundamental das súas labores asegurar a celebración de sufraxios polos irmáns falecidos).

Así, nos séculos XVII e XVIII o sacrificio da misa xogará un papel cada vez maior nas relacións dos homes con Deus. E a posibilidade de vincular a perpetuidade ao cumprimento de determinadas misas os bens da *Casa*, que permanecerían unidos para servir de congrua aos capeláns encargados das cerimonias encamiñadas ao salvamento das ánimas dos membros da familia, supoñía un acicate para as clases propietarias. O aumento do número das fundacións perpetuas, que perseguían asegurar a celebración de misas de maneira indefinida,

19 Ariès. Ph. *La muerte en Occidente*. Barcelona. Argos Vergara, 1982. Páx. 163.

20 González Lopo, D. op. cit. Páx. 687. Sobre o papel da misa como instrumento de salvación, vid. do mesmo autor as páxinas 493 e ss.

foi un dos xestos piadosos máis característicos da sociedade barroca: en Galicia máis da metade dos testadores do período 1681-1700 deciden cargar os seus bens cunha hipoteca espiritual, e até mediados do XVIII hai unha tendencia alzista no número de misas que dispoñen nas súas derradeiras vontades os veciños de Compostela.

Deste xeito a elaboración dun bo testamento como forma de arranxar a herdanza e de dispoñer de parte dela en beneficio da ánima, mostra o triunfo dos principios defendidos pola Igrexa. Os propios reitores das parroquias eran os encargados de velar polo cumprimento das últimas vontades dos defuntos, como se aprecia nas Visitas Pastorais:

Don Ignacio Pastoriza, que sirve esta igrexa e a de Santo André de Somoza [...] declarou ter celebrado tódolos días festivos as misas polo Pobo, e cumprido cas de fundación [...] e que os testamentos que houbo dos seus fregueses defuntos desde a última Visita até o día de hoxe están cumpridos²¹.

E desde a invocación até a denominada profesión de fe deixa constancia o testador Don Alonso do seu xeito de entender a vida e da súa adhesión aos principais misterios da relixión católica pos-tridentina:

Xesús, María e Xosé. No nome da Santísima Trindade, Pai, Fillo i Espírito Santo, que vive e reina para sempre; e da gran Raíña Nosa Señora: Sáibase como eu Don Alonso Martínez de Barcia [...], crendo como firmemente creo no Alto, Soberano e Incomprensible misterio da Santísima Trindade, Pai, Fillo i Espírito Santo, tres persoas distintas e un so Deus verdadeiro, e nos Artigos da fe, e en tódalas demais cousas visibles e invisibles, que cre e confesa nosa Santa Nai Igrexa Católica, Apostólica Romana, en cuxa fe e crenza protesto cos auxilios Divinos vivir e morrer, como fiel católico cristián alistándome debaixo das bandeiras i estandartes da Cruz.

Os mesmos parámetros se reiteran nas derradeiras vontades do seu sobriño Don Xoán Bautista poucos anos despois:

Xesús, María e Xosé. No nome de Deus Amén. Saiban todos cantos esta carta da miña manda e testamento, última e postrimeira vontade como eu Don Xoán Bautista Rodríguez Martínez, [...] crendo como firmemente creo no Misterio da Santísima Trindade, Pai, Fillo i Espírito Santo tres persoas distintas e un único Deus verdadeiro e en todo o máis que ten, cre e confesa nosa Santa Nai Igrexa Católica, Apostólica e Romana, en cuxa fe e crenza sempre vivín e protesto vivir e morrer.

21 A. H. D. S. Administración Parroquial. San Xiao de Guimarei. Libro de Fábrica (1700-1800). Visita Pastoral de 1746.

Pasando ambos por unha breve consideración filosófica moi pa-recida sobre o inevitable da morte:

E recelándome da hora da morte que toda criatura debe temer, pois é tan certa como incerto o como e o cando me sucederá, considerando o moi agradable que é aos ollos divinos semellante disposición feita en tempo hábil sen agardalo para o día de aquel trance tan terrible, desexando dispoñerme para o Xuízo que a ela se segue, e que a miña ánima vaia ben guiada e as cousas desta vida queden ben dispostas, ao servizo e maior gloria de Deus”.

“E recelándome da morte por ser cousa natural a toda vivinte criatura como incerta a súa hora, a fin de que para entón as miñas cousas e bens temporais queden ben dispostos e ordenados a honra de Deus e ben da miña ánima, fago e ordeno este meu testamento e última vontade na maneira seguinte.

E facendo fincapé Don Alonso –non exento de posibles remor-sos– no preciso que lle resultaba ordear a súa herdanza mentras po-día facelo:

E desexando endereitar o Camiño da Verdade e Vida que é o mesmo Deus, en-tendendo que para facelo é cousa non somentes necesaria, senón moi convinte, dispoñer do que neste mundo se dignou pola súa infinita piedade concederme, que foi moito máis do que eu, indigno, merecín.

Sen esquecer o fundamental de toda capelanía e escritura de vín-culo, que era a vontade do testador de que os bens permanecesen unidos por toda a eternidade:

Por todo o cal os capeláns que fosen da dita capela poidan gozar e gocen despois do meu falecemento e o de tódalas persoas que eu sinalare o usufruto de ditos bens e rendas libremente e sen contradición algunha baixo as cláusulas, grava-mes e chamamentos seguintes: O primeiro que ditos bens e rendas non han de poder venderse, dar, doar, trocar, cambear nin en outra maneira algunha allear-se [...], porque é a miña vontade deban subsistir e subsistan perpetuamente por bens e renda de dita capela.

E a de que non se perdese o seu apelido:

Que os capeláns que fosen sucedendo en dita capela deban de usar o apelido Martínez despois do de seu pai para que se conserve o do fundador.

Tamén é significativa a frecuencia ca que nos testamentos se fai lembranza ou memoria dos parentes falecidos e das Ánimas do Purgatorio en xeral: os testadores case sempre desexan compartir os efectos das misas que dispoñen cos parentes defuntos nun póstumo acto de altruísmo. Como no testamento de Don Xoán Bautista:

Ca obriga precisa que lles impoñon de que anualmente nos dous citados altares deban celebrar pola miña ánima, as dos meus pais, as de ditos meus tíos Don Alfonso e Dona Catarina e as do Purgatorio trinta e tres misas rezadas a tres en cada mes.

De aí que non sexa casualidade que no XVIII xurdan petos e cruceiros por toda a nosa xeografía con representacións das Ánimas no Purgatorio. Nin que as oracións máis difundidas e populares da Igrexa católica entre os séculos XVII e XX fosen precisamente as plegarias por elas. Nin que o rosario siga nas mans dos nosos defuntos como vestixio postridentino desta devoción.

Para rematar este apartado, debemos adicar unhas liñas ao interese de ambos testamentos²² para a microtoponimia e a microhistoria das nosas parroquias: neles agroman toda unha caterva de lugares polos que aínda hoxe transitamos como séculos antes fixeron os nosos devanceiros e que son merecedores dunha ollada –e mesmo dun chisco de sensibilidade– que redunde na súa conservación:

A cerrada chamada da Longa [...], á beira do río que baixa do estanque do muíño de Cardavella e vai á ponte que chaman da Pinguela [...]. Un día e unha noite de quince en quince días no muíño chamado da Cardavella, polo que me pagan Estevo Rodríguez e o meu caseiro Xosé Brión un ferrado de millo grosso, outro de centeo e outro de miúdo. Unha peza de monte no que chaman da Torre, sobre a revolta de Carmoa, sembradura de vintedous ferrados de pan, cuxa peza chega até dar cos muros das Veigas da Estrada, cos que confina polo poniente [...]. A cerrada de Ouzamerxe toda de sobresí.

Os bens da Algaria: un exemplo de explotación racional agrícola e forestal

Nunha sociedade de base agraria como a nosa a propiedade da terra é o punto de partida para a comprensión das relacións sociais, xenerando o campesiño as rendas do sistema mediante unha estrutura de pequenas e medianas explotacións. E o territorio, en tanto que espazo culturizado, é susceptible de representar o sistema de valores e crenzas da sociedade que o constrúe.

Na nosa terra a ordenación do medio ambiente sempre se realizou (e segue a realizarse) en estreita relación cos intereses das clases

22 Vid. Anexos I e II.

dominantes, podéndose desbotar a tradicional visión da agricultura galega como lastrada polo minifundismo: o problema non é tanto o pequeno tamaño se o sabemos superar ca vantaxe da enorme peculiaridade e singularidade dos produtos, a optimización das producións, o aproveitamento económico e cultural do monte ca salvagarda da paisaxe... De feito é un dos máis lóxicos sistemas atlánticos, claramente superior ao de moitas zonas de Castela, por exemplo. Esto debíase, en boa medida, a que a *Casa* se sustentaba no uso común do monte, de tipo xermánico, que constituía un suplemento esencial para a produción ademais de supoñer un forte vínculo veciñal: desde a roza de matogueira para facer estrume ou as anovadas até a extracción de leña tanto en masas arbóreas como en formacións con distintos matices de degradación: toxeias, xesteiras e uceiras. Todo implementado con cultivos intensivos de horta e cereais e ca cría de gando. Aínda que a día de hoxe é case impensable atopar nun testamento a mención a máis dunha ducia de especies vexetais aproveitables, como acontece cos de Don Alonso e Xoán Bautista: trigo, centeo, millo grosso, millo miúdo, carballos, salgueiros, castiñeiros, ameneiros, xestas, toxos... Ambos reflicten unha riqueza medioambiental (aínda sen esquecer que a agricultura e a gandeiría consisten no mantemento dunhas condicións que impidan o avance do ecosistema cara a etapas máis maduras, favorecendo a unha serie de especies oportunistas como gramíneas e hervíboros) moi distante das que prometen as actuais condicións, nas que o 70% da masa forestal galega corresponde a especies foráneas.

Resulta obvio que as mudanzas na paisaxe e na actividade agropecuaria foron moitas: comenzando polo abandono xeneralizado de terras adicadas tradicionalmente ao cultivo e polos esforzos por roturar e acondicionar outras de deficiente calidade agronómica (brañas, turbeiras, toxeias...), até o de centrar a actividade forestal na plantación de especies pirófilas coma o eucalipto que fan que poidamos fachendear do mellor bosque australiano do mundo. É pintoresco que case trescentos anos atrás Don Alonso do que se poidese gabar fose dunha mentalidade en moitos aspectos máis achegada á contemporánea dos países nórdicos que á galega actual no tocante a repoboacións forestais e manexo sostible de masas arbóreas:

Que os capeláns e cada un no seu tempo, e as persoas a cuxo cargo estén durante a minoría de idade de algúns deles, estén obrigados a ter ben reparada, perfecta e aseada a capela, o seu retablo e ornatos e igualmente a Casa e muros, para que en ningunha maneira vaian en diminución, respecto para compoñer un e outro cando sexa necesario deixo plantados moita cantidade de castiñeiros e carballos, e unicamente neste caso poderán, con intervención do padroeiro, cortar polo pé os precisos, mais ca obriga de plantar de novo cantos se cortaren.

Hoxe as parroquias rurais e a integración do monte no sistema produtivo perderon a súa razón de ser. Os novos establos fan innecesaria a explotación dos montes, que carecen xa das primordiais funcións de produción de toxos e xestas para abonos e de soporte dunha cabana gandeira en semiliberdade: a gandeiría leiteira intensiva caracterízase pola ruptura do policultivo e pola introdución de novas pradeiras artificiais e razas animais (coma o gando frisón) cun ciclo biolóxico similar á fórmula da fábrica. Os montes e fragas convertíronse en terreos *improdutivos* nos que medran especies que perderon boa parte da súa relevancia para os campesiños.

A triste conclusión é que nun prazo de pouco máis de medio século a nosa sociedade rural pasou de manexar o seu patrimonio forestal conforme a tradición, aplicando todo un compendio de silvicultura de frondosas (escollendo os exemplares de maior rendemento ou cortando a superficie precisa para satisfacer as necesidades puntuais) a focalizar os seus esforzos en tirarlle o maior proveito a unha superficie que –pola dinámica dos mercados– somentes é útil para plantar especies denominadas de crecemento rápido mercé a instrumentos como a Lei de Patrimonio Forestal de 1946 e as súas sucesoras. A desorganización da vida social de forma colectiva no rural é resultado da aplicación dun modelo expoliador de recursos naturais executado ao mesmo tempo que a introdución de mecanismos tendentes á uniformización do noso territorio e da nosa sociedade ca manipulación da política forestal: concentrar a propiedade, aumentar o tamaño das parcelas, elevar a produción, facer máis doada a tala e movemento de madeira con accesos axeitados e lograr que suba o seu prezo... mais unicamente o das especies precisas para fabricar pasta de papel. Isto é, mudar a fisonomía da propiedade (o que esixe un esforzo económico e social enorme) para potenciar a plantación de árbores de madeira de baixa calidade e escaso valor



Aspecto actual do muíño da Cardavella e o seu contorno.

engadido. Porque, logo de afundir por completo os aserradeiros tradicionais, ¿onde están as fábricas de mobles, de chapa de madeira noble, a tornería, os parques de calidade ou o peche do ciclo da celulosa? E así o actual modelo ocasiona un dos dramas ecolóxicos máis graves da nosa historia: a siniestralidade incendiaria é de tal magnitude que ningún país de Europa nos supera, en boa parte pola carencia dunhas masas arbóreas diversificadas que fornezan a un tamén diversificado sector industrial, multiplicando o valor inicial da materia prima.



Muíño da Cardavella e o seu contorno.

A propiedade forestal, máis que ningunha outra, ten unha función social, económica e comunitaria, e se queremos manter algo tan propio da nosa cultura como é a *Casa* galega na súa integridade, cómpre defender a propiedade *in universum ius* dos montes e os dereitos sobre as augas da nosa terra. Ese tipo xermánico de explotación que aparece tamén nos muíños, coma o de Cardavella, do que se beneficiaba en parte a Casa da Algaria:

Un día e unha noite de quince en quince días no muíño chamado da Cardavella, polo que me pagan Estevo Rodríguez e o meu caseiro Xosé Brión un ferrado de millo grosso, outro de centeo e outro de miúdo.

É probable que a solución para o futuro non sexa medrar indefinidamente nin aspirar a manter unha produción sempre en aumento nun planeta finito e irrepetible, senón o contrario: decrecer. Poida que menos sexa máis, a efectos de sostibilidade; porque noutrora o pacto tácito da historia e o sentido (común) da verba *progreso* era deixar aos nosos descendentes e demais tribos de cazadores de pokemons –está claro que non vai vir ninguén a salvarnos de nós mesmos– un mundo mellor que o que nos encontramos.

Anexo I

Testamento de Alonso Martínez Barcia, 1760 (fragmento)*

“Xesús, María e Xosé. No nome da Santísima Trindade, Pai, Fillo i Espírito Santo, que vive e reina para sempre; e da gran Raíña Nosa Señora: Sáibase como eu Don Alonso Martínez de Barcia, Racioneiro do Colexio do Espírito Santo incluso na Santa Igrexa de Señor Santiago, e morador na parroquia de Santa María Salomé, atopándome a pé e con saúde, en todo o meu xuízo e cabal entendemento, con que se dignou adornarme a súa Divina Maxestade, crendo como firmemente creo no Alto, Soberano e Incomprensible misterio da Santísima Trindade, Pai, Fillo i Espírito Santo, tres persoas distintas e un so Deus verdadeiro, e nos Artigos da fe, e en tódalas demais cousas visibles e invisibles, que cre e confesa nosa Santa Nai Igrexa Católica, Apostólica Romana, en cuxa fe e crenza protesto cos auxilios Divinos vivir e morrer, como fiel católico cristián alistándome debaixo das bandeiras i estandartes da Cruz [...]. E recelándome da hora da morte que toda criatura debe temer, pois é tan certa como incerto o como e o cando me sucederá, considerando o moi agradable que é aos ollos divinos semellante disposición feita en tempo hábil sen agardalo para o día de aquel trance tan terrible, desexando dispoñerme para o Xuízo que a ela se segue, e que a miña ánima vaia ben guiada e as cousas desta vida queden ben dispostas, ao servizo e maior gloria de Deus e a súa Nai Santísima, fago e ordeno este meu testamento e postrimeira vontade na maneira seguinte:

Iten digo que por canto nos cinco de febreiro do ano pasado de mil setecentos corenta e cinco, por ante André de Moreda, escribán da S. M. e de Número e Cabido desta Santa e Apostólica Igrexa de Señor Santiago outorguei escritura de dotación para fabricar unha capela con advocación do Santo do meu nome ca obriga de construíla e adornala de ornatos e máis necesario para nela celebrarse o Santo Sacrificio da Misa, dotándoa para a súa permanenza das dúas propiedades que nela se expresan en virtude da cal, con licenza do Señor Ordinario deste Arcebispado, precedido do informe e licenza de Don Ignacio Pastoriza, cura de San Xiao de Guimarei, en cuxos termos e miña Casa do lugar da Algaria a fixen fabricar, e asimismo retablo co misterio do referido Santo do meu nome, colocando nel ao Santo Anxo da miña garda e ao Glorioso San Xoán Bautista, que el todo fixen pintar e dourar e igualmente o frontal, e para a celebración do Santo Sacrificio da Misa mandei facer tres ornatos cas súas albas, amitos e cingulos, un

* Originalmente en castelán. A versión galega é do autor [Nota do Editor].

de tapicería de seda para os Santos Clásicos, outro de damasco blanco e carmesí para os Santos Mártires e Confesores, e outro de damasco negro ca súa puntilla para os Santos Semidobles en que se pode celebrar Misa de Réquiem; catro mesas doubles de corporais e lenzos correspondentes, e igualmente merquei un cálice de prata e a súa copa e a da patena sobredourada pola parte de dentro de peso de dezanove onzas e algúns adarmes; un Misal novo con tódolos Santos; dúas mesas de manteis sen encaixes para o altar; dous panos para limpar as mans extra dos purificadores; dúas campaññas, unha máis grande pendurada en dita capela e outra pequena; dous candeiros de bronce de moda dourados a lume para a mesa do altar; e no retablo oito cornucopias tamén de bronce, e desexando endereitar o Camiño da Verdade e Vida que é o mesmo Deus, entendendo que para facelo é cousa non somentes necesaria, senón moi convinte, dispoñer do que neste mundo se dignou pola súa infinita piedade concederme, que foi moito máis do que eu, indigno, merecín [...] doto e fundo en dita capela do Santo do meu nome, unha capelanía colativa de dita advocación de Santo Ildefonso, ca carga perpetua que desde logo lle impoño de dúas Misas rezadas cos seus responsos cada semana, que se deben celebrar perpetuamente na dita capela e o seu altar polo capelán que fose sucedendo nelas; e en tanto non se fixese sacerdote, deberá pagar por cada unha de esmola dous reais e medio de vélaro; e nas semanas nas que caísen as sete festividades de Nosa Señora, como son a Purificación, Anunciación, Asunción, Natividade, Presentación, Concepción i Expectación, deba celebralas precisamente destes Misterios e cada unha delas supla unha das que lle corresponde por semana; e ademais de ditas dúas misas semanarias, teña a obriga de dúas misas cantadas, unha no día de Santo Ildefonso, Santo do meu nome, e a outra o día dous de outubro, en que se celebra a festa ao Santo Anxo da Garda [...]. E para que o tal capelán que fose sucedendo en dita capelanía teña a congrua e alimento necesario con que sustentarse según a decencia do seu estado, a situo e fundo ademais do territorio chamado da Tomada e dos seis ferrados que do Prado da Longa contén dita escritura primitiva de fundación [...] cos máis bens que agrego e dono á dita capela neste testamento, que uns e outros son os que seguen: un oficio de Receptor de primeiro número da Real Audiencia deste Reino que en vinte e tres de setembro de mil setecentos cincuenta e oito adquirín según escritura de venda que del me outorgou Don Gabriel André Piñeiro de Ulloa, veciño da freguesía de Santiago de Franza, como Apoderado de Don Nicolás Antón Piñeiro de Ulloa, seu pai [...]. A Casa do lugar da Algaria co seu portal de cantería, corral, cabaleirizas, todo pechado con aira, horta pechada de sobresí e lugar pegado, un e outro a ela, sito na freguesía de San Xiao de Guimarei, sembradura de máis de setenta ferrados de centeo, ca súa fonte dentro que rega a maior parte da dita terra, e a outra, aínda que non toda,

se rega de nove en nove días un día ca súa noite menos tres horas ca que ven da fonte que chaman da Torre [...]; todo é libre salvo dezmo a Deus menos catro ferrados en sembradura que son da Fábrica de dita igrexa de San Xiao de Guimarei en virtude de foro da mesma polo que se pagan catro ferrados de centeo e catro de millo miúdo [...], e todo está pechado e circundado de muro dobre de pedras cas súas capas de máis de oito cuartas de alto e tres de ancho, cos seus cabaletes desde a ponte que chaman da Igrexa [...]. Unha peza de herdade labradía chamada das Senras, sembradura de tres ferrados de centeo [...]. Outra peza de herdade chamada dos Pardiñeiros, sembradura de medio ferrado de centeo [...]. Outra chamada de Portelos de Abaixo, sembradura de nove cuartillos, ca súa auga de rega [...]. Outra peza de herdade chamada da Revolta, sembradura de vinte cuartillos ca súa auga de rega [...]. O prado chamado de Oucendes, sembradura de tres ferrados e nove cuartillos de centeo, cas súas dúas presas de auga [...]. Outra peza de herdade que anda a herbeira chamada Chouso da Fonte [...], sembradura de dous ferrados de centeo [...]. Á saída de dita Casa, e en monte que chaman da Algaria, terra de levar en sembradura vintedous ferrados de centeo, poboada de carballos, castiñeiros e salgueiros, que confina polo mediodía co valo que pecha dito lugar da Algaria e segue pegado a el, até a ponte que chaman da Igrexa, e vindo río abaixo até un madarrón que a divide da devesa que alí teñen os veciños do lugar de Cardavella [...]. Outro anaco cadrado de terra poboada de carballos, sembradura de dous ferrados en dito monte da Algaria [...]. A cerrada chamada da Longa, sembradura de dezaseis ferrados de centeo [...]; que a maior parte dela se atopa a toxeira, e a outra de castiñeiros, carballos, ameneiros e salgueiros, a que polo norte, poniente e mediodía se encontra de valo dobre de pedra, todo capeado, e polo levante cunha faz de pedra, á beira do río que baixa do estanque do muíño de Cardavella e vai á ponte que chaman da Pinguela [...]. Un día e unha noite de quince en quince días no muíño chamado da Cardavella, polo que me pagan Estevo Rodríguez e o meu caseiro Xosé Brión un ferrado de millo grosso, outro de centeo e outro de miúdo. Unha peza de monte no que chaman da Torre, sobre a revolta de Carmoa, sembradura de vintedous ferrados de pan, cuxa peza chega até dar cos muros das Veigas da Estrada, cos que confina polo poniente [...]. A cerrada de Ouzamerxe toda de sobresa [...]. Sembradura de dezaoto ferrados, e ao levante está poboada de carballos e o demais de xesta e toxo [...]. Dous ferrados de pan mediado que me paga anualmente Luís da Graña, veciño do lugar da Panceira [...]. Cincuenta e oito ferrados de pan mediado que polo lugar de Cernadela me paga en cada ano Patricio Troitiño, xenro de Xoán Durán, defunto, Pedro da Fraga e os seus irmáns, Xacinto Durán [...] veciños que foron de dito lugar sito na freguesía de Santo André da Somoza [...]. Nove ferrados de pan mediado de renda que anualmente me pagan Antón Matalobos, Vi-

cenzo Somoza, Clemenzo de Sanmartiño e máis consortes pola cuarta parte enteiramente do lugar de Vinseiro de Godoi, sito na freguesía de Santa Cristina de Vinseiro en virtude de escritura de foro ao seu favor outorgada en vintecatro de setembro de mil setecentos trinta e cinco [...]. Catro ferrados de pan mediado e dous polos de renda anualmente que me paga André de Nodar veciño de dita freguesía por unha casa e diferentes propiedades sitas no lugar de Godoi en virtude de foro [...]. Dez ferrados de millo groso e unha galiña de renda que anualmente me paga Domingos do Porto veciños de dita freguesía pola herdade do Pumar de Abaixo sita no lugar de Viso de Baixetes en virtude de foro [...]. Dous ferrados de pan mediado e unha galiña de renda anual que me paga Ignacio Gundín veciño de dita freguesía de Vinseiro por dúas herdades sitas na mesma en virtude de foro [...]. Catro ferrados de centeo e catro de millo groso que anualmente me paga de renda Luís da Graña veciño de San Xiao de Guimarei en virtude de subforo que lle fixen en vinte e seis de novembro de mil setecentos cincuenta e oito [...] de distintas propiedades sitas na freguesía de Santo Estevo de Lagartóns [...]. Ferrado e medio de centeo e un de millo miúdo de renda que anualmente me paga en dita miña Casa da Algaria Bernardo González veciño do lugar de Ouzamerxe, freguesía de Santo Estevo de Lagartóns, en virtude de foro que lle fixen de dúas herdades sitas en dita freguesía, unha chamada do Lavandeiro e a outra chamada dos Campos [...]. Dous ferrados de centeo de renda postos en dita miña Casa que anualmente me pagan Bertomeu e Simón Núñez veciños de dita freguesía de Lagartóns por unha herdade sita na Veiga de Ouzamerxe, e por outro nome chamada Veiga de Mariña Durán, sembradura de ferrado e medio, en virtude de arrendamento [...]. Dous ferrados e medio de centeo que en virtude de arrendamento me paga na miña Casa da Algaria anualmente Francisco da Pena, veciño de dita freguesía de Lagartóns pola herdade chamada dos Campos, sembradura de dous ferrados e medio sita na mesma freguesía [...]. Unha leira de herdade sita na Veiga da Cruz [...]. Tódolos cales bens e rendas son meus por telos herdado, así pola mellora que de tercio e quinto fixo ao meu favor Dona Francisca de Barcia miña nai difunta en cinco de agosto do ano pasado de mil setecentos vinte [...], como por ter adquirido as lexítimas da miña irmán Dona Feliciano [...], a do meu irmán Don Pedro Xosé Martínez de Barcia, veciño da cidade de Roma [...], a de Dona María Bernarda miña irmán [...] e a de Dona Catarina Martínez de Barcia [...], pois a da miña irmán Dona María Antía levouna nos bens de Pontevedra, nos que a dotara o meu defunto pai Don Alonso Martínez para casarse con Don Marcos Rodríguez de Souto [...]. E ditos bens e rendas que deixo sinalados son libres de todo censo, carga, aniversario, vínculo, obriga e hipoteca que non teñen ningunha, excepto a que queda referida, e así os agrego aos máis raíces que adquirise durante a miña vida á dita capela, en propie-

dade e usufruíto deles [...]; por canto para facer a presente disposición qué-dame renda e bens suficientes pola misericordia de Deus, por todo o cal os capeláns que fosen da dita capela poidan gozar e gocen despois do meu falecemento e o de tódalas persoas que eu sinalare o usufruíto de ditos bens e rendas libremente e sen contradición algunha baixo as cláusulas, gravames e chamamentos seguintes: O primeiro que ditos bens e rendas non han de poder venderse, dar, doar, trocar, cambear nin en outra maneira algunha allearse [...], porque é a miña vontade deban subsistir e subsistan perpetuamente por bens e renda de dita capela; e os que se atopan na freguesía de San Xiao de Guimarei en ningunha maneira poidan aforalos os capeláns que nela sucedesen [...]. Que a Súa Santidade, Prelado, persoa eclesiástica nin seglar por ningún caso se poidan entrometer nin entrometan na provisión da dita capela, renda dela nin en outra cousa a ela tocante [...], porque é a miña vontade sexa sempre Padroado Real de Legos e que na dita provisión perpetuamente se garde e observe a orde por min dada e non outra non obstante calquera constitución ou bula da Súa Santidade [...]. Asimesmo é a miña vontade que desde o día do meu falecemento leve e goce o usufruíto de tódolos ditos bens e rendas Dona Catarina Tomasa Martínez de Barcia miña irmán, viúva de Don Diego López de Neira, veciña desta dita cidade, con so a obriga de facer decir mentras vivise en cada un ano as dúas misas cantadas [...] e ínterin a sobredita vivise, non se ha de nomear capelán para dita capela, e á súa morte quero i é a miña vontade sexa primeiro capelán o meu sobriño Don Juan Bautista Rodríguez, presbítero, racioneiro prebendado do meu Colexio do Espírito Santo, ao que desde agora dou por libre de vivir en dita miña Casa da Algaria e residir dita capelanía [...]; reservando como reservo en min o padroado de dita capelanía para nomear persoa que suceda nela despois das vidas de dita miña irmán e sobriño; e se morrese sen facer nomeamento de capelán que lle suceda e de padroiro, dou a miña plena facultade a dito meu sobriño Don Xoán Bautista para que os nomée [...]; e o así presentado deberá ordearse de Epístola aos vinte e un anos e de presbítero aos vintecatro [...]. Que o tal capelán así nomeado deberá vivir en dita miña Casa da Algaria e celebrar as Misas por el mesmo, a menos que esté enfermo ou teña ausencia precisa que non exceda de dous meses no discurso do ano [...]. Que os capeláns que fosen sucedendo en dita capela deban de usar o apelido Martínez despois do de seu pai para que se conserve o do fundador. Que os capeláns e cada un no seu tempo, e as persoas a cuxo cargo estén durante a minoría de idade de algúns deles, estén obrigados a ter ben reparada, perfecta e aseada a capela, o seu retablo e ornatos e igualmente a Casa e muros, para que en ningunha maneira vaian en diminución, respecto para compoñer un e outro cando sexa necesario deixo plantados moita cantidade de castiñeiros e carballos, e unicamente neste caso poderán, con intervención do pa-

droeiro, cortar polo pé os precisos, mais ca obriga de plantar de novo cantos se cortaren [...]. E para que o tal capelán así nomeado teña onde recoller os froitos e rendas que quedan expresadas e estar con decencia, deixolle un hórreo pegado á eira de dita Casa que fixen fabricar sobre seis postes de cantería cas súas capas do mesmo, madeirado e tellado [...], e na adega de dita Casa, unha tulla con división de por medio e as súas dúas pechaduras, e dúas arcas grandes, todo de castiñeiro, e na sala principal que mira á eira dúas medias alacenas [...]. A roupa dunha cama que se compón dun xergón de estopa prosa, un colchón de terliz con la de Castela, catro sábanas de estopilla de dous lenzos e medio, dous cobertores de la de Castela [...]. E no remanente que dos meus bens mobles teño e quedasen tanto nesta miña casa de Santiago como na da Algaria, débedas, dereitos e accións, deixou e nomeo polo meu único herdeiro a dito Don Xoán Bautista Rodríguez meu sobriño [...], estando en dita miña Casa de morada, incluída na referida parroquia de Santa María de Salomé desta cidade de Santiago, a vinte e dous días do mes de xulio, ano de mil setecentos sesenta [...].”

Anexo II

Testamento de Xoán Bautista Rodríguez Martínez (fragmento)*

Xesús, María e Xosé. No nome de Deus Amén. Saiban todos cantos esta carta da miña manda e testamento, última e postrimeira vontade como eu Don Xoán Bautista Rodríguez Martínez, Racioneiro do Colexio do Espírito Santo desta cidade de Santiago, Capelán da do Ilustrísimo Señor Don Lope de Mendoza inclusa na Santa Igrexa dela, encontrándome ao presente a pé e con saúde e en todo o meu cabal xuízo e entendemento natural, crendo como firmemente creo no Misterio da Santísima Trindade, Pai, Fillo i Espírito Santo tres persoas distintas e un único Deus verdadeiro e en todo o máis que ten, cre e confesa nosa Santa Nai Igrexa Católica, Apostólica e Romana, en cuxa fe e crenza sempre vivín e protesto vivir e morrer e recelándome da morte por ser cousa natural a toda vivinte criatura como incerta a súa hora, a fin de que para entón as miñas cousas e bens temporais queden ben dispostos e ordenados a honra de Deus e ben da miña ánima, fago e ordeno este meu testamento e última vontade na maneira seguinte. Iten declaro ter unha casa dun alto frente á do Señor Conde de Maceda na rúa do Vilar desta cidade sinalada co número primeiro [...] a que é libre dezmo a Deus e so se pagan por ela once reais de pensión á Don Xoán Abrales de Mendoza e un real á Fábrica da parroquia de Santo André [...], cuxa casa adquirín de Don Xosé García [...] en sete de setembro do ano pasado de mil setecentos setenta e catro [...]. Como tamén percibo cada ano de Bieito Touceda, veciño de San Breixo de Arcos, setenta e cinco reais de réditos dun censo de dous mil e quinientos de principal, según instrumento ao meu favor outorgado en dezasete de abril do ano de mil setecentos sesenta e nove [...]. Asimesmo percibo dezaioito ferrados de trigo postos nesta cidade por bens que adquirín de Francisco Ferreiro no lugar de Esmorede da freguesía de Santa María de Alón [...]. Con máis percibo seis ferrados de trigo pola cuarta parte do lugar do Outeiro sito en San Cristovo de Mallón [...]. Asimesmo percibo oito ferrados de trigo postos nesta cidade por bens que adquirín de Ignacio Feáns no lugar de Ser na freguesía de San Pedro de Ser [...]. E máis percibo cincuenta e un ferrados de centeo e dúas galiñas según foro polo lugar de Barciela [...]. Asimesmo percibo de Domingos Vilanova e consortes trinta e un ferrados e medio de centeo e unha galiña postos na súa casa do lugar de Riobó de Riba sito na freguesía de San Martiño de Negreiros, xurisdición de Trasdeza [...]. E máis percibo dezano-

* Originalmente en castelán. A versión galega é do autor [Nota do Editor].

ve ferrados e medio de centeo de Xosé Vilanova veciño de Santiago de Breixa según arrendamento que lle fixen do lugar de Bende de Riba e de Abaixo na dita freguesía de Negreiros [...]. Asimesmo percibo de Pedro Montoiro dezaseis ferrados de millo grosso e catro de centeo polo lugar de Vilar en San Paio de Figueiroa postos na Casa da Algaria de Guimarei [...]. E máis percibo o froito das herdades sitas en dito lugar de Vilar que me traballa a medias Domingos da Graña ao que se arrendaran ou aforaran. Máis percibo o froito que produce o Prado de Ousendes dos Rodríguez e unha herdade na Veiga do Río todo sito en Guimarei que até agora fixen traballar ás miñas expensas. Con máis percibo de Xosé das Penas veciño de Guimarei pola herdade de Porto a Cartas e outras sete ferrados e medio de centeo e quince de millo grosso postos dentro de dita freguesía según arrendamento ao seu favor [...]. Asimesmo percibo de Caetano Valcárcel veciño de Guimarei tres ferrados de centeo e doce de millo grosso postos dentro da dita freguesía pola herdade do Pozo de Abaixo e outros según arrendamento ao seu favor [...]. E máis percibo de Don Estevo de Ribas, Abade de Guimarei, tres ferrados de millo grosso e catro cuartillos por unha herdade a herbeira no cerrado de Porto a Cartas según arrendamento simple [...]. Asimesmo percibo de Rafael Touceda veciño de Guimarei tres ferrados de centeo e sete de millo grosso postos dentro de dita freguesía según arrendamento ao seu favor outorgado das herdades de Souto de Abaixo e outras [...]. E máis percibo de Domingos Antón Barcala veciño de dita freguesía cinco ferrados [de] centeo e cinco e medio de millo grosso postos dentro da mesma freguesía según arrendamento ao seu favor [...]. Asimesmo percibo de María Valcárcel viúva veciña de dita freguesía oito ferrados de millo grosso postos dentro da mesma freguesía pola herdade do Chouso da Fonte de Campos e outras según foro e subforo ao seu favor [...]. Asimesmo percibo de André Valcárcel veciño de dita freguesía vinte ferrados de millo grosso e seis de centeo postos dentro de dita freguesía polo lugar de Torrebella según arrendamento ao seu favor [...]. Con máis percibo o froito das herdades da Reboltiña, dos Rodríguez, de Cadabal de Abaixo e da Devesa que en dita freguesía me traballa a medias María Rodríguez e o seu fillo Manuel Sanxiao, as que se arrendaran ou aforaran. Como tamén son miñas unhas herdades de herbeira na da Abroteira e no Castiñeiro do Santos en dita freguesía [...]. Iten digo e declaro que é a miña vontade de fundar no máis ben parado destes ditos bens e máis que teña unha capelanía, e se non a fundare en vida como desexo rogo aos señores meu cumpridores o executen á miña morte o máis pronto que poidan, cuxa capelanía debe ser titular colativa e padroado laical advocación de San Xoán e San Brais, as imaxes dos cales están colocadas nos altares de San Francisco de Borxa e San Francisco Xabier da Real Igrexa do meu Colexio para que a título dela poidan ordearse até de presbíteros so capeláns que fosen dela, e por tais nomeo ao

acólito máis antigo que fose de dito Colexio ca obriga precisa que lles imponho de que anualmente nos dous citados altares deban celebrar pola miña ánima, as dos meus pais, as de ditos meus tíos Don Alfonso e Dona Catarina e as do Purgatorio trinta e tres misas rezadas a tres en cada mes [...] e especialmente lles imponho a obriga de ser sacristán maior que asista de pelliz a tódalas misas cantadas con palmatoria, vísperas e máis funcións do Colexio por sí mesmo, sen que poida poñer outro no seu lugar senón en enfermidades [...] e para a súa congrua sustentación lle sinalo anualmente mil cen reais, os que se sinalarán no mellor e máis ben parado dos ditos meus bens, os cales se entregarán ao Colexio para que os administre [...]; e para que os da miña familia poidan gozar deste ben quero e é a miña vontade que ditos señores Vigairo e Racioneiros habendo parente meu por parte de pai ou nai capaz e de boa vida e costumes que poida ser acólito o noméen por tal dando as fianzas necesarias a fin de que co tempo, sucedendo vacante, poida gozar dita capelanía [...]. E para primeiro capelán sacristán maior nomeou a dito meu sobriño Don Xoán Francisco Omaña e Rodríguez clérigo de maiores ordes ao que se exima da obriga de confesar e quero que aínda que teña outra renda de calquera valor que sexa nesta cidade goce esta capelanía e poida poñer sustituto que lle excuse da súa obriga cando non poida asistir. Iten digo é asimesmo a miña vontade de fundar en dito Colexio do Espírito Santo dúas prazas de cantores, unha con renda de oitocentos reais e a outra ca de setecentos anualmente [...] en suxeitos hábiles de voz corpulenta e sonora, bens instruído[s] en canto llano e de boa vida e costumes [...] pois o meu ánimo é o de que as funcións diarias que teñen no Colexio se fagan ca maior debida solemnidade e uniformidade de voces no coro [...]. E os bens que os meus cumpridores sinalaren para producir anualmente ditos mil cincocentos reais desta fundación os entregarán aos señores Vigairo e Racioneiros para que os administren como o fan dos máis que teñen [...]; e na mesma conformidade lles entregarán bens que produzan cada ano douscentos reais vélaro os que lle sinalo por razón de administración dos bens de dita capela e prazas de cantores [...]. Iten digo me causa a maior aflicción e desconsolo o que na fermosa igrexa do Real Padroado de S. M. que se dignou aplicar ao Colexio do Espírito Santo por falta de dotación non se fagan nela polos señores Vigairo e Racioneiros de dito Colexio os Oficios de Semana Santa para edificación dos fieis en memoria da Pasión e morte do meu señor Xesucristo e a súa Gloriosa Resurrección e desexando que por máis tempo nos días de Venres e Xoves da semana santa non estean pechadas as portas é a miña vontade que no Domingo de Ramos, Luns, Martes e Mércores se celebre Misa Cantada con diácono e subdiácono [...], aplicando ditas Misas pola miña ánima, as dos meus pais, ditos meus tíos Don Alonso e Dona Catarina Martínez e máis da miña obriga. E tamén é a miña vontade de que a cada función das nove se

reparta a cada señor Racioneiro que assistise e aos enfermos contados de tres días naturais dez reais vélaro e aos cantores a cada un dous reais, mais de ningunha maneira gañe ditos interpresentes o señor Racioneiro que non assistise aínda que teña privilexio de catedrático na Real Universidade ou de Ministro do Santo Oficio de Inquisición [...] quedando libres as casas e bens raíces que pola súa vida deixo legatados ao meu sobriño Don Xoán Francisco Omaña e Rodríguez, á miña criada Xosefa Gago e a Susana Míguez [...]. En dita cidade de Santiago a catorce días do mes de Agosto de mil setecentos setenta e oito [...].”

Posteriormente, o primeiro de febreiro de 1784, anulou “o legato que deixaba ao meu sobriño Don Xoán Francisco Omaña e Rodríguez hoxe Vigairo Cura de Santa María de Cela e so lle deixo por cariño a mellor caixa de prata para tabaco que teña do meu uso, os breviarios pequenos, Diurno e Caderniño sinalados en dito testamento. E para sempre igualmente lle deixo as dúas partes que de cinco fago nas Casas Grande e pequena do lugar de Ouzamerxe sitas en termos da parroquia de Guimarei [...]. Iten digo amplio o legato da miña criada Xosefa Gago e quero que en lugar dos trescentos reais que lle deixaba se lle dean seiscentos [...] e quero que mentras viva perciba cada ano os cincuenta e un ferrados de centeo e dúas galiñas que pagan postos nesta cidade polo lugar de Barciela sito na freguesía de Santo André do mesmo nome Manuel Piñeiro e consortes [...]. E mando que en ningunha maneira se lle rexistren as súas arcas, se lle entregue o liño que ten nunha das miñas e se lle pague do que lle estea debendo de soldadas, pois o que sexa constará dun papel seguro que lle fixen e ten no seu poder. Iten mando por vía de legato á miña criada Xosefa da Igrexa estando no meu servizo ao meu falecemento douscentos reais de vélaro e a súa cama de roupa [...] e se lle pague o que se lle debese de soldada e mando non se rexistren as súas arquañas, pois teño satisfacción das miñas criadas [...]. Iten deixo de legato por unha vez á miña afillada Xoana Rei filla do meu caseiro Santiago Rei douscentos reais [...]. E tamén quero que se despois de cumprido todo o que levo disposto houbese fondos, ou sexa renda sobrante, que chegue a oitenta ducados vélaro se funde unha capelanía colativa a cal presenten os señores Vigairo e Racioneiros en parente meu descendente das miñas irmás [...], terá a advocación de San Brais [...] e para primeiro capelán desta capelanía nomeo ao meu sobriño Don Xosé Bieito Moldes clérigo de menores”.

Bibliografía e fontes documentais

- ARIÉS, Ph. *La muerte en Occidente*. Argos Vergara. Barcelona, 1982.
- BALBOA LÓPEZ, Xesús L. *O monte en Galicia*. Edicións Xerais, Vigo, 1990.
- BARREIRO MALLÓN, B. “El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamiento (siglos XVI-XIX)”. En *Compostellanum* (1988). Páxs. 469-507.
- BERCEO, Gonzalo. *Milagros de Nuestra Señora*. Barcelona. Ediciones B, 1988.
- BÉRTOLO BALLESTEROS, J. M. e FERRO PEGO, L. “Casa e capela de San Ildefonso na Algalia (Guimarei)”. En *Capicúa* nº 51, 27/3/2013. A Estrada. S. Ed., 2013.
- CARNÉS GARCÍA, E. *El Colegio de Sancti Spiritus: una colectividad rentista del clero secular de Santiago de Compostela*. Tese de licenciatura inédita. Santiago de Compostela, 1981.
- COUSELO BOUZAS, J. *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago de Compostela. Imprenta del Seminario Conciliar, 1933.
- FERNÁNDEZ CUBEIRO, E. “Una práctica de la sociedad rural: aproximación al estudio de las capellanías de la diócesis compostelana en los siglos XVII y XVIII”. En Eiras Roel, A. y colaboradores: *La Historia Social de Galicia en sus fuentes de protocolos*. Universidad de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela, 1980. Páxs. 205-215.
- FERRERES, Juan B. *Instituciones canónicas con arreglo al Novísimo Código de Pío X, promulgado por Benedicto XV y a las prescripciones de la disciplina española y de la América Latina*. Barcelona. Subirana, 1920. Vol. II.
- FLÓREZ, E. *España Sagrada. Tomo XXXVII Antigüedades concernientes a la region de los astures Transmontanos desde los tiempos mas remotos hasta el siglo X [...]*. Madrid. Oficina de Blas Román, 1789.
- GONZÁLEZ LOPO, Domingo. *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia, 2002.
- LÓPEZ DE AYALA, I. *El Sacrosanto y Ecuménico Concilio de Trento, traducido al idioma castellano [...]. Agrégase el texto latino corregido según la edición auténtica de Roma, Publicada en 1564*. Madrid. Imprenta Real, 1787.
- MOLINA RODRÍGUEZ, F. “Producción e ecoloxía no monte galego”. En *Revista Galega de Estudos Agrarios*, nº 2, 1979, páxs. 33-56.
- Novísima Recopilación de las Leyes de España. En que se reforma la Recopilación publicada por el Señor Don Felipe II en el año de 1567, reimpresas últimamente en el de 1775*. Madrid. Imprenta Real, 1805.
- PAZ ARES, X. C. *Instituciones al servicio de la Casa en el derecho civil de Galicia*. Salamanca. Imprenta Núñez, 1964.
- PORTO RICO, D. “Inventario de ermidas, capellanías e obras pías da Estrada (1567-1959)”. En *A Estrada: miscelánea histórica e cultural*, Vol. X, 2007, páxs. 187-284.
- POSSE VARELA, J. A. *Memorias del cura liberal Don Juan Antonio Pose con su discurso sobre la constitución de 1812*. R. Herr, Ed. Madrid, 1984.
- VENEGAS, A. *Agonía del tránsito de la muerte con los avisos y consuelos que acerca della son provechosos. En esta última impresión enmendada de muchos errores que en las impresiones pasadas tenía*. Juan Gracián. Alcalá, 1574.

VILA JATO, M. D. “Francisco de Lens en Lugo: el retablo de la iglesia de Vilabade (Castroverde)”. En *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, nº 3, 1987, páxs. 57-68.

Fontes arquivísticas

- A. H. D. S. (Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela). Fondos parroquiais de San Xiao de Guimarei e Santa Mariña de Agar e Fondo Xeral do Arcebispado (FX).
- A. H. U. S. (Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela). Fondos do Hospital Real.



Evolución da talla media dos estradenses entre 1920 e 1990


Chus Fernández Bascuas
chusbascuas@gmail.com

Resumo. Este traballo está centrado na cuantificación da estatura media dos mozos estradenses entre os anos 1920 e 1990 cando eran chamados a filas, momento no que se rexistraban certos valores antropométricos como estatura, peso e perímetro torácico, encontrando que a súa altura estaba por debaixo da media nacional e galega. Revisáronse tamén outros aspectos que nos ofrece a documentación, como é o lugar onde se atopaban cando tiñan que presentarse e a actividade á que manifestaban dedicarse naquel intre da súa vida.

Abstract. This work is focused on quantifying the average height of young people in A Estrada between 1920 and 1990 when they were called up, at which time some anthropometric values such as height, weight and chest girth were recorded and it was found that height was below Galician and national average. Other aspects related to these data were also reviewed, such as the place where they were when they had to be presented and what they were doing in their lives in that moment.

Introdución

Cando queremos coñecer algúns aspectos da nosa evolución histórica, da nosa cultura, da nosa identidade, sinxelos a primeira vista, comprobamos que apenas dispoñemos de fontes documentais suficientes para poder dar resposta a moitos interrogantes e esbozar un panorama aproximado daquela realidade. De modo que, a miúdo, temos que valernos de fontes indirectas para extraer información. Así sucedeu con esta aproximación á estatura dos varóns estradenses do século XX, que inclúe os seus movementos migratorios e actividades máis cotiás. A información procede, basicamente, da documentación dos expedientes de Quintas, onde se rexistraban, con máis o menos precisión, certos datos antropométricos e económico sociais dos xoves que eran chamado a filas. Pero, incluso dentro desta documentación, que vai dende 1920 a 1990 non existe uniformidade pois, mentres nos primeiros anos a información era escasa, nos últimos, inclúense unha gran cantidade de datos adicionais que se poden aproveitar para outros mesteres. Constátanse



tamén lagoas informativas e precariedade nos datos en anos concretos como poden ser 1937-1940; doutros periodos simplemente non se conservan.

O obxectivo desta monografía fundamental é achegarnos á evolución da estrutura do homes do concello da Estrada nun periodo de 70 anos tendo en conta que os medidos en 1920 naceron en 1899 e os de 1990 naceron en 1970.

Temos pois, como punto de partida, unha información referida unicamente ós mozos chamados a filas (entre 19-21 anos segundo a época) e non todos porque os “prófugos” foron unha constante, sobre todo nos primeiros anos, nos que os controis eran moito mais difíciles. A este factor cómpre engadir a emigración, as contendas que acaeceron neste período e a falta de datos completos nalgún

ALISTAMIENTO DEL AÑO 1.973 **FILIACION BASICA DE ALISTAMIENTO** Formulario núm. 13 (Artículo 172)

1. Organismo que alista: Ayuntamiento de LA ESTRADA	36017	23. Datos culturales	Analfabeto <input type="radio"/> 1 Solo lee y escribe <input checked="" type="radio"/> 2 Tiene o realiza Enseñanza Primaria <input type="radio"/> 3 Certificado de Estudios Primaria <input type="radio"/> 4 Tiene o realiza Enseñanza Media <input type="radio"/> 5 Tiene o realiza Enseñanza Superior <input type="radio"/> 6
2. Provincia de Pontevedra		24. Profesión u oficio habitual	computador
3. Caja Recluta, Centro Reclutamiento y Mov. núm.	0821	25. Categoría superior del permiso de conducir	20
4. Número de alistamiento	005	26. Certificado de tractorista	<input type="radio"/> 1
5. Documento Nacional de Identidad	32.422.263	27. Datos físicos	Talla (cm.) 162 Peso (Kg.) 60 Perímetro torácico 93 Inspiración (cm.) 10 Expiración (cm.) 10
6. Primer apellido		28. Grupo sanguíneo	
7. Segundo apellido		29. Factor Rh.	
8. Nombre	Gonzalo	30. Está encuadrado en las Fuerzas Armadas	<input type="radio"/> 1
9. Localidad de nacimiento:	Navedra	En el Ejército de	
10. Ayuntamiento de nacimiento	LA ESTRADA	Unidad	
11. Provincia de nacimiento	PONTEVEDRA	31. Ha cumplido el servicio	Totalmente <input type="radio"/> 1 Parcialmente <input type="radio"/> 2
12. País de nacimiento	ESPAÑA	En el Ejército de	
13. Fecha de nacimiento	20 06 53	Unidad	
14. Nombre del padre		32. Otros datos	
15. Nombre de la madre		33. Alego	
16. Localidad de residencia:	Navedra	34. Solicitó prórroga de 1.ª clase	<input type="radio"/> 1
17. Ayuntamiento de residencia	LA ESTRADA	35. Fue clasificado como	APTO PARA EL CONTINGENTE
18. Provincia de residencia	PONTEVEDRA	La Estrada, 11 de mayo de 1973	
19. País de residencia	España	El Secretario,	
20. Religión C. A. R.		Amorinde Estanica	
21. Estado civil	Soltero <input checked="" type="radio"/> 1 Casado <input type="radio"/> 2 Viudo <input type="radio"/> 3		
22. Número de hijos			

ano, de modo que as conclusión que de aquí se extraian deben ser só indicadores dunha tendencia.

Así, contando con datos oscilantes dun ano a outro, cun sector de poboación que só inclúe mozos nunha idade determinada e coas ausencias, intentarei ofrecer pistas de como evolucionou a estatura dos estradenses, os lugares de emigración máis frecuentes e as actividades nas que dicían estar ocupados cando se lles preguntaba, dato que tamén debemos tomar con certa reserva, pois a modo de anécdota, podemos dicir que moitos se declaraban músicos coa esperanza dun bo e folgado destino no momento de incorporarse a filas; sen embargo, para constatar como o século XX mudou costumes, modos de vida, e modos de relacionarse co entorno, son suficientes.

A estatura do mozos estradenses entre 1920-1990

A estatura dos españois aumentou uns dez centímetros durante o século XX (Spijker, J., Pérez Díaz, J., Cámara Hueso, A.D., *Cambios generacionales de la estatura en la España del siglo XX a partir de la Encuesta Nacional de Salud*, en "Revista Estadística Española" n.º

169, 2008), de modo que un nacido en 1910 chegaría á idade de quintas con 166 centímetros, mentras que outro que naceu en 1982 faríao con 177.

Nun estudo realizado por Luis Martínez Belmonte (*La talla media de los españoles crece cada año*, INE, 1983), sobre a talla dos mozos alistados, preséntanse os seguintes datos para o conxunto nacional, que comparamos cos estradenses:

Talla media nacional	Talla media na Estrada	Diferencia
1955 – 165,7	165.4	-0.3
1965 – 167,6	165.7	-1.9
1975 – 169,8	168.8	-1.0
1980 – 171,3	169.0	-2.3

Neste mesmo estudio faise unha comparativa por rexións, que contrastamos tamén coa estradense:


Talla en Galicia	Talla na Estrada	Diferencia
1965 – 167,1	165.7	- 1.4
1970 - 167.1	168,3	1.2
1975 – 168.6	168.8	0.2
1980 – 170,2	169.0	-1.2

Tendo en conta que Galicia se atopaba no posto 11 de España, só por diante de Extremadura e Andalucía, e que estamos un pouco por debaixo tamén da media na nosa Comunidade, debemos concluir que a tendencia indica que a estatura dos estradenses encóntrase, naquel periodo, un pouco por debaixo da media, se ben isto podería presentar matices que nos volverían á fonte e que sería preciso completar con outros datos para confirmar estes resultados

Con esta referencias vemos graficamente como evoluciona a estatura dos estradenses entre 1920 e 1990 (Gráfica 1).

Cos datos de todos os anos xa se nos debuxa o panorama existente, sendo a nota mais destacable que os estradenses, entre 1920 e 1990, incrementaron a súa estatura unha media de 8 centímetros, e

GRÁFICA 1: Estatura media



isto colócanos por debaixo da media nacional, e incluso por debaixo da media galega, como referiamos anteriormente.

No cadro da páxina seguinte partimos da estatura media quinquenal desde 1920 a 1990. O primeiro que chama a atención é que entre 1920 e 1955 a talla só aumentou 1 centímetro; sen embargo entre 1955 e 1990 aumenta 6,3. Á vista disto podemos afirmar que mentres nun periodo de 35 anos apenas se experimentan cambios, nos seguintes 35 anos a estatura incrementábase en 6,3 centímetros.


No gráfico 2 percíbese como a talla media vai avanzando hacia estaturas máis altas; vexamos, a modo de exemplo, como en 1920 os homes comprendidos entre 170 e 174 cm. de altura supoñían o 15,5% do total, mentras que nos anos 90 acadaban o 28,3%. Algo parecido sucede co seguinte tramo de estatura, 175 e 179 cm., que en 1920 só representaban un 5,1% do total de homes medidos, mentres que no 1990 xa acadan o 23,6%. Pero, sen dúbida, o incremento máis chamativo sitúase naqueles que superan os 180 cm., que en 1920 apenas sobrepasaban o 1% e no 90 sitúanse arredor do 17%.

Resumindo: dúas etapas ben diferenciadas que teñen o seu punto de inflexión nos anos 50; ata ese momento o incremento das tallas é moi pequeno, pero desde alí vai aumentando ano a ano ata acadar esa estatura media de 172,7 cm. en 1990.

ESTATURA MEDIA QUINQUENAL DENDE 1920 A 1990

ANOS	TALLA MEDIA	ANUAL	ACUMULATIVO	MENOS 150	150-154	155-159	160-164	165-169	170-174	175-179	+180
1920	164,4	-	-	2,2	4,6	12	35,4	24	15,5	5,1	1,1
1925	162,2	-2,2	-2,2	4,4	8,1	23,1	32,5	18,7	11,3	1,3	0,6
1930	162,7	-0,5	-1,7	1,8	6,6	22,3	34,1	27,3	7,3	0	0,6
1935	163,8	1,1	-0,6	2,4	7,2	15,3	30,1	28,7	12	9,3	1
1940	162,6	-1,2	-1,8	9,1	15,4	10,8	23,1	35,4	9,2	3	0
1945	162,8	0,2	-1,6	1	6,1	20,4	40,8	20,9	7,7	2,5	0,5
1950	163,7	0,9	-0,7	1,6	6,3	13,8	36,5	26,5	10,6	4,2	0,5
1955	165,4	1,7	1	0	1,5	15,2	29	35	13,8	5	0,5
1961	166	0,6	1,6	0,7	5	10,1	29,5	27,3	16,5	8	2,9
1965	165,7	-0,3	1,3	1,6	2,1	11	35	20	23	5,7	1,6
1970	168,3	2,6	3,9	1,6	1,6	2,7	21,1	30,8	29,2	9,2	3,8
1975	168,8	0,5	4,4	0	0,5	4,6	14,9	34,9	31,1	11,2	2,8
1980	169	0,2	4,6	1	0,5	2,6	17,1	34,2	26,1	13,6	5
1985	170	1	5,6	0,6	0	3,5	11,7	25,1	28,7	21,6	8,8
1990	172,7	2,7	7,3	0	0,9	0	7,9	22	28,3	23,6	17,3

GRÁFICA 2: Cambios de talla media entre 1920-1990



Non é obxecto deste traballo buscar as causas deste comportamento, para o que se precisaría introducir e analizar outros parámetros, senón deixar constancia dun feito sobre o que se profundizará no futuro. Non se debe esquecer que a fonte de onde proceden os nosos datos variou na súa forma de recollida ao longo do tempo e que nela non figuran todos os mozos das quintas, pois sobre todo nos primeiros anos, unha porcentaxe moi elevada considéranse “prófugos”; outros están na emigración e, aínda que constan noticias deles, raras veces contamos coas súas medidas. Isto limita a nosa fonte aos datos daqueles mozos que se encontran presentes no municipio estradense no momento do chamamento, incluíndo aqueles outros datos que son enviados polo correspondente concello no que residía, no caso de estar fóra da Estrada.

Cómpre sen embargo constatar que nos últimos anos a recollida de información é moito máis rigorosa e exhaustiva, chegando incluso, a través das legacións consulares españolas no extranxeiro, datos de varóns en idade militar que traballaban nalgúns países europeos, sobre todo Francia.


Aproveitando a información que nos aporta esta fonte imos tamén a presentar un esbozo doutras cuestións vinculadas coa época sobre a que estamos a traballar e as decisións vitais dos mozos que estaban a iniciar a súa actividade profesional.

O lugar de residencia dos mozos no momento de seren chamados a filas

I. Entre 1920 e a Guerra Civil-Segunda Guerra Mundial. De todos os ausentes unha porcentaxe elevada atópase en ultramar, sobre todo Cuba, Arxentina e Urugay, aínda que documentamos tamén algúns noutros países como Brasil, Costa Rica, Puerto Rico, Estados Unidos... Entre 1920 e 1923 só refiren que están en América uns 20 mozos pero, sen dúbida, a cifra é moito máis elevada pola cantidade de familiares que se presentan no negociado de quintas alegando que se encontran á espera do Certificado Consular do mozo reclamado.

